DEPUTACIÓN DE LUGO

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DE VINTE E DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES**

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. Mª del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
Dª. Mayra García Bermúdez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Daniel García Fernández

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e dous de decembro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores deputados D. Miguel Fernández Méndez e D. Iván Castro Díaz.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 1/243 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA QUINCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de decembro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL, ROUPA DE TRABALLO E UNIFORMIDADE DESTINADOS AO PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 15 de decembro de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes*.

1.- Memoria xustificativa, elaborada polo Servizo de Prevención, con CSV IV7O5WKKDM72LDWT5X4D6VPCC4[1].
2.- Prego de prescricións técnicas elaborado polo Servizo de Prevención, con CSV IV7OXSATZZWIL2NJUQ7GORCP6A.
3.- Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV IV7O5WPSJQVYTNFC5VANH5YH6E.
4.- Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7O6SC7LUOI2S4LWBAX6IYDK4.
5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7O6SC5BZZPQSMMCJ6TJ5KFGM.
6.- Informe de fiscalización limitada previa del expediente, con CSV: IV7O6SJOBNF3ZTM6QT7AOU7UOI.
7.- Proposta de Presidencia, con CSV IV7O6S3SDY44TPP6S5NWO47G4Y.

---

[1] Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

8.- Acordo da Xunta de Goberno de data 26 de maio de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7O67LINREZ6WOO4PVHO5RWEY.

9.- Prego de prescricións técnicas (rectificado) asinado o 14 de xuño de 2023 polo Servizo de Prevención, con CSV IV7OYO2MLNXIROGPSEHRIIQPKA.

10.- Acordo da Xunta de goberno de data 16 de xuño de 2023, de corrección de erros do PPT, con CSV IV7O2XP6NV6STDUL6LYVKJQSCQ.
11.- Anuncio de licitación publicado na Plataforma do Sector Público o 21 de xuño de 2023.

12.- Acta da Mesa de Contratación do día 28 de xullo de 2023, con CSV IV7PUMLJ3NX64RBO276HDZX76M, que acordou o seguinte:
(…) "Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, son os seguintes:

| LICITADORES | LOTES |
|---|---|
| BULL FORCE, S.L. | 1,2,3 |
| CONSTRUDECO NORTE SL | 1,2,3 |
| RAFITEXTIL DTT 3.8, S.L.U. | 1,2 |
| SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 1,2,3 |
| YAÑEZ QUIROGA SERGIO | 1,2 |

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a Mesa de Contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos resultados que se transcriben a continuación.

Lote 1: Equipos de protección individual (EPI).

| LICITADORES | % baixa | Días entrega | Anos garantía |
|---|---|---|---|
| BULL FORCE S.L. | 21,00% | 10 | 2 |
| CONSTRUDECO NORTE SL | 28,00% | 5 | 3 |
| RAFITEXTIL DTT 3.8 SLU | 35,00% | 15 | 3 |
| SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 26,10% | 3 | 3 |
| YAÑEZ QUIROGA SERGIO | 32,93% | 10 | 3 |

Lote 2: Roupa de traballo.

| LICITADORES | % baixa | Días entrega | Anos garantía |
|---|---|---|---|
| BULL FORCE S.L. | 31,00% | 10 | 2 |
| CONSTRUDECO NORTE SL | 28,00% | 5 | 3 |
| RAFITEXTIL DTT 3.8 SLU | 25,00% | 15 | 3 |
| SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 25,10% | 3 | 3 |
| YAÑEZ QUIROGA SERGIO | 12,16% | 10 | 3 |

Lote 3: Uniformidade.

| LICITADORES | % baixa | Días entrega | Anos garantía |
|---|---|---|---|
| BULL FORCE S.L. | 41,00% | 17 | 2 |
| CONSTRUDECO NORTE SL | 28,00% | 5 | 3 |
| SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 20,10% | 5 | 3 |

A Mesa de contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

Lote 1: Equipos de protección individual (EPI).

| LICITADORES | % baixa | Días entrega | Anos garantía | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| BULL FORCE S.L. | 42,00 | 3,00 | 10,00 | 55,00 |
| CONSTRUDECO NORTE SL | 56,00 | 6,00 | 20,00 | 82,00 |
| RAFITEXTIL DTT 3.8 SLU | 70,00 | 2,00 | 20,00 | 92,00 |
| SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 52,20 | 10,00 | 20,00 | 82,20 |
| YAÑEZ QUIROGA SERGIO | 65,86 | 3,00 | 20,00 | 88,86 |

Lote 2: Roupa de traballo.

| LICITADORES | % baixa | Días entrega | Anos garantía | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| BULL FORCE S.L. | 70,00 | 3,00 | 10,00 | 83,00 |
| CONSTRUDECO NORTE SL | 63,23 | 6,00 | 20,00 | 89,23 |
| RAFITEXTIL DTT 3.8 SLU | 56,45 | 2,00 | 20,00 | 78,45 |
| SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 56,68 | 10,00 | 20,00 | 86,68 |
| YAÑEZ QUIROGA SERGIO | 27,46 | 3,00 | 20,00 | 50,46 |

Lote 3: Uniformidade.

| LICITADORES | % baixa | Días entrega | Anos garantía | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| BULL FORCE S.L. | 70,00 | 2,94 | 10,00 | 82,94 |
| CONSTRUDECO NORTE SL | 47,8 | 10,00 | 20,00 | 77,80 |
| SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 34,32 | 10,00 | 20,00 | 64,32 |

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

Lote 1: Equipos de protección individual (EPI).

| OFERTAS PRESENTADAS | Importe Oferta | Importe de la Baja | Porcentaje de Baja sobre precio base licitación | Primer Filtro | ¿Baja Temeraria? |
|---|---|---|---|---|---|
| BULL FORCE S.L. | 127.207,35 | 33.814,61 | 21,0000% | No se incluye | No es Baja Temeraria |
| CONSTRUDECO NORTE SL | 115.935,81 | 45.086,15 | 28,0000% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| RAFITEXTIL DTT 3.8 SLU | 104.664,27 | 56.357,69 | 35,0000% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 118.995,23 | 42.026,73 | 26,1000% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| YAÑEZ QUIROGA SERGIO | 107.997,43 | 53.024,53 | 32,9300% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| Medias calculadas | 114.960,02 | 46.061,94 | 30,51% | 111.898,19 | Media Ofertas incluidas |
| Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consIderación (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuales) | | | 37,46% | 100.708,37 | |

Lote 2: Roupa de traballo.

| OFERTAS PRESENTADAS | Importe Oferta | Importe de la Baja | Porcentaje de Baja sobre precio base licitación | Primer Filtro | ¿Baja Temeraria? |
|---|---|---|---|---|---|
| BULL FORCE S.L. | 34.312,94 | 15.405,96 | 30,9861% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| CONSTRUDECO NORTE SL | 35.804,81 | 13.914,09 | 27,9855% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| RAFITEXTIL DTT 3.8 SLU | 37.296,68 | 12.422,22 | 24,9849% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 37.246,95 | 12.471,95 | 25,0849% | Se incluye | No es Baja Temeraria |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| YAÑEZ QUIROGA SERGIO | 43.681,87 | 6.037,03 | 12,1423% | No se incluye | No es Baja Temeraria |
| Medias calculadas | 37.668,65 | 12.050,25 | 27,26% | 36.165,35 | Media Ofertas incluidas |
| Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consIderación (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuales) | | | 34,53% | 32.548,81 | |

Lote 3: Uniformidade.

| OFERTAS PRESENTADAS | Importe Oferta | Importe de la Baja | Porcentaje de Baja sobre precio base licitación | Primer Filtro (>10 unds. a la media) | Segundo Filtro de Baja Temeraria (< 10 uds a la media de las ofertas) | Tercer Filtro de Baja Temeraria (Baja superior a 25 uds.) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BULL FORCE S.L. | 35.480,83 | 24.656,17 | 41,00% | Se incluye | No es Baja Temeraria | Es Baja Desproporcionada |
| CONSTRUDECO NORTE S.L. | 43.298,64 | 16.838,36 | 28,00% | Se incluye | No es Baja Temeraria | Es Baja Desproporcionada |
| SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 48.049,46 | 12.087,54 | 20,10% | No se incluye | No es Baja Temeraria | No es Baja Desproporcionada |
| Media de las Ofertas Presentadas incluidas | 42.276,31 | 17.860,69 | 29,70% | 39.389,74 | | |
| Media Aritmética menos 10 unidades porcentuales | | | 41,05% | 35.450,76 | | |

En canto o lote 3 uniformidade, á vista dos resultados, a Mesa de contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia ás empresas Bull Force S.L. e Construdeco Norte S.L., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado", ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

En canto o lote 1 equipos de protección individual e lote 2 roupa de traballo, unha vez realizada a comprobación de que ningunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a Mesa de contratación, acorda elevar ao Órgano de contratación a seguinte proposta:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 6/243 |

1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

| Nº ORDE | LOTE 1-LICITADORES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | RAFITEXTIL DTT 3.8 SLU | 92,00 |
| 2 | YAÑEZ QUIROGA SERGIO | 88,86 |
| 3 | SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 82,20 |
| 4 | CONSTRUDECO NORTE SL | 82,00 |
| 5 | BULL FORCE S.L. | 55,00 |

| Nº ORDE | LOTE 2-LICITADORES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | CONSTRUDECO NORTE SL | 89,23 |
| 2 | SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 86,68 |
| 3 | BULL FORCE S.L. | 83,00 |
| 4 | RAFITEXTIL DTT 3.8 SLU | 78,45 |
| 5 | YAÑEZ QUIROGA SERGIO | 50,46 |

2º.- Requirir ás empresas Rafitextil DTT 3.8 SLU. (Lote 1 equipos de protección individual) e Construdeco Norte SL (Lote 2 roupa de traballo) para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acrediten a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| EMPRESA-LOTE | IMPORTE DE ADXUDICACIÓN, SEN IVE | IMPORTE DA GARANTÍA DEFINTIVA 5% |
|---|---|---|
| RAFITEXTIL DTT 3.8 SLU. (Lote 1 equipos de protección individual) | 133.076,00 € | 6.653,80 € |
| CONSTRUDECO NORTE SL (Lote 2 roupa de traballo) | 41.090,00 € | 2.054,50 € |

13.- Resolución de Presidencia de 9 de agosto de 2023, de clasificación e requirimento de documentación, con CSV IV7PWH22DQMCT2RMZQ4S6TSGCU e documentación presentada, a través da plataforma de contratación do sector público, pola empresa Rafitextil DTT 3.8, S.L.U (lote 1) o día 14 de setembro de 2023 e pola empresa Construdeco Norte SL (lote 2) o día 6 de setembro de 2023.

14.- Trámite de audiencia para xustificación de ofertas anormalmente baixas do lote 3, de data 3 de agosto de 2023, con CSV IV7PWTL5PANN7JPCUVMXKJCPCE e xustificacións presentadas polas empresas Bull Force S.L. e Construdeco Norte SL.

15.- Acta da Mesa de contratación, reunida o 14 de setembro de 2023, con CSV IV7P4P3PZAPKRBG4SIGCAASUMY, acordando o seguinte:
Dáse conta aos membros da mesa de contratación que as empresas Rafitextil DTT 3.8, S.L.U. (Lote 1) e Construdeco Norte S.L. (Lote 2), unha vez requirida a documentación do artigo 150.2 LCSP e relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, presentárona a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.
Unha vez facilitada de xeito electrónico a documentación aos membros da mesa de contratación, detéctase o seguinte:
Rafitextil DTT 3.8, S.L.U. (Lote 1):
Respecto da solvencia técnica, presenta unha relación de subministracións realizadas,certificacións de subministración de estores, cortinas, lencería e unha proposta de liquidación, sen embargo, non presenta a documentación acreditativa esixida na cláusula 17.1.4.2 do PCAP.
O resto de documentación é correcta, incorporándose ao expediente certificación positiva do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo,carta de pago da garantía emitida pola Tesourería Provincial e información da web do Rexistro Mercantil sobre depósito de contas de 2020.
A empresa presentou fichas dixitais a través da Plataforma de Contratos, así coma mostras físicas ao Servizo de Prevención.
Construdeco Norte S.L. (Lote 2):
Non consta certificación positiva ou de estar ao corrente expedida polo Servizo de Recadación da Deputación de Lugo.
Respecto da solvencia técnica, presenta un acta de mesa de contratación, sen embargo, non presenta a documentación acreditativa esixida na cláusula 17.1.4.2 do PCAP.
Non presenta mostras físicas nin fichas dixitais.
O resto de documentación é correcta, incorporándose ao expediente certificado do Rolece no que consta como obxecto social venda de roupa de traballo e protección laboral, así como o propoñente da oferta como administrador solidario; carta de pago da garantía emitida pola Tesourería Provincial e información da web do Rexistro Mercantil sobre depósito de contas de 2022.
Segundo.- Xustificación de oferta anormalmente baixa (lote 3).
A mesa de contratación, reunida en data 28 de xullo de 2023, acordou conceder o trámite de audiencia ás empresas Bull Force S.L. e Construdeco Norte S.L., para que


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 8/243 |

no prazo de 5 días hábiles, xustifiquen e desglosen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precisen as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP. Deuse traslado ás empresas, que presentaron en prazo as respectivas xustificacións, emitindo o Servizo de Prevención os seguintes informes:
Informe con CSV IV7PQ3Q3GAFILHHJZUFTIRZPEM, que conclúe: "Polo exposto considerase que coa a información e documentación achegada para a xustificación dos custos do lote 3 queda satisfactoriamente acreditado e xustificado o baixo nivel dos custos propostos por Construdeco Norte S.L. sen rebaixar a calidade das prestacións solicitadas no PPT e polo tanto pódese cumprir o mesmo. Por tanto, a xuízo de quen subscribe e coas consideracións feitas neste documento a licitadora Construdeco Norte S.L. acredita documentalmente e xustifica razoadamente a oferta económica presentada".
Informe con CSV IV7PQ3QYJUMCKRBTSEHT4LYFMA que conclúe: "Polo exposto considerase que coa a información achegada para a xustificación dos custos do lote 3 non se pode informar nin favorable nin desfavorablemente a oferta da licitadora Bull Force, S.L. sen rebaixar a calidade das prestacións solicitadas no PPT e polo tanto que se poida cumprir ou non o mesmo. A licitadora Bull Force, S.L., debería xustificar documentalmente o sinalado no seu escrito de xustificación da oferta incursa en valores anormais ou desproporcionados". En consecuencia, solicitouse aclaración, que foi enviada en prazo pola empresa, emitindo informe o Servizo de prevención, con CSV IV7PSHKJPFUT574D6B64K4CWII: "Polo antedito e tendo en conta que na resolución nº 119/2021 do recurso nº 108/2021 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunicade Autónoma de Galicia se expón que para comprobar a viabilidade dunha oferta incursa en presunción de anormalidade chega con que a empresa achegue aqueles elementos que considera necesarios para xustificar a súa viabilidade, constátase que a nova información que achega a empresa basease maioritariamente en hipóteses e non parece suficiente para informar favorablemente".

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Primeiro.- Requirir a Rafitextil DTT 3.8, S.L.U. (Lote 1)para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:
Solvencia técnica ou profesional: Deberá acreditarse polo seguinte medio:
Unha relación dos principais servizos/subministracións de igual o similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados durante os tres últimos anos,


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 9/243 |

na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio do contrato: 93.153,20 €
Segundo o artigo 89 LCSP, para determinar que unha subministración é de igual ou similar natureza á que constitúe o obxecto, en defecto de previsión no prego, atenderase aos tres primeiros díxitos dos respectivos códigos do CPV, sendo este CPV 18100000.- Prendas de vestir, calzado, artigos de viaxe e accesorios.
O anterior acreditarase mediante certificados (de boa execución) ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.
Para o caso de acreditar a solvencia con medios externos, deberase seguir o preceptuado no artigo 75 LCSP:
1. Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidadeá que recorra non estea incursa nunha prohibición de contratar.
(...) 2. Cando unha empresa desexe recorrer ás capacidades doutras entidades, demostrará ao poder adxudicador que vai dispoñer dos recursos necesarios mediante a presentación a tal efecto do compromiso por escrito de ditas entidades.
Significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.
Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Segundo.- Requirir a Construdeco Norte S.L. (lote 2) para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 10/243 |

1.- Certificación positiva ou de estar ao corrente expedida polo Servizo de Recadación da Deputación de Lugo.
2.- Solvencia técnica ou profesional: Deberá acreditarse polo seguinte medio:
Unha relación dos principais servizos/subministracións de igual o similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.
O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio do contrato: 28.763,00 €
Segundo o artigo 89 LCSP, para determinar que unha subministración é de igual ou similar natureza á que constitúe o obxecto, en defecto de previsión no prego, atenderase aos tres primeiros díxitos dos respectivos códigos do CPV, sendo este CPV 18100000.- Prendas de vestir, calzado, artigos de viaxe e accesorios.
O anterior acreditarase mediante certificados (de boa execución) ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.
Para o caso de acreditar a solvencia con medios externos, deberase seguir o preceptuado no artigo 75 LCSP:
1. Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidadeá que recorra non estea incursa nunha prohibición de contratar.
(…) 2. Cando unha empresa desexe recorrer ás capacidades doutras entidades, demostrará ao poder adxudicador que vai dispoñer dos recursos necesarios mediante a presentación a tal efecto do compromiso por escrito de ditas entidades.
3.- A maiores da documentación esixida na cláusula 17 do PCAP, o proposto como adxudicatario deberá presentar, nesta fase do artigo 150 da LCSP, as mostras descritas na cláusula 7 do PPT. A entrega dos produtos realizarase conforme o establecido na cláusula 8 do PPT.
En concreto, deberán presentarse mostras físicas dos seguintes artigos do lote 2:artigos cos códigos 060, 061, 066, 069, 072, 073, 075, 078 y 092.
Ademais, deberán enviarse pola empresa especificacións e/ou fotos do resto de artigos do lote mediante catálogo dixital por Plataforma de contratos do sector

público, xunto co resto de documentación, ou ben no lugar de entrega das mostras físicas.
Lugar de entrega de mostras físicas:
Servizo de Prevención
Pazo Provincial , San Marcos, nº 8 (3ª Planta)
27001 Lugo
Significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.
Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Terceiro.- Solicitar informe ao Servizo de Prevención referido a que as características técnicas das mostras e fichas presentadas se axustan ao especificado no Anexo I do PPT, podendo requirir ás empresas licitadoras a presentación de mostras dos artigos ofertados necesarias para este fin.

Cuarto.- Elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo, en relación co lote 3 uniformidade:

1º.- Excluír a proposta presentada pola empresa BULL FORCE S.L. aceptando o informe realizado polo Servizo de Prevención con CSV IV7PSHKJPFUT574D6B64K4CWII.
Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en https://tacgal.xunta.gal/. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

2º.- Aceptar a xustificación presentada pola empresa CONSTRUDECO NORTE S.L. ,de conformidade co informe do Servizo de Prevención, con CSVIV7PQ3Q3GAFILHHJZUFTIRZPE.

3º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

| Nº DE ORDE | LICITADORES | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| 1 | CONSTRUDECO NORTE SL | 77,80 |
| 2 | SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A. | 64,32 |

3º.- Requirir á empresa Construdeco Norte SL para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| EMPRESA-LOTE | IMPORTE DE ADXUDICACIÓN, SEN IVE | IMPORTE DA GARANTÍA DEFINTIVA 10% (oferta incursa inicialmente en presunción de anormalidade) |
|---|---|---|
| CONSTRUDECO NORTE SL (lote 3 uniformidade) | 49.700,00 € | 4.970,00 € |

16.- Acta da Mesa de Contratación de 20 de outubro de 2023 que recolle o seguinte:
“Aos efectos de examinar a subsanación de documentación do artigo 150 da LCSP nos lotes 1 e 2, a documentación do artigo 150 da LCSP do lote 3, así como os informes do Servizo de Prevención sobre as mostras presentadas, infórmase que:
A licitadora Rafitextil DTT 3.8, S.L.U (lote 1) presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente: unha relación de subministracións realizadas, na que consta, entre outras, unha subministración e El Corte Inglés S.A. de batas de protección, nos anos 2020 e 2021, aportando facturas acreditativas por importe superior ao esixido. Os membros da Mesa consideran acreditada a solvencia por tratarse El Corte Inglés dun suxeito privado e presentar unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación, tal e como prevé a cláusula 17 do PCAP.
A licitadora Construdeco Norte S.L. (lote 2) presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente: certificado de estar ao corrente coa Deputación de Lugo, así como

unha relación de subministración de EPIS no ano 2022, acompañada de certificados, por importe total de 31.271,37 euros. Non se especifica se dito importe é sen IVE e, dado que o importe esixido no PCAP é de 28.763,00 euros, a Mesa acorda solicitar á empresa aclaración de si o importe declarado inclúe IVE, polo prazo de cinco días hábiles.

A licitadora Construdeco Norte S.L (lote 3) presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a garantía e a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente: relación de subministración de uniformes no ano 2022, acompañada de certificados, por importe superior ao esixido. Incorpórase a documentación presentada para o lote 2 e a carta de pago da garantía. Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

En canto as mostras presentadas, o Servizo de Prevención emitiu os seguintes informes, que obran no expediente a disposición dos membros da Mesa:

Informe favorable sobre as mostras achegadas por rafitextil DTT 3.8, S.L.U (lote 1), con CSV IV7P2DJYJL73XLPNRQ6TOAADEI.

Informe favorable sobre as mostras achegadas por Construdeco Norte S.L (lote 2), con CSV IV7P2G2NFARPZO4ZW3QCB336H4.

Informe sobre as mostras achegadas por Construdeco norte S.L (lote 3), con CSV IV7P2KKC3ROPZZJI6EXDIPXBGM, que recolle o seguinte:

A licitadora, tal e como se detalla no punto 7 do Prego de Prescricións Técnicas “deberá presentar aos responsables do contrato un mínimo de tres exemplares distintos por cada artigo que cumpran coas especificacións requiridas de entre os que o responsable do contrato indicará ao adxudicatario cal deles elixe como unidade a subministrar”

Construdeco Norte S.L. só enviou unha ficha técnica por artigo a subministrar, non enviou ningunha mostra física dos artigos ofertados, polo que foi requirida para a presentación de al menos unha mostra física para cada un dos artigos obxecto de licitación e as fichas técnicas de dous opcións a maiores para cada un dos artigos co fin de completar o mínimo de tres exemplares indicados no devandito punto 7 do PPT (sen renunciar á posibilidade de solicitar con posterioridade a entrega de todas ou algunha das mostras físicas restantes de considerarse necesario con fin de poder comprobar efectivamente as súas características técnicas e poder elixir unha delas).

A día de hoxe non recibimos ningún outro tipo de material ou documentación.

Conclusión.

Polo exposto considerase necesario solicitar máis mostras á licitadora Construdeco Norte S.L.

A Mesa de contratación acorda aceptar os informes relativos ás mostras presentados polo Servizo de Prevención.
A Mesa de contratación acorda solicitar á empresa Construdeco Norte S.L:
Aclaración, nun prazo de cinco días, de si os importes da documentación acreditativa da solvencia técnica para o lote 2, inclúen o IVE.
Subsanación da presentación de mostras, nun prazo de tres días, en concreto: deberá presentar aos responsables do contrato un mínimo de tres exemplares distintos por cada artigo que cumpran coas especificacións requiridas de entre os que o responsable do contrato indicará ao adxudicatario cal deles elixe como unidade a subministrar (cláusula 7 do PPT).
En canto o lote 1, equipos de protección individual (EPI), a Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:
1º.- Adxudicar á empresa Rafitextil DTT 3.8, S.L.U. a contratación da subministración de equipos de protección individual, roupa de traballo e uniformidade destinados ao persoal da Deputación de Lugo, expediente 2023/CON_02/000042, lote 1, equipos de protección individual (EPI), polo importe de 133.076,00 € ao que aplicará un IVE do 21%, 27.945,96 €, o que fai un total de 161.021,96 €, para un ano de contrato, con posibilidade de prórroga por outro ano, cunha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no prego de prescricións técnicas de 35%, un prazo ordinario de entrega dos artigos do lote de quince días naturais e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de tres anos.
2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

17.- Acta da Mesa de contratación de 8 de novembro de 2023, na que se acorda o seguinte:
“Aceptar a aclaración no lote 2 roupa de traballo, presentada en prazo por sede electrónica co nº 2023RT016023, por Construdeco Norte SL, manifestando que os importes da documentación acreditativa da solvencia técnica son importes sen IVE e, en consecuencia, ter por acreditada a solvencia técnica.
A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada e a acta da sesión anterior, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:
1º.- Adxudicar á empresa Rafitextil DTT 3.8, S.L.U. a contratación da subministración de equipos de protección individual, roupa de traballo e uniformidade destinados ao persoal da Deputación de Lugo, expediente 2023/CON_02/000042, LOTE 1, equipos de protección individual (EPI), polo importe de 133.076,00 € ao que aplicará un IVE


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 15/243 |

do 21%, 27.945,96 €, o que fai un total de 161.021,96 €, para un ano de contrato, con posibilidade de prórroga por outro ano, cunha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no prego de prescricións técnicas de 35%, un prazo ordinario de entrega dos artigos do lote de quince días naturais e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de tres anos.
2º.- Adxudicar á empresa Construdeco Norte SL a contratación da subministración de equipos de protección individual, roupa de traballo e uniformidade destinados ao persoal da Deputación de Lugo, expediente 2023/CON_02/000042, lote 2, roupa de traballo, polo importe de 41.090,00 €, ao que aplicará un IVE do 21%, 8.628,90 €, o que fai un total de 49.718,90 €, para un ano de contrato, con posibilidade de prórroga por outro ano, cunha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no prego de prescricións técnicas de 28%, un prazo ordinario de entrega dos artigos do lote de cinco días naturais e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de tres anos".

Reunida o día de hoxe, 15 de decembro de 2023, a Mesa de contratación, acorda o seguinte:

Aceptar o informe favorable, con CSV IV7WWPZDND6YUXU2CNAVGIKACQ, emitido pola xefa do Servizo de Prevención, sobre as mostras presentadas pola empresa Construdeco Norte SL para o lote 3 Uniformidade e, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construdeco Norte, SL. a contratación da subministración de equipos de protección individual, roupa de traballo e uniformidade destinados ao persoal da Deputación de Lugo, expediente 2023/CON_02/000042, LOTE 3, uniformidade, polo importe de 49.700,00 € ao que aplicará un IVE do 21%, 10.437,00 €, o que fai un total de 60.137,00 €, para un ano de contrato, con posibilidade de prórroga por outro ano, cunha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no prego de prescricións técnicas de 28%, un prazo ordinario de entrega dos artigos do lote de cinco días naturais e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de tres anos.

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos".

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Construdeco Norte, SL. a contratación da subministración de equipos de protección individual, roupa de traballo e uniformidade destinados ao persoal da Deputación de Lugo, expediente 2023/CON_02/000042, lote 3, uniformidade, polo importe de 49.700,00 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 10.437,00 €, o que fai un total de 60.137,00 €, cunha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no prego de prescricións técnicas de 28%, un prazo ordinario de entrega dos artigos do lote de cinco días naturais e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de tres anos.

**2º.-** A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.
O gasto financiarase con cargo á anualidade do 2024 e, está previsto, no proxecto de orzamento aprobado inicialmente polo pleno do 28 de novembro de 2023.

| UNIFORMIDADE 2024 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CENTRO | LOTE | APLICACIÓN | IMPORTE | D | MODIFICADO 10% | D |
| PARQUE MOBIL | 3 | 9201.22104 | 21.780,00 | 920239/554 | 2.178,03 | 920239/555 |
| REDE MUSEISTICA | 3 | 3330.22104 | 5.445,00 | 920239/556 | 544,50 | 920239/557 |
| PORTERIA | 3 | 9200.22104 | 32.912,00 | 920239/558 | 3.291,20 | 920239/559 |
| SUMA | | | 60.137,00 | | 6.013,73 | |
| TOTAL | | | | | 66.150,73 | |

**3º.-** A duración deste contrato é de un ano de contrato, con posibilidade de prórroga por outro ano. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

**4º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**5º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**6º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 17/243 |

transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS TERMAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ENVELLECEMENTO ACTIVO LUGOTERMAL 2023-2024.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 15 de decembro de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes.*

1.- Programa de envellecemento activo LugoTermal aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión realizada o 20.10.2023.
2.- Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7P3SD7PT63XH7CVRVXEA7QEI.
3.-Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7P3SD7ZJV5SVBNYJNXAIL7B4.
4.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7P3SD4ZJMJJXWI454UCQRONY.
5.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7P2OBDHYOIVHPMAZUTKAY6MA.
6.- Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7PE2S6FQR5IWXYQH7CORXPIY.
7.- Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7PE2S5LZ7DRSN5Y5UMKYPVOI.
8.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7PE6L33UO2IW64ZQFG6U3BII.
9.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7PE6QZMENJQWUDAYVAABDV4Y.
10.- Acordo da Xunta de Goberno de data 27 de outubro de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7PELJ2JUHSSSZNWZYW6Q3FD4.
11.- Convite cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 27 de outubro de 2023.

12.- Acta da Mesa de Contratación do día 8 de novembro de 2023, con CSV IV7PGC75BAPPX3P7YBFFFYACOI, na que se recolle o seguinte:

(…) "Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración de cumprimento de requisitos previos dos licitadores convidados a este procedemento e que presentaron oferta que, segundo os datos obrantes na Plataforma de contratación do sector público, son os seguintes:

| |
|---|
| LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. |
| LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L |
| LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L. |
| LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L |

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a Mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado:

O Anexo I presentado por Balneario y Termas de Lugo, S.L. para o lote 2 contén firma inválida por ter o certificado caducado. A mesa de contratación cualifica o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade requirir á empresa Balneario y Termas de Lugo, S.L para que, de conformidade co establecido no artigo 141 da LCSP, presente no prazo de tres días hábiles debidamente asinado con certificado en vigor o Anexo I (modelo de declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos). Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

O Anexo I presentado por Hotel Balneario Augas Santas, S.L para o lote 4 contén no punto 15 a seguinte declaración:
"Que a mercantil á que represento si se atopa nalgún dos supostos recollidos no artigo 42 do código de comercio, ao pertencer a grupo de empresas coas seguintes sociedades:

a) Madrid Airport Hotels, S.L.
b) Foodie Interactive, S.L.
c) Inversiones Cima de vila, S.L.
d) Lagoa Borges Holding, S.L.
Non obstante, en relación con esta licitación:…. Preséntanse a esta licitación, das empresas que forman grupo segundo o artigo 42 CC: Hotel Balneario Augas Santas, S.L (lote 1)".
A Mesa de contratación deduce que se trata de MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. (lote 1), tal e como se desprende dos datos da Plataforma de contratos e da declaración efectuada pola empresa no primeiro parágrafo do punto 15.

Así, os Anexos I presentados polas empresas para os lotes 1, 3 e 4 axústanse aos requisitos recollidos no PCAP. A Mesa de Contratación acorda admitir estas propostas ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre electrónico relativo aos criterios de adxudicación avaliables de forma automática-Fase 1, resultando o que se indica a continuación.

| LOTES | OFERTA ECONOMICA (IVE INCLUÍDO) | CRITERIO 1 Técnicas con estancia | CRITERIO 2 Técnicas sen estancia | CRITERIO 3 Prazas sen estancia | CRITERIO 4 Toallas/albornoz |
|---|---|---|---|---|---|
| LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. | 33.165,00 € (tipo de licitación) | 0 técnicas | 0 técnicas | 20 prazas sen estancia | Toallas |
| LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L. | 8.291,25 € (tipo de licitación) | Non oferta | Non oferta | Non oferta | Toallas |
| LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L | 44.220,00 € (tipo de licitación) | O técnicas | O técnicas | 20 prazas sen estancia | Toallas |

Procédese a dar conta das puntuacións totais en aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores nesta primeira fase do procedemento**,** co resultado seguinte:

| LOTES | OFERTA ECONOMICA (IVE INCLUÍDO) | CRITERIO 1 Técnicas con estancia | CRITERIO 2 Técnicas sen estancia | CRITERIO 3 Prazas sen estancia | CRITERIO 4 Toallas/albornoz | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. | 0 | 0 | 0 | 3 | 10 | 13 PUNTOS |
| LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L. | 0 | 0 | 0 | 0 | 10 | 10 PUNTOS |


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 20/243 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L | 0 | 0 | 0 | 3 | 10 | 13 PUNTOS |

Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. O convite cursarase por medios electrónicos, á dirección que o contratista habilite a efectos de notificación preferentemente a través da Plataforma de contratos do sector público.
Na rolda de negociación, o licitador deberá presentar, a través da Plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, a documentación obxecto de negociación".

13.- Acta da Mesa de contratación do día 14 de novembro de 2023, con CSV: IV7WUTB3HZ74JDBM4E6SMRKQKY, na que se recolle o seguinte**:**

(...) "En sesión anterior, a Mesa acordou por unanimidade requirir á empresa Balneario y Termas de Lugo, S.L (lote 2) para que, de conformidade co establecido no artigo 141 da LCSP, presentara no prazo de tres días hábiles, debidamente asinado con certificado en vigor o Anexo I (modelo de declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos). Dito requirimento foi enviado o 8 de novembro de 2023 polo que, en primeiro lugar procédese a comprobar a documentación presentada pola empresa, resultando que presenta o Anexo I debidamente asinado con certificado en vigor, así como un escrito no que se ratifica da oferta presentada no Anexo II.

A Mesa de contratación acorda ter por subsanada a sinatura e admitir á empresa Balneario y Termas de Lugo, S.L (lote 2), procedendo á apertura do sobre electrónico que conten os criterios avaliables automaticamente da primeira fase do procedemento negociado (Anexo II bis):

| LOTE | OFERTA ECONOMICA (IVE INCLUÍDO) | CRITERIO 1 Técnicas con estancia | CRITERIO 2 Técnicas sen estancia | CRITERIO 3 Prazas sen estancia | CRITERIO 4 Toallas/albornoz |
|---|---|---|---|---|---|
| LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. | 5.527,50 € (tipo de licitación) | 5 técnicas | 10 técnicas | Non cumprimenta | Albornoz |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 21/243 |

A puntuación nesta primeira fase do procedemento é a seguinte:

| LOTES | OFERTA ECONOMICA (IVE INCLUÍDO) | CRITERIO 1 Técnicas con estancia | CRITERIO 2 Técnicas sen estancia | CRITERIO 3 Prazas sen estancia | CRITERIO 4 Toallas/albornoz | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. | 0 | 4 | 8 | 0 | 10 | 22 PUNTOS |

Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a Fase de Negociación (Fase 2) para o lote 2, de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. O convite cursarase por medios electrónicos, á dirección que o contratista habilite a efectos de notificación preferentemente a través da Plataforma de contratos do sector público. Na rolda de negociación, o licitador deberá presentar, a través da Plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, a documentación obxecto de negociación.

De seguido, a Mesa de contratación procede á apertura dos sobres electrónicos que conteñen os criterios avaliables automaticamente desta segunda fase do procedemento negociado (Anexo II bis) para os lotes 1, 3 e 4:

| LOTES | CRITERIO Nº 1: DESCONTOS NAS TARIFAS OFICIAIS DO ESTABLECEMENTO TERMAL ÁS PERSOAS USUARIAS POR SERVIZOS OU PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS. | CRITERIO Nº2: % DE DESCONTO NAS ESTANCIAS E PRESTACIÓNS EN RELACIÓN COAS TARIFAS OFICIAIS DO ESTABLECEMENTO TERMAL |
|---|---|---|
| LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. GRAN BALNEARIO DE GUITIRIZ | 0 % | 0 % |
| LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE | 10 % | 10 % |
| LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS | 0 % | 0 % |

Procédese a dar conta das puntuacións totais en aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores nesta segunda fase do procedemento**,** co resultado seguinte:

| LOTES | CRITERIO Nº 1: DESCONTOS NAS TARIFAS OFICIAIS DO ESTABLECEMENTO TERMAL ÁS PERSOAS USUARIAS POR SERVIZOS OU PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS. | CRITERIO Nº 2 % DE DESCONTO NAS ESTANCIAS E PRESTACIÓNS EN RELACIÓN COAS TARIFAS OFICIAIS DO ESTABLECEMENTO TERMAL |
|---|---|---|
| LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES, | 0 puntos | 0 puntos |


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 22/243 |

| | | |
|---|---|---|
| S.L. GRAN BALNEARIO DE GUITIRIZ | | |
| LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE | 4 puntos | 4 puntos |
| LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS | 0 puntos | 0 puntos |

A puntuación total é de:

| LOTES | PUNTUACIÓN FASE 1 | PUNTUACIÓN FASE 2 | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. | 13 PUNTOS | 0 PUNTOS | 13 PUNTOS |
| LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE | 10 PUNTOS | 8 PUNTOS | 18 PUNTOS |
| LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS | 13 PUNTOS | 0 PUNTOS | 13 PUNTOS |

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

| ORDE | LOTES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. | 13 puntos |

| ORDE | LOTES | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| 1 | LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE | 18 puntos |

| ORDE | LOTES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS | 13 puntos |

2º.- Requirir ás empresas que se relacionan a continuación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e aconstitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| LOTES | PREZO DE ADXUDICACIÓN (IVE excluído) | IMPORTE DA GARANTÍA |
|---|---|---|
| LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. | 30.150,00 € | 1.507,50 € |
| LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE | 7.537,50 € | 376,88 € |
| LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS | 40.200,00 € | 2.010,00 € |

(…)"

14. Acta da mesa de 20 de novembro de 2023, con CSV IV7WUD3LBI7T3DWPU56BAVBGIY, na que se recolle o seguinte:

(…)"A Mesa de contratación procede á apertura do sobre electrónico que contén os criterios avaliables automaticamente da segunda fase do procedemento negociado (Anexo II bis) para o lote 2:

| LOTES | CRITERIO Nº 1: DESCONTOS NAS TARIFAS OFICIAIS DO ESTABLECEMENTO TERMAL ÁS PERSOAS USUARIAS POR SERVIZOS OU PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS. | CRITERIO Nº2: % DE DESCONTO NAS ESTANCIAS E PRESTACIÓNS EN RELACIÓN COAS TARIFAS OFICIAIS DO ESTABLECEMENTO TERMAL |
|---|---|---|
| LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. | 10 % | 20 % |

Procédese a dar conta das puntuacións totais en aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores nesta segunda fase do procedemento**,** co resultado seguinte:

| LOTES | CRITERIO Nº 1: DESCONTOS NAS TARIFAS OFICIAIS DO ESTABLECEMENTO TERMAL ÁS PERSOAS USUARIAS POR SERVIZOS OU PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS. | CRITERIO Nº 2 % DE DESCONTO NAS ESTANCIAS E PRESTACIÓNS EN RELACIÓN COAS TARIFAS OFICIAIS DO ESTABLECEMENTO TERMAL |
|---|---|---|
| LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. | 4 puntos | 8 puntos |

A puntuación total é de:

| LOTES | PUNTUACIÓN FASE 1 | PUNTUACIÓN FASE 2 | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. | 22 puntos | 12 puntos | 34 puntos |

Visto canto antecede, así como o acordado na sesión precedente, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.-Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

| ORDE | LOTES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. | 13 puntos |

| ORDE | LOTES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. | 34 puntos |

| ORDE | LOTES | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| 1 | LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE | 18 puntos |

| ORDE | LOTES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS | 13 puntos |

2º.- Requirir ás empresas que se relacionan a continuación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| LOTES | PREZO DE ADXUDICACIÓN (IVE excluído) | IMPORTE DA GARANTÍA |
|---|---|---|
| LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. | 30.150,00 € | 1.507,50 € |
| LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. | 5.025,00 € | 251,25 € |
| LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE | 7.537,50 € | 376,88 € |
| LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS | 40.200,00 € | 2.010,00 € |

(…)”


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 25/243 |

15. Resolución de Presidencia do día 21 de novembro de 2023, con CSV: IV7WUH2DHEGSXJFLCFMC55TVOU, de clasificación e requirimento de documentación do artigo 150.

16. Requirimentos de documentación, cursados a través da plataforma de contratación do sector público o día 23 de novembro de 2023.

17. Documentación presentada polas empresas a través da plataforma de contratación do sector público e da sede electrónica da Deputación.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 15 de decembro de 2023, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que as licitadoras presentaron a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Incorpóranse ao expediente, polo Servizo de Contratación, certificados da Recadación Provincial, cartas de pago das garantías depositadas, información sobre depósito de contas da web do Rexistro mercantil e depósito de contas de Balneario Río Pambre S.L. do expediente 2022/CON_02/000070.

Emitíronse informes, polo Servizo de Benestar social, sobre a solvencia técnica de Madrid Airport Hoteles, S.L e Hotel Balneario Augas Santas S.L. Estas mesmas empresas presentaron as súas respectivas contas depositadas, a través da sede electrónica da Deputación, por non telo feito a través da Plataforma de Contratos no seu momento.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Madrid Airport Hotels S.L. – Iberik Gran Balneario de Guitiriz a contratación do lote 1 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal 2023-2024, expediente 2023/CON_02/000070**,** polo importe de 30.150 euros, aos que haberá que engadir

3.015 euros en concepto de IVE (10 %), o que ascende a un total de 33.165 euros. A empresa comprométese a incrementar en 20 o número de prazas sobre as mínimas esixidas na modalidade de termalismo sen estancia e a facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia.

Adxudicar á empresa Balneario y Termas de Lugo S.L. a contratación do lote 2 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal 2023-2024, expediente 2023/CON_02/000070, polo importe de 5.025,00 euros, aos que haberá que engadir 502,50 euros en concepto de IVE (10%), o que ascende a un total de 5.527,50 euros. A empresa comprométese a incrementar en 5 o número de técnicas sobre as mínimas esixidas por participación no programa e persoa usuaria na modalidade de termalismo con estancia e en 10 o número de técnicas sobre as mínimas esixidas por participación no programa e persoa usuaria na modalidade de termalismo con estancia, así como compromiso de facilitar albornoz de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. A empresa oferta unha porcentaxe de desconto de 10% a aplicar nas tarifas oficiais ás persoas usuarias por servizos ou prestacións complementarias e unha porcentaxe de desconto de 20% nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.

Adxudicar á empresa Balneario do Río Pambre S.L. a contratación do lote 3 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal 2023-2024, expediente 2023/CON_02/000070, polo importe de 7.537,50 euros, aos que haberá que engadir 753,75 euros en concepto de IVE (10%), o que ascende a un total de 8.291,25 euros. A empresa comprométese a facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. A empresa oferta unha porcentaxe de desconto de 10% a aplicar nas tarifas oficiais ás persoas usuarias por servizos ou prestacións complementarias e unha porcentaxe de desconto de 10% nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.

Adxudicar á empresa Hotel Balneario Aguas Santas S.L., a contratación do lote 4 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal 2023-2024, expediente 2023/CON_02/000070, polo importe de 40.200 euros, aos que haberá que engadir 4.020 euros en concepto de IVE (10%), o que ascende a un total de 44.220 euros. A empresa comprométese a incrementar en 20 o número de técnicas sobre as mínimas esixidas na modalidade de termalismo sen estancia e a facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos”.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Madrid Airport Hotels S.L. – Iberik Gran Balneario de Guitiriz a contratación do lote 1 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal 2023-2024, expediente 2023/CON_02/000070**,** polo importe de 30.150 euros, aos que haberá que engadir 3.015 euros en concepto de IVE (10 %), o que ascende a un total de 33.165 euros. A empresa comprométese a incrementar en 20 o número de prazas sobre as mínimas esixidas na modalidade de termalismo sen estancia e a facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia.

**2º.-** Adxudicar á empresa Balneario y Termas de Lugo S.L. a contratación do lote 2 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal 2023-2024, expediente 2023/CON_02/000070, polo importe de 5.025,00 euros, aos que haberá que engadir 502,50 euros en concepto de IVE (10%), o que ascende a un total de 5.527,50 euros. A empresa comprométese a incrementar en 5 o número de técnicas sobre as mínimas esixidas por participación no programa e persoa usuaria na modalidade de termalismo con estancia e en 10 o número de técnicas sobre as mínimas esixidas por participación no programa e persoa usuaria na modalidade de termalismo con estancia, así como compromiso de facilitar albornoz de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. A empresa oferta unha porcentaxe de desconto de 10% a aplicar nas tarifas oficiais ás persoas usuarias por servizos ou prestacións complementarias e unha porcentaxe de desconto de 20% nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.

**3º.-** Adxudicar á empresa Balneario do Río Pambre S.L. a contratación do lote 3 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal 2023-2024, expediente 2023/CON_02/000070, polo importe de 7.537,50 euros, aos que haberá que engadir 753,75 euros en concepto de IVE (10%), o que ascende a un total de 8.291,25 euros. A empresa comprométese a facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. A empresa oferta unha porcentaxe de desconto de 10% a aplicar nas tarifas oficiais ás persoas usuarias por servizos ou prestacións complementarias e unha


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 28/243 |

porcentaxe de desconto de 10% nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.

**4º.-** Adxudicar á empresa Hotel Balneario Aguas Santas S.L., a contratación do lote 4 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal 2023-2024, expediente 2023/CON_02/000070, polo importe de 40.200 euros, aos que haberá que engadir 4.020 euros en concepto de IVE (10%), o que ascende a un total de 44.220 euros. A empresa comprométese a incrementar en 20 o número de técnicas sobre as mínimas esixidas na modalidade de termalismo sen estancia e a facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia.

**5º.-** A duración do contrato será desde o día seguinte a sinatura da acta de inicio ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato (data estimada 1 de xaneiro de 2024), ata o 30.06.2024, sen previsión de prórroga.

As prazas distribúense da seguinte maneira:

| LOTE | BALNEARIO | PRAZAS TERMAIS CON ESTANCIA | PRAZAS TERMAIS SEN ESTANCIA |
|---|---|---|---|
| 1 | MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. B-88236633 | 300 | 100 |
| 2 | BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. B-27295898 | 50 | 150 |
| 3 | BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L. B- 27249598 | 75 | 75 |
| 4 | HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L. B-27290717 | 400 | 150 |

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

O gasto financiarase con cargo á anualidade do 2024 e, está previsto, no proxecto de orzamento aprobado inicialmente polo pleno do 28 de novembro de 2023.

| LOTE/EMPRESA | ANUALIDADE | APLICACIÓN | IMPORTE | D |
|---|---|---|---|---|
| LOTE 1.- Madrid Airport Hoteses, S.L. CIF: B8823633 | 2024 | 2314.22799 | 33.165,00 | 920239/550 |
| LOTA 2.- Balneario y termas de Lugo, S.L. CIF: B27295898 | 2024 | 2314.22799 | 5.527,50 | 920239/551 |
| LOTE 3.- Balneario Rio Pambre, S.L. CIF: B27249598 | 2024 | 2314.22799 | 8.291,25 | 920239/552 |
| LOTE 4.- Hotel Balneario Aguas Santas S.L. CIF: B27290717 | 2024 | 2314.22799 | 44.220,00 | 920239/553 |
| TOTAL | | | 91.203,75 | |

**6º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**7º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

**8º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: ANTAS DE ULLA.- Acondicionamento do acceso ao parque central de Galicia, LU-P-0301 "Antas de Ulla (LU-P-1809) – límite provincia Pontevedra (Rodeiro), p.k. 0+390 a 3+657.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: ANTAS DE ULLA.- Acondicionamento do acceso ao parque central de Galicia, LU-P-0301 "Antas de Ulla (LU-P-1809) – límite provincia Pontevedra (Rodeiro), P.K. 0+390 a 3+657, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7WWMB6FNWK72E53UES44CQJY.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WWP7ZBMWPR3M2636Q64QEEY.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7WWP7ZZQF55OVJ6BXXEMBPMU.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7WRWDDNBEL7CP6BVOMHYLDGI.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 30/243 |

5. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WSTRIFJJP3FNKTVE4CEAQ4A.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WSXBKNVRZUXV64FGVKE3UKY.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7WSXBLDU7SVBPSAQ7BEYDEEE.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: ANTAS DE ULLA.- Acondicionamento do acceso ao parque central de Galicia, LU-P-0301 "antas de Ulla (LU-P-1809) – límite provincia Pontevedra (Rodeiro), P.K. 0+390 a 3+657, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-**Aprobar o gasto, por importe de 594.909,05 €, dos cales 103.248,68 € corresponden ao IVE (21%), conforme ás seguintes anualidades:

| ANUALIDADE | DEPUTACIÓN | | |
|---|---|---|---|
| | APLICACIÓN | IMPORTE | RC |
| 2023 | 4530.619 | 178.457,61€ | 22023/41623 |
| 2024 | | 416.451,44€ | 220239/953 |

Esta previsto no proxecto de orzamentos para o ano 2024, aprobado inicialmente polo Pleno en data 28/11/2023 o importe de 416.451,44€ na aplicación orzamentaria indicada."·

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: PARADELA.- Construción do aparcamento da área industrial de Paradela.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 19/12/2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes*.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7B63LILAE4XPVT4ZXAAM3DC4[2].
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: PARADELA.- Construción do aparcamento da área industrial de Paradela.- (2023/CON_02/000006), redactado pola Directora da Unidade de Proxectos.
3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7B6X22HPV25BPNDQH4IUCP6A.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7B6CS3DEV26VOLSN6RMT37O4.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7B6CSTNM5SR3Z3UUNCC4DO6I.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7B6L2TZBM3JCVNUEIBE43C6Q.
7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 25/08/2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7PRXJTJB6TZD4SAQOCED3QOQ
8. Publicación, o día 25/08/2023, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

---

[2]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 28/09/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7P7QLSFQVJLWBO4R6SAQY6IE, dando conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e admisión das mesmas á licitación da obra indicada.
Unha vez abertos os arquivos relativos a "oferta técnica" remitiuse a Unidade de Proxectos para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7PGSBOLQJYTS76CJXNABDTOE, reunida en acto público con data 03/11/2023, dando conta do informe da Unidade de Proxectos, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

| EMPRESA | PUNTOS |
|---|---|
| CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | 15,00 |
| EXCAVACIONES J CARREIRA SL | 16,00 |
| EXCAVACIÓNES SANTIÑOS SL | 15,00 |
| GRUPO BASCUAS 2008 SL | 13,30 |
| HORDESCÓN SL | 11,50 |
| OGALIA CONTRATAS SLU | 10,00 |

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

PARADELA.- CONSTRUCIÓN DO APARCAMENTO DA ÁREA INDUSTRIAL DE PARADELA

| | | |
|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 143.500,00 | |
| VALOR ESTIMADO | 118.595,04 | 24.904,96 |
| CLASIFICACION EXIGIDA: | | |
| PRAZO DE EXECUCION: | 2 | MESES |

MAX 2.371,90 €

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | DOC "A" | OBJETIVOS (75) | | | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) (60) | AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (10) | PROGRAMA DIVULGACIÓN (5) | Plantel / Discapacitados |
| 1 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | | 135.176,36 € | 2 | 0,00 | 49/1 |
| 2 | EXCAVACIONES J CARREIRA SL | | | 97.507,64 € | 2 | 2.371,90 | 5/0 |
| 3 | EXCAVACIÓNES SANTIÑOS SL | A | | 137.615,72 € | 2 | 2.371,90 | 7/0 |
| 4 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | | 139.195,00 € | 2 | 0,00 | 109/3 |
| 5 | HORDESCÓN SL | | | 141.677,55 € | 2 | 123,97 | 18/0 |
| 6 | OGALIA CONTRATAS SLU | | | 130.075,00 € | 2 | 500,00 | 6/0 |

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando

a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | OBXECTIVOS (75) | | | | | | XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (25) | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO (60) | | AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (10) | | PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5) | | MEMORIA TÉCNICA (25) | |
| | | | OFERTA (INCLUÍDO IVA) | | ANOS (MAX 2) | | MAXIMO 2% V.E. 2.371,90 € | | SEGUNDO INFORME TÉCNICO | |
| | | | | PTOS | ANOS (MAX 2) | PTOS | IMPORTE | PTOS | PTOS | |
| 1 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 135.176,36 € | 10,86 | 2,00 | 10,00 | 0,00 | 0,00 | 15,00 | 35,86 |
| 2 | EXCAVACIONES J CARREIRA SL | | 97.507,64 € | 60,00 | 2,00 | 10,00 | 2.371,90 | 5,00 | 16,00 | 91,00 |
| 3 | EXCAVACIÓNES SANTIÑOS SL | A | 137.615,72 € | 7,68 | 2,00 | 10,00 | 2.371,90 | 5,00 | 15,00 | 37,68 |
| 4 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 139.195,00 € | 5,62 | 2,00 | 10,00 | 0,00 | 0,00 | 13,30 | 28,92 |
| 5 | HORDESCÓN SL | | 141.677,55 € | 2,38 | 2,00 | 10,00 | 123,97 | 0,26 | 11,50 | 24,14 |
| 6 | OGALIA CONTRATAS SLU | | 130.075,00 € | 17,51 | 2,00 | 10,00 | 500,00 | 1,05 | 10,00 | 38,56 |

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 135.176,36 € |
| 2 | EXCAVACIONES J CARREIRA SL | | 97.507,64 € |
| 3 | EXCAVACIÓNES SANTIÑOS SL | A | 137.615,72 € |
| 4 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 139.195,00 € |
| 5 | HORDESCÓN SL | | 141.677,55 € |
| 6 | OGALIA CONTRATAS SLU | | 130.075,00 € |

| MEDIA | NOVA MEDIA |
|---|---|
| 128.726,31 | 125.488,50 |

| BAIXA DESPROPORCIONADA | NOVA BAIXA |
|---|---|
| 115.853,68 | 112.939,65 |

| 10% ARRIBA |
|---|
| 141.598,94 |

| Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mismo grupo: |
|---|
| EXCAVACIÓNES SANTIÑOS SL |

Tendo en conta que a oferta presentada pola empresa Excavaciones J Carreira SL incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, se tramitase a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado, para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

12. Polo Servizo de Contratación e Fomento, requiriuse á mercantil Excavaciones J Carreira SL, para que xustificase a súa oferta, incursa en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, non achegando xustificación algunha no prazo outorgado.

13. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7WVSI4PIJPVKRTZVVFEJPSMQ, reunida en acto público con data 24/11/2023, dando conta dos informes do Servizo de Contratación e da Unidade de Proxectos, con CSV: IV7PHTZ3PV4DQTG4C5USCJ7CB4 e IV7WUS2SFBZZLDNYWXQQCNLF6I respectivamente, en relación coa non xustificación da oferta incursa en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, logo do requirimento á empresa Excavaciones J Carreira SL, que ao non presentar xustificación da mesma enténdese non xustificada.

Tendo en conta o anteriormente indicado, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Excluír a proposta presentada pola mercantil Excavaciones J Carreira SL por estar incursa en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa e non presentar xustificación da mesma no prazo outorgado ao efecto.
Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto.

b) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

| | EMPRESAS / (GRUPO) | | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | OGALIA CONTRATAS SLU | | 38,56 |
| 2 | EXCAVACIÓNES SANTIÑOS SL | A | 37,68 |
| 3 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 35,86 |
| 4 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 28,92 |
| 5 | HORDESCÓN SL | | 24,14 |

c) Requirir á mercantil Ogalia Contratas SLU, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 5.375,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido

no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.
Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

14. Por resolución da Presidencia de data 29/11/2023, con CSV: IV7WW3RJN4GZ5RGKZVNAOZYBCU, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Ogalia Contratas SLU, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 30/11/2023, rematando o prazo de presentación o día 18/12/2023. A mercantil Ogalia Contratas SLU, presentou a documentación requirida o 13/12/2023 a través da sede electrónica da Deputación.
Reunida a Mesa o día de hoxe, 19/12/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Ogalia Contratas SLU presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.
Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada / da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Ogalia Contratas SLU con C.I.F. B-27503937 representada por D. Oscar Iglesias Lamas, con DNI ***4740**, a contratación da obra denominada PARADELA.- Construción do aparcamento da área industrial de Paradela.- (2023/CON_02/000006), nos termos seguintes:
a. Prezo de 130.075,00 €, dos cales 22.575,00€ corresponden ao IVE (21%).
b. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.
c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 500,00€ mais IVE.

d. Prazo de execución 2 meses.
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.
Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.
Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.
Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.
Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización "de conformidade", proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.**- Adxudicar á empresa Ogalia Contratas SLU con C.I.F. B-27503937 representada por D. Oscar Iglesias Lamas, con DNI ***4740**, a contratación da obra denominada PARADELA.- Construción do aparcamento da área industrial de Paradela.- (2023/CON_02/000006), nos termos seguintes:
a. Prezo de 130.075,00 €, dos cales 22.575,00€ corresponden ao IVE (21%).
b. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.
c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 500,00€ mais IVE.
d. Prazo de execución 2 meses.
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**2º.-** O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**3º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**4º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

**5º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**6º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE PROXECTOS DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023.**

*Proposta de aprobación, se procede, en relacion co escrito da Alcaldía do Concello de O Valadouro, solicitando modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 38/243 |

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O Valadouro no que solicita a modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/03/2023, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| O VALADOURO | 315 | ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO XIMNASIO MUNICIPAL | ---- € | 10.061,83€ | 10.061,83 € |

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.
5. A Alcaldía do Concello de O Valadouro a través de escrito con RE nº 2023RT018956 de data 15/12/2023 solicita:
a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, concretamente o investimento nº 315, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica ".... prezos actuais de mercado do material son moi superiores...." polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| O VALADOURO | 315 | ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO XIMNASIO MUNICIPAL | 954,49 € | 10.061,83€ | 11.016,32 € |

6. A base 14, indica que "se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados , o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no PUC, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 39/243 |

Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.
7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.
8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2023, é a Xunta de Goberno.
Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de O Valadouro que se sinala, quedando incluído no Plan Único 2023.
E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Valadouro, e en consecuencia, aprobar a modificación de proxectos do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2023 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| O VALADOURO | 315 | ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO XIMNASIO MUNICIPAL | 954,49 € | 10.061,83€ | 11.016,32 € |

**2º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras."

| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 40/243 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primeiro.-** *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Quiroga, ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"Visto o escrito remitido dende o Concello de Quiroga (EXP- 2023/PES_03/026142) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Quiroga para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na adquisición dun tractor e na incorporación do concello á plataforma Aldea-lista, por importe total de 123.993,00€ (que serán financiados pola Deputación) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

*Consideracións xurídico administrativas.*

*Lexislación de réxime local.*

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio inter-municipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos

administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios inte-resados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as adminis-tracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó orde-namento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 42/243 |

dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

*Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.*

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Admi-nistracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións inte-radministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas compe-tencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de coo-peración nos que participe e de convenios que subscriba".

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a defi-nición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Admi-nistracións Públicas, os

organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios inte-radministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do con-sentimento das partes. (...)".

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 44/243 |

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
Réxime de modificación do convenio.
Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei".

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

*Conclusións.*

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).
Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: "Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública..."e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Quiroga ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25 e 26 da LRBRL.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.
No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 46/243 |

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: "As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "*conveniendi causa*"), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 123.993,00 €, nas seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral.
120.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200.
3.993,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente".

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Quiroga para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento de "Varias actuacións" no Concello de Quiroga, por importe total de 123.993 ,00€ cuxo contido é o seguinte:

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de quiroga, ano 2023.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don José Luís Rivera Castro, Alcalde do Concello de Quiroga, con N.I.F P2705000D e sede social na rúa Real nº52 c.p 27320, Quiroga, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante dona Leticia Rodríguez Díaz, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, P.S A Xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan.*

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó orde-namento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a defini-ción de convenios, establecendo que:
"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públi-cos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas ad-ministracións públicas... (...)."

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 49/243 |

os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consen-timento das partes. (...)".

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interad-ministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, cola-boración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas compe-tencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de coo-peración nos que participe e de convenios que subscriba".

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
"1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as adminis-tracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a cola-boración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xu-llo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ade-mais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e coo-peración xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos ad-ministrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.”


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 51/243 |

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técni-ca aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral volunta-ria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 52/243 |

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Públi-co ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.
Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.
En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- Obxecto.
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Quiroga en exercicio das súas competencias, para a execución da actuacións que se detallan a continuación:

| Actuacións | CUSTE TOTAL (IVE engadido) |
|---|---|
| LIÑA 1. INVERSIÓN<br>Adquisición dun tractor para o arranxo e o acondicionamento de camiños rurais | 120.000,00 € |
| LIÑA 2. GASTOS CORRENTES<br>Implantar a aplicación ALDEALISTA | 3.993,00 € |
| CUSTE TOTAL | 123.993,00 € |

| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 53/243 |

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 123.993,00 € | 0,00€ |
| TOTAL: 123.993,00 € | |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten nece-sarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e con-cretamente o Concello de Quiroga.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
3.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial compromé-tese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (123.993,00€)
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o finan-ciamento comprometida pola Deputación, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanen-tes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
3.2. O Concello de Quiroga:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Quiroga, comprométese ao seguinte:
1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento do importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Procurar os permisos e autorizacións que sexan necesarios para a correcta execución do convenio.

4. O prazo inicialmente previsto de execución das actuacións comprendidas na Liña 1 abarca ata o 30 de setembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por cau-sas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
5. O prazo de execución das actuacións comprendidas na Liña 2 abarca ata o 31 de decembro de 2023.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
7. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.
A) Achegas:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 123.993,00€ (120.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 3.993,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 € do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.
2.- Achega do Concello:
O Concello de Quiroga aportará para a execución do convenio o financiamento do importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
B) Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será do concello de Quiroga
C) Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que o concello de Quiroga aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de novembro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación,


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 55/243 |

debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións das actividades realizadas.
Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:
1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Actas de recepción das actuacións incluídas na Liña 1.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo
Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de coope-ración, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto des-te convenio.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 56/243 |

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económi-cos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustifica-tiva na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extin-ción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).
A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Oitava.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das activida-des obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 57/243 |

control establecerase unha Comisión Mixta, de composi-ción paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organiza-ción. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da acti-vidade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.
A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 58/243 |

Décima.-Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regu-lamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o pre-sente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: " Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo conti-do non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa cele-bración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)”.
As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

**2º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 123.993,00€ para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo ao orzamento xeral do ano 2023, desglosado en:

120.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200.
3.993,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar no financiamento dos “Gastos correntes derivados da prestación de servizos públicos básicos” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 60/243 |

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"Visto o escrito remitido dende o Concello de Meira (EXP- 2023/PES_03/026157) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos "Gastos correntes derivados da prestación de servizos públicos básicos" no ano 2023, por importe total de 150.449,62 € (dos que 150.000,00 € que serán financiados pola Deputación e 449,62 € polo concello de Meira), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

*Consideracións xurídico administrativas.*

*Lexislación de réxime local.*

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de

calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 62/243 |

comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

*Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.*

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
Réxime de modificación do convenio.
Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei".

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

*Conclusións*.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 65/243 |

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: "Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública..."e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Meira ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25 e 26 da LRBRL.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.
No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 66/243 |

coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: "As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (…)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "*conveniendi causa*"), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 150.000,00 €, na aplicación orzamentaria 9420.46200 do orzamento xeral do ano 2023.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente".

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para cooperar no financiamento dos "Gastos correntes derivados da prestación de servizos públicos básicos" ano 2023, por importe total de 150.449,62 € cuxo contido é o seguinte:

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar no financiamento dos "Gastos correntes derivados da prestación de servizos públicos básicos" ano 2023.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Antonio de Dios Álvarez, Alcalde do Concello de Meira, con N.I.F P-2702900 H e sede na Praza do Concello, s/n, 27240, Meira, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante dona Leticia Rodríguez Díaz, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, P.S A Xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.
Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:
"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 68/243 |

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 70/243 |

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas,

rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 72/243 |

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira en exercicio das súas competencias, para a execución da actuacións que se detallan a continuación:

| Actuación<br>GASTOS CORRENTES DERIVADOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS | | |
|---|---|---|
| Protección civil | Subministro eléctrico local protección civil | 62,21 € |
| Subministro prevención de incendios | Gasóleo e abblue vehículo motobomba, adquisición de bombonas de propano | 888,50 € |
| Traballos realizados por empresas e profesionais | Honorarios redacción de proxecto | 2.722,50 € |
| Mantemento de sumidoiros | Reparacións, compra de material para reparacións, pago a empresas pola recollida dos residuos da depuradora, pago subministro eléctrico depuradora | 36.884,40 € |
| Subministro saneamento e augas | Reparacións en rede de abastecemento de auga, pago a empresas para localización de fugas e reparación das mesmas | 21.702,61 € |
| Reparación elementos de transporte | Reparación en talleres dos vehículos e maquinarias municipais | 19.994,50 € |
| Reparación e mantemento recollida de lixo | Reparación en talleres do vehículo de recollida de lixo, custes de gasóleo e abblue | 6.502,68 € |
| Subministro recollida de lixo e limpeza viarias | Pago a empresas autorizadas de xestión e tratamento dos residuos urbanos | 28.409,02 € |
| Subministro enerxía eléctrica alumeado publico | Subministro eléctrico do alumeado publico das rúas municipais e das distintas parroquias. | 11.277,19 € |
| Reparación e mantemento alumeado publico | Custos da empresa autorizada encargado do mantemento do alumeado público (resolución de avarías, substitución de luminarias, reparación e substitución de farolas etc...) | 3.505,99 € |
| Subministro parques e xardíns | Subministro eléctrico do parque municipal Profesor Rio Barxa | 5,64 € |
| Subministro educación | Subministro eléctrico da gardaría e do colexio municipais | 724,75 € |
| Subministro cultura | Subministro eléctrico, servizo de mantemento de fotocopiadora,materiais casa de cultura. | 1.657,50 € |
| Subministro biblioteca | Mantemento do servizo de fotocopiadora | 1,19 € |
| Administración xeral de deportes | Subministro eléctrico do pavillón municipal e do campo de fútbol, subministro de abonos para o mantemento de campo de fútbol e subministro de produtos químicos (cloro) para desinfección da piscina municipal. | 6.205,79 € |
| Reparación e mantemento de deportes | Subministro abonos e fertilizantes para céspede; pinturas para céspede para campo de fútbol. | 1.906,43 € |
| Subministro | Subministro eléctrico da casa consistorial, mantemento do servizo de fotocopiadoras, compra de material de oficina, gastos gasóleo calefacción, gastos de reparacións ordinarias, publicidade nos medios de comunicación. | 7.998,72 € |
| CUSTE TOTAL (IVE engadido) | | 150.449,62 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 73/243 |

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos correntes previstos poderán compensarse entre si os distintos importes.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 150.000,00 € | 449,62€ |
| TOTAL: 150.449,62 € | |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Meira.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
3.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (150.000,00€).
1. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, *banners* ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
3.2. O Concello de Meira:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Meira comprométese ao seguinte:
1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 449,62 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Procurar os permisos e autorizacións que sexan necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
4. O prazo de execución das actuacións abarca ata o 31 de decembro de 2023.
5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
6. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
7. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
9. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.
A) Achegas:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 150.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coas actuacións que figura na cláusula primeira.
2.-Achega do Concello:
O Concello de Meira aportará para a execución do convenio o financiamento de 449,62€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
B) Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será do concello de Meira.
C) Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que o concello de Meira aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de marzo de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.
Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:
Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
1. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
2. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo
Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 76/243 |

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).
A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Oitava.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 77/243 |

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
Velar polo cumprimento deste convenio.
a) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
b) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
c) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
d) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.
A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 78/243 |

Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 79/243 |

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 9 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data *ut supra*, do que como secretario dou fe.

**2º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por importe de 150.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 € do orzamento do ano 2023 para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Proposta de aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na "Intervención en fachadas de edificación dotacional "Escola vella" e honorarios técnicos de redacción de documentación técnica, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde" ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 80/243 |

"Visto o escrito remitido dende o Concello de Ribeira de Piquín (EXP-2023/PES_03/026398) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na "Intervención en fachadas de edificación dotacional "Escola vella" e honorarios técnicos de Redacción de Documentación Técnica, de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e saúde", por importe total de 82.996,96€ (dos que 80.000,00 € serán financiados pola Deputación e 2.996,96 € polo Concello) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

*Consideracións xurídico administrativas.*

*Lexislación de réxime local.*

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos

| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 81/243 |

aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 82/243 |

*Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.*

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán

subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
1. Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
2. A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
3. O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
4. Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
5. Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
6. Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
7. Réxime de modificación do convenio.
Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello

de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei".

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

*Conclusións.*

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).
Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder

público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: "Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública..."e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Ribeira de Piquín segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exercerá en todo caso competencias propias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.
No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades

coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: "As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (…)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "*conveniendi causa*"), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 80.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente a tramitación do expediente".

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na "Intervención en fachadas de edificación dotacional "Escola vella" e honorarios técnicos de Redacción de Documentación Técnica, de Dirección de Obra e de


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 87/243 |

Coordinación de Seguridade e saúde", por importe total de 82.996,96 € cuxo contido é o seguinte:

*Convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na "Intervención en fachadas de edificación dotacional "Escola vella" e honorarios técnicos de redacción de documentación técnica, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde" ano 2023.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en rúa San Marcos 8, 27001 Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Roberto Fernández Rico, alcalde do Concello de Ribeira de Piquín , con N.I.F P-2705300H e sede na rúa Chao de Pousadoiro, s/n 27242, Ribeira de Piquín, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante dona Leticia Rodríguez Díaz, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, P.S A Xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.
Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 88/243 |

"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 89/243 |

no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e

asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional

| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 91/243 |

Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.
En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- Obxecto.
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

| Actuacións | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| INTERVENCIÓN EN FACHADAS DE EDIFICACIÓN DOTACIONAL. ESCOLA VELLA | 78.761,96 € |
| honorarios técnicos de Redacción de Documentación Técnica, de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e saúde | 4.235,00 € |
| TOTAL | 82.996,96 € |

No caso de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos, poderán compensarse entre si os distintos importes.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 80.000,00 € | 2.996,96 € |
| TOTAL: 82.996,96 € | |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Ribeira de Piquín.

| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 93/243 |

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (80.000,00€)
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Ribeira de Piquín:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Ribeira de Piquín, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 2.996,96 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.
4. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
6. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
7. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

9. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.
A) Achegas:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 80.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.
2.- Achega do Concello:
O Concello de Ribeira de Piquín aportará para a execución do convenio o financiamento de 2.996,96 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
B) Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será do concello de Ribeira de Piquín
C) Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Ribeira de Piquín se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de outubro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións das actividades realizadas.
Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:
1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
a) Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
b) Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
3. Acta de recepción .


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 95/243 |

4. Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo
5.Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
6. Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
7. Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
8. Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.
9. Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 96/243 |

as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).
A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Oitava.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
4. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

5. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.
A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: " Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 99/243 |

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe."

**2º.-** A aprobación do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 80.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Cuarto.-** *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes na cooperación no financiamento dos gastos derivados da organización do Mercado medieval 2023.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

"En relación co escrito, presentado por dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, con DNI: 32773589S, en nome e representación do Concello de Lugo, con NIF: P2702800J, con data 11/10/2023 e RE, nº: 2023RT015547 (Expediente 2023/PES_03/021489), e modificado posteriormente en data 20/10/23 e 27/11/23 por mor de desglosar conceptos e corrixir erros, mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de cooperación no financiamento de gastos derivados da celebración do Mercado Medieval 2023, procede emitir o seguinte informe:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 100/243 |

*Fundamentos xurídicos.*

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a cooperación no financiamento de gastos derivados da celebración do Mercado Medieval 2023 enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."
Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos ( art. 48. 9 da LRXSP).
O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: "As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades".

2. A Memoria explicativa e xustificativa da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á cooperación no financiamento dos gastos derivados da celebración do Mercado Medieval 2023, que constitúe un evento cultural con numerosas actuacións de rúa, exhibicións de cetrería, concerto de cantares galego – portugueses, gastronomía, etc.
En canto á necesidade e oportunidade de subscrición deste convenio, procede sinalar que este evento cultural se enmarca dentro da aposta do Concello de Lugo pola

| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 101/243 |

cultura, e é unha oportunidade para dar a coñecer os oficios tradicionais, polo que contribúe a poñer en valor o pasado e a importancia da recuperación destes oficios, ademais de constituír un foco de atracción de centos de visitantes á cidade.
En relación ao seu impacto económico, produce unha considerable incidencia na provincia e singularmente na cidade de Lugo, xa que a celebración deste evento singular que evoca á época medieval e que coincide cun día festivo nacional, atrae a visitantes e turistas de moitos puntos do territorio.
Efectivamente, da lectura do Convenio Interadminstrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:
(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".
Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembros de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 17.100,00€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Lugo, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 900,00€; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.
5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento de gastos derivados da organización do Mercado Medieval 2023.
É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito".

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do "Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización do Mercado Medieval 2023, por importe total de 18.000,00€.

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización do mercado medieval 2023.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos, núm. 8, actuando en

nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e, no seu nome, Iria Castro Fernández, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico – Artístico e Normalización Lingüística, en virtude de Resolución de Presidencia de data 7 de xullo de 2023.

E doutra, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón con DNI: ***7358**, Tenenta Alcaldesa delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, con NIF: P-2702800J e sede en Praza Maior s/n, CP 27001 Lugo, na provincia de Lugo, que actúa en nome e representación desta entidade, de acordo co disposto no art. 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Expoñen*.

Primeiro.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a promoción da cultura e equipamentos culturais (art.25 letra m) da LBRL).
Esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, compleméntase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica.

Segundo.- As Administracións Públicas actúan de acordo a uns principios establecidos, entre outros, no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; destacando entre eles, no caso que nos ocupa, o de cooperación, previsto na letra d) do apartado 1 do dito artigo.
A teor do disposto naquel, o principio de cooperación materialízase cando dúas o máis Administracións, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común.
Pois ben, para dar cumprimento ao principio de cooperación, as Administracións interesadas estimarán as técnicas que consideren máis axeitadas, como poden ser a


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 104/243 |

prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se materializará coa formalización de relacións de cooperación que requiren da aceptación expresa das partes, formulada, entre outros instrumentos, a través de convenios, nos que estarán previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben (art. 143 e 144 da LRXSP).

Do mesmo xeito se establece na regulación autonómica galega e no ámbito da normativa local, en concreto nos artigos 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) e 57 da LRBRL.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada pola representante do Concello de Lugo configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público na súa actuación e relacións, tal e como quedaron expostos.

Terceiro.- A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118.letra d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura.

O art. 36.1 LBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguintes:

A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención ( art. 36.1 b)

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (art. 36.1 d).

A LRALG, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b), "a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión"

En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden".


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 105/243 |

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.
O artigo 3.2 a) da Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia, en relación coa colaboración administrativa, establece que "As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de: Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural".
Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso a execución dos fins comúns de cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización do Mercado Medieval 2023, que beneficia ao Concello de Lugo, xunto co territorio provincial.
O propio artigo 57.3 da LBRL da prevalencia á subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación e que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Cuarto.- A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia, que ten fundamento no dereito comunitario (artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello). Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Quinto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público(en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 106/243 |

dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común."
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Sexto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, establécense no artigo 48 e o contido dos convenios no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. As normas deste capítulo VI da LRXSP, sobre convenios, non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos.

Sétimo.- A cooperación coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo o art. 3.1.k da citada LRXSP que "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas"; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Oitavo.- O Concello de Lugo, de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, o 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Noveno.- A Deputación de Lugo e o Concello de Lugo exercen competencias, consonte ao establecido na normativa de réxime local e na normativa sectorial que lle resulta

de aplicación e teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente (artigo 30 do TRLRL, entre outros).
A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, e ademais, encádrase no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.
En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- Obxecto.
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo en exercicio das súas competencias, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da organización do Mercado Medieval 2023, consistentes en numerosas actuacións de rúa, exhibicións de cetrería, concerto de cantares, actuacións de danza e xograres, demostracións de artesáns, entre outras, do seguinte xeito:

| Concertos, actuacións de danza e xoglares | 3.900,00€ |
|---|---|
| Espectáculo de cetrería | 2.100,00€ |
| Demostracións de artesáns | 2.000,00€ |
| Aluguer de carpas | 1.300,00€ |
| Elaboración de traxes, resposteros e colgantes medievais para a ambientación do mercado | 1.900,00€ |
| Actuación dos cegos no Camiño | 2.000,00€ |
| Coordinación e seguimento da actividade, selección de expositores e espectáculos | 3.800,00€ |
| Animación de rúa | 1.000,00€ |
| TOTAL MERCADO MEDIEVAL | 18.000,00€ |

Estas actividades obxecto de financiamento, poden ser susceptibles de modificación por mor de cambios na programación por parte do Concello de Lugo, derivados de circunstancias sobrevenidas.
No caso de que, durante a organización destas actividades, se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos, poderán compensarse entre sí os distintos importes.

Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ANUALIDADE | ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 2023 | 17.100,00 € | 900,00 € | 18.000,00 € |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio se refire á provincia de Lugo, e concretamente ao termo municipal de Lugo.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
3.1. Da Deputación Provincial de Lugo.
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (17.100,00€)
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de Lugo, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
A Deputación de Lugo exímese do cumprimento das condicións técnicas e de seguridade dos equipamentos instalados para levar a cabo as actuacións coas que esta entidade colabora no marco dos gastos derivados da organización do Mercado

| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 109/243 |

Medieval 2023, así como das demais responsabilidades derivadas da aplicación da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
3.2. Do Concello de Lugo.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Lugo comprométese ao seguinte:
1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 900,00€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Executar o proxecto/actuación na data límite do 31 de decembro de 2023.
4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no formato máis axeitado, facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
8. Responsabilizarse da organización, contratación, execución, desenvolvemento da actividade e do cumprimento da normativa de seguridade, especialmente na aplicación da Lei 10/2017, 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, de conformidade coas disposicións emitidas polas autoridades sanitarias. Realizará o conxunto de actuacións necesarias para a súa efectiva materialización e realización no ano 2023.
9. Aportar as autorizacións, licenzas e permisos necesarios para a execución da actividade.
10. Cesión dos espazos de titularidade municipal para a realización das actividades.
11. Asumir os gastos derivados dos dereitos de autoría que puideran derivar da celebración das actividades indicadas.
12. Autorizar cantas comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.
Achegas:
1. Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 17.100,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023.
2. Achega do Concello.
O Concello de Lugo aportará para a execución do convenio o financiamento de 900,00€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
Titularidade do resultado da cooperación.
A titularidade dos resultados será compartida coa poboación, posto que os efectos a nivel cultural, turístico e económico ou social son comúns e benefician ao municipio de Lugo, aos limítrofes da comarca e, en xeral, a toda a provincia.
Xustificación da achega económica.
O Concello de Lugo, achegará, como data límite do 31 de marzo de 2024 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:
Memoria de actuacións das actividades realizadas.
Memoria económica xustificativa do custo da actividade, que conterá:
1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago.
2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación
Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Lugo non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade da actuación e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Fotografías dos carteis/pegatinas ou medios dixitais usados na difusión da relación interadministrativa de cooperación.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima .- Extinción e efectos.
A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 1 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello de Lugo incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o Concello de Lugo deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.
A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamiento), así como, no seu caso, os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1 e) RGPD.

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 en relación co artigo 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades Locais, as entidades con personalidade pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de

poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condición (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1ª deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía únicamente por conside-racións relacionadas co interese público.
Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)"
As partes comprométense a resolver de xeito amistoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 13 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario dou fe.

**2º.-** Aprobar o gasto de 17.100,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, a favor do Concello de Lugo, para a cooperación no financiamento de gastos derivados da organización do Mercado Medieval 2023."


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 115/243 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Quinto.-** *Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, para a realización conxunta de "obras urxentes no sistema viario municipal".*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"Don Jose Luis Maceda Vilariño, con DNI nº: ***0445**, en nome e representación do Concello de A Pobra do Brollón, con NIF: P2704700J, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 17 de novembro de 2023 (RE nº 2023RT018087), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta de "obras urxentes no sistema viario municipal", para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural, engadindo documentación complementaria o día 29 do mesmo mes (RE nº: 2023RT018225).

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe do seguinte teor:

"(...).

*Consideracións legais e técnicas.*

*I. Normativa aplicable.*
Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse, esencialmente, por:
A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (RODPL).
As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.
As restantes normas de Dereito Administrativo que, en cada caso, sexan de aplicación.

*II. Relacións interadministrativas.*
A relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de A Pobra do Brollón configúrase como un aparello técnico-administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, establecidos con carácter básico nos artigos 3.1.k), 140.1.d), 141.1.d), 143 e 144.1.d) da LRXSP, e, para o ámbito local, nos artigos 57 da LRBRL, 111 do TRRL e 193.1.b) da LALGA.

*III. Títulos competenciais.*
As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada son as establecidas nos artigos 36.1, letras b) e d) da LRBRL, e 109.1.d) da LALGA.
Pola súa banda, o Municipio de A Pobra do Brollón ostenta competencias propias, entre outras, en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, en virtude do establecido na letra d) do artigo 25.2 da LRBRL.

*IV. Financiación das actuacións.*
O custo total de execución das actuacións que constitúen o obxecto da relación de cooperación proxectada ascende a 50.021,67 € (IVE incluído), que se financiarán integramente pola Deputación de Lugo.
Con todo, o Concello de A Pobra do Brollón financiará o importe que, esgotado o orzamento inicialmente previsto, resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das obras.

*V. Órgano competente para a aprobación do convenio.*
En canto á competencia para a aprobación do convenio que a Deputación proxecta subscribir co Concello de A Pobra do Brollón, corresponderalle aquela á Xunta de Goberno, en virtude do establecido nos artigos 59.18 e 59.8 do RODPL, en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no apartado IV deste informe.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se acorde pola Xunta de Goberno:

1.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, para a realización conxunta de "obras urxentes no sistema viario municipal", para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural, por importe de 50.021,67 €, que serán a cargo da Deputación de Lugo.
2.- Aprobar o gasto, por importe de 50.021,67 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio."

No expediente constan, ademais:

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.
Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.
Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.
Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 18 de decembro de 2023.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón do seguinte teor:


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 118/243 |

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, para a realización conxunta de "Obras urxentes no sistema viario municipal", para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: P2700000I, e sede social na rúa San Marcos, 8, de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL); e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

E doutra, don José Luis Maceda Vilariño, con DNI nº: ***0445**, alcalde do Concello de A Pobra do Brollón, con NIF: P2704700J, e sede social na Avda. de Galicia, 50, de A Pobra do Brollón, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (no sucesivo, LRBRL).

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e, a tal efecto,

*Expoñen***.**

Primeiro**.-** A agricultura e a gandería son sectores estratéxicos da economía da Provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais.
No ámbito rural, as infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo, e contribuíndo, deste xeito, a frear o seu despoboamento.
En particular, a infraestrutura viaria rural facilita a accesibilidade e vertebración do territorio e, ademais, o seu bo estado contribúe ao aumento da competitividade agrícola e gandeira. E, como toda infraestrutura, precisa das labores que lle permitan poder seguir cumprindo coas súas funcións.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 119/243 |

Neste senso, cómpre ter en conta que o municipio de A Pobra do Brollón inclúese dentro das áreas rurais que están experimentando importantes dificultades socio-económicas debido, en gran parte, a unha débil estrutura demográfica, unha escasa oferta de emprego a non existencia dunha serie de servizos e infraestruturas esenciais.
As prioridades da actuación municipal nesta materia céntranse en aumentar a competitividade das explotacións, diversificar as súas actividades e crear as condicións e infraestruturas necesarias para garantir a fixación da poboación e posibilitar a xeración de actividade económica.
Por elo, o pésimo estado actual de distintos tramos do sistema viario municipal obrigan ao Concello a acometer con urxencia as actuacións de rexeneración necesarias para que o dito sistema viario contribúa ao desenvolvemento axeitado das actividades económicas e na mobilidade da poboación.

Segundo.- A infraestrutura viaria municipal é unha das materias nas que a lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas lles teñen que atribuír competencias aos municipios, en virtude do disposto no artigo 25.2.d) da LRBRL.
Mais é evidente que as entidades locais, como é o caso do municipio de A Pobra do Brollón, carecen en moitos casos de medios económicos e materiais para o exercicio de competencias na materia descrita, pois estas constitúen unha pequena parte da totalidade das que lles corresponden.
Neste senso, adquiren gran relevancia as consideracións que se reflicten no Libro Verde da Cohesión Territorial (COM (2008) 2550), en torno á necesidade de fomentala cooperación entre Administracións; e, así mesmo, hai que ter en conta que as Administracións Públicas actúan de acordo a uns principios establecidos, entre outros, no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (no sucesivo, LRXSP); destacando entre eles, no caso que nos ocupa, o de cooperación, previsto na letra d) do apartado 1 do dito artigo.
A teor do disposto naquel, o principio de cooperación materialízase cando dúas ou máis Administracións, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común.
Pois ben, para dar cumprimento ao principio de cooperación, as Administracións interesadas estimarán as técnicas que consideren máis axeitadas, como poden ser a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se materializará coa formalización de relacións de cooperación que requiren da aceptación expresa das partes, formulada, entre outros instrumentos, a través de convenios, nos que estarán previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben (art. 143 e 144 da LRXSP).


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 120/243 |

Do mesmo xeito se establece na regulación autonómica galega e no ámbito da normativa local, en concreto nos artigos 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (no sucesivo, LALGA), e 57 da LRBRL.
Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de A Pobra do Brollón configúrase como un aparello técnico administrativo necesario para a realización das obras proxectadas por aquel, que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público na súa actuación e relacións, tal e como quedaron expostos.
Por todo elo, podemos concluír que as obras proxectadas polo Concello de A Pobra do Brollón, e para cuxa execución solicita a cooperación da Deputación Provincial de Lugo, son obras de interese público, que xustifican a necesidade e oportunidade da formalización da relación de cooperación formulada polo seu representante.

Terceiro.- No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.
Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que unha axeitada infraestrutura viaria contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social, garantindo, ademais, que a vida nos núcleos rurais sexa igual de satisfactoria que a vida nos núcleos máis urbanos.
Pola súa banda, o Municipio de A Pobra do Brollón, consonte ao artigo 25.2.d) da LRBRL, exercerá, en todo caso, competencias propias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 121/243 |

Cuarto.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.
En virtude de todo o sinalado, os representantes das entidades locais citadas subscriben, en nome destas, o presente convenio interadministrativo de cooperación, de conformidade coas seguintes.

*Cláusulas.*

Primeira.- Obxecto do convenio.
Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, co obxecto de colaborar na realización conxunta de "obras urxentes no sistema viario municipal", para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.
Asemade, constitúen o obxecto deste convenio os honorarios de redacción da memoria valorada que definirá con precisión as obras a executar.
Para a realización das ditas obras e acadar o citado fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a realizar e financiar as obras e gastos que, segundo se reflicte no orzamento presentado polo representante do Concello de A Pobra do Brollón (anexo II), teñen un custo total estimado de 50.021,67 €, coa seguinte desagregación:

| GASTOS | |
|---|---|
| Concepto | Custo |
| Obras urxentes no sistema viario municipal<br>Estrada en Liñares (P.K. +0,000 a P.K.+0,740)<br>Estrada en Trasmonte (P.K. +0,000 a P.K.+0,490)<br>Estrada na Frieira (P.K. +0,000 a P.K. +0,250)<br>Estrada en Estación (P.K. +0,000 a P.K. +0,425)<br>Camiño de acceso ao tanque de auga en Canedo | 48.394,95 € |
| Honorarios de redacción de memoria valorada. | 1.626,72 € |
| TOTAL GASTOS | 50.021,67 € |

Tal e como se reflicte na memoria valorada presentada polo representante do Concello de A Pobra do Brollón, a totalidade das obras de rexeneración do sistema viario municipal executaranse en viais de carácter público e titularidade municipal, polo que non resulta necesaria a ocupación de terreos de titularidade privada.
Con todo, as obras a executar na Estrada en Liñares e no Camiño de acceso ao tanque da auga en Canedo atópanse parcialmente nas zonas de afección das estradas provinciais LU-P 4702 e LU-P 4706; e as correspondentes á Estrada en Estación e na


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 122/243 |

Estrada na Fieira na zona de afección da estrada autonómica LU 933, requirindo, polo tanto, autorización previas das Administracións propietarias das vías.
Ámbalas dúas Administracións obríganse a realizar os trámites xurídico-administrativos que resulten necesarios para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial das actuacións obxecto do convenio.
O ámbito territorial de desenvolvemento das obras que son obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o termo municipal de A Pobra do Brollón.

Terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes.
Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo.
1) Financiamento dos gastos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 50.021,67 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.
2) No caso de producirse baixas na licitación ou de que os custos de execución do obxecto do convenio resulten inferiores aos inicialmente previstos, poderá reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude do representante do Concello de A Pobra do Brollón, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución de outras actuacións, que deberán ter a mesma finalidade e respecto das que deberá achegarse o correspondente proxecto.
3) No caso de producirse baixas na licitación e de que, porén, os custos de execución final das obras superen o importe da adxudicación, a Deputación financiará estes custos adicionais, sempre que deriven do exceso de medicións previsto no artigo 242.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e o custo total non supere o importe citado no apartado 1) anterior.
B. Do Concello de A Pobra do Brollón.
1) Poñer a disposición os camiños nos que se van a executar as obras de rexeneración.
2) Obter os permisos e autorizacións que resulten preceptivas, de ser o caso, para a realización das obras, incluíndo o seu aseguramento.
3) Asumir a dirección de obra e a dirección da súa execución.
4) Asumir a coordinación en materia de seguridade e saúde das obras que o requiran legalmente.

5) Licitar a execución das obras con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.
6) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das obras.
7) Executar as obras na data límite do 31 de outubro de 2024.
8) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
9) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
10) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.
1. Achegas
A. Da Deputación Provincial de Lugo
A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 50.021,67 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023, para que o Concello de A Pobra do Brollón poida afrontar os gastos mencionados na cláusula primeira.
B. Do Concello de A Pobra do Brollón
O Concello de A Pobra do Brollón achegará o importe que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido coa sinatura deste convenio e a súa axeitada execución.
2. Titularidade dos resultados
O Concello de A Pobra do Brollón será titular do resultado da cooperación: “obras urxentes no sistema viario municipal”, coa obriga de dedicar o mesmo ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Quinta.- Xustificación da achega económica.
Unha vez finalicen as obras previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 30 de novembro de 2024, o representante do Concello de A Pobra do Brollón presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:
Memoria das actuacións realizadas.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 124/243 |

Relación clasificada de gastos polo custo total das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.
Resolución/s de adxudicación do/s contrato/s licitados para a execución do obxecto do convenio.
Acta/s de recepción das obras, expedida/s polo facultativo designado polo Concello de A Pobra do Brollón ou, no caso de que a intervención da comprobación material do investimento non sexa preceptiva, certificación/s, expedida/s polo xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibilas ou aceptalas, na que se expresará terse executado as obras con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con elas, foran previamente establecidas.
Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario municipal:
Indicativa do custo total das obras executadas e dos importes do financiamento.
Acreditativa de que a relación dos gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.
Indicativa de que as obras foron realizadas na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Fotografías das obras realizadas no marco deste convenio.
Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de A Pobra do Brollón:
Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actuación prevista neste convenio.
Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
Na que se faga constar que as obras executadas foron obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade e nos soportes que se utilizaron na execución de aquelas.
Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento das cantidades que resulten fiscalizadas favorablemente.

Sexta.- Duración do convenio.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas nel asumidos.
A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Sétima.- Modificación do convenio.
A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante a sinatura polas partes da correspondente addenda, poderá realizarse por mutuo acordo delas, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Oitava.- Extinción do convenio e os seus efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
O convenio entenderase cumprido cando o seu obxecto se realizara nos termos nel previstos e a satisfacción das partes, de acordo coas súas respectivas competencias, tendo en conta, consonte ao artigo 52.2 da LRXSP, as seguintes regras:
a) Se da liquidación resultara que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fora inferior aos fondos que a mesma recibira do resto das partes do convenio para financiar dita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes dende que se aprobara a liquidación.
Transcorrido o prazo máximo dun mes, mencionado no parágrafo anterior, sen que se producira o reintegro, deberase aboar a ditas partes, tamén no prazo dun mes a contar dende ese momento, o xuro de demora aplicable ao citado reintegro, que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico-financeira do sector público.
b) Se fora superior, o resto das partes do convenio, no prazo dun mes dende a aprobación da liquidación, deberá aboar á parte de que se trate a diferencia que corresponda a cada unha delas, co límite máximo das cantidades que cada unha das


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 126/243 |

partes se comprometera a achegar en virtude do convenio. En ningún caso as partes do convenio terán dereito a esixir ao resto contía algunha que supere os citados límites máximos.

Son causas de resolución, consonte ao artigo 51.2 da LRXSP:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.

(...).

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en outras leis.

O cumprimento e a resolución do convenio darán lugar á súa liquidación, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución, efectuarase por resolución da Presidencia da Deputación de Lugo.

Novena.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f) da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio e para o se seguimento, vixilancia e control, establecerase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades, que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto daquel. Ostentará a condición de presidente da comisión de seguimento quen o sexa do ente provincial.

Os membros da comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán, así mesmo, asistir á comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarase ao disposto na LRXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

a) Velar polo cumprimento deste convenio.

b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

e) En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes que aludan ou informen da actuación, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), o Concello de A Pobra do Brollón incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalos. A Deputación, pola súa banda, incorporará os que lle facilite aquel.
Ademais, consonte ao artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo (publicada no BOP nº 212, do 14 de setembro de 2016), o Concello de A Pobra do Brollón deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ámbalas Administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir, polos medios ou canles que consideren axeitados, a actuación que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.
A Deputación e o Concello de A Pobra do Brollón comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo primeira.- Carácter do convenio.
O presente convenio ten natureza administrativa e, consonte ao artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta non lle é de aplicación, pois, segundo aquel:
Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico-pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico-privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.
A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…).
Neste caso, cómprense as condicións fixadas ao efecto polo apartado 1 deste artigo 6 (letras a, b e c) xa que as entidades intervenientes non teñen vocación de mercado, o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 128/243 |

obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.
Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…).
b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).
Así mesmo, nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, nos que as Administracións intervenientes ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "conveniendi causa"), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, segundo o disposto no artigo 2.4.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Polo tanto, este convenio de natureza administrativa rexerase pola LRBRL e pola LRXSP, así como polas restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

Décimo segunda.- Protección de datos.
As partes comprométense a cumprir as previsións contidas na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/79, do 27 de abril de 2016, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e calquera outra normativa que poida substituír, modificar ou complementar á mencionada en materia de protección de datos de carácter persoal durante a vixencia deste convenio.
Os datos de carácter persoal que obteñan as partes para o desenvolvemento e aplicación do convenio serán tratados e utilizados de conformidade coa normativa vixente.
En particular, as partes comprométense a respectar o deber de confidencialidade e as limitacións, no seu caso, marcadas pola normativa de aplicación, sobre calquera información á que se teña acceso na realización das actuacións obxecto deste convenio, salvo aquela información que deba ser pública segundo o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
O tratamento dos datos do presente convenio queda sometido á normativa anteriormente citada.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 129/243 |

As partes comprométense a resolver, de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Noutro caso, será competente para entender dos litixios que puidesen xurdir a Xurisdición Contencioso – Administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe."

**2º.-** Aprobación do gasto, por importe de 50.021,67 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Sexto.-** *Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Samos, para a realización conxunta da "Adquisición de maquinaria".*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"Dona María Jesús López López, con DNI nº: ***8117**, en nome e representación do Concello de Samos, con NIF: P2705500C, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 24 de novembro de 2023 (RE nº 2023RT018014), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta da "Adquisición de maquinaria", para o fin común de mellora da infraestrutura viaria no rural.

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe do seguinte teor:
"(...).
*Consideracións legais e técnicas.*

*I. Normativa aplicable.*
Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 130/243 |

Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse, esencialmente, por:
A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (RODPL).
As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.
As restantes normas de Dereito Administrativo que, en cada caso, sexan de aplicación.

*II. Relacións interadministrativas.*
A relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de A Pobra do Brollón configúrase como un aparello técnico-administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, establecidos con carácter básico nos artigos 3.1.k), 140.1.d), 141.1.d), 143 e 144.1.d) da LRXSP, e, para o ámbito local, nos artigos 57 da LRBRL, 111 do TRRL e 193.1.b) da LALGA.

*III. Títulos competenciais.*
As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada son as establecidas nos artigos 36.1, letras b) e d) da LRBRL, e 109.1.d) da LALGA.
Pola súa banda, o Municipio de Samos ostentará competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, en virtude do establecido na letra d) do artigo 25.2 da LRBRL.

*IV. Financiación das actuacións.*
O custo total de execución das actuacións que constitúen o obxecto da relación de cooperación proxectada ascende a 93.124,02 € (IVE incluído), que se financiarán integramente pola Deputación de Lugo.
Con todo, o Concello de Samos financiará o importe que, esgotado o orzamento inicialmente previsto, resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das obras.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 131/243 |

*V. Órgano competente para a aprobación do convenio.*
En canto á competencia para a aprobación do convenio que a Deputación proxecta subscribir co Concello de A Pobra do Brollón, corresponderalle aquela á Xunta de Goberno, en virtude do establecido nos artigos 59.18 e 59.8 do RODPL, en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no apartado IV deste informe.
Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se acorde pola Xunta de Goberno:
1. Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir polos represente da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Samos, para a realización conxunta da "adquisición de maquinaria", para o fin común de mellora da infraestrutura viaria no rural.
2. Aprobar o gasto, por importe de 93.124,02 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio."
No expediente constan, ademais:
Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actuación, e o cumprimento do previsto na LRXSP.
Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.
Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.
Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 12 de decembro de 2023.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos do seguinte teor:


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 132/243 |

"*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos, para a realización conxunta da "Adquisición de maquinaria", para o fin común de mellora da infraestrutura viaria no rural.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: P2700000I, e sede social na rúa San Marcos, 8, de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL); e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

E doutra, dona María Jesús López López, con DNI nº: ***8117**, alcaldesa do Concello de Samos, con NIF: P2705500C, e sede social na Praza de España, 1, de Samos, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (no sucesivo, LRBRL).

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e, a tal efecto,

*Expoñen*.

Primeiro.- A agricultura e a gandería son sectores estratéxicos da economía da Provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais.
No ámbito rural, as infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo, e contribuíndo, deste xeito, a frear o seu despoboamento.
En particular, a infraestrutura viaria rural facilita a accesibilidade e vertebración do territorio e, ademais, o seu bo estado contribúe ao aumento da competitividade agrícola e gandeira. E, como toda infraestrutura, precisa das labores que lle permitan poder seguir cumprindo coas súas funcións.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 133/243 |

Neste senso, cómpre ter en conta que o municipio de Samos ten unha extensión de 136,77 Qm$^2$ , sendo dun carácter eminentemente rural, sendo a base da súa economía as explotacións agrícolas e gandeiras, que dependen, en gran medida, dunha infraestrutura viaria nas mellores condicións posibles; o que require de maquinaria, que permita ao persoal do Concello un axeitado mantemento de aquela.
Pero, na actualidade, o Concello non conta co persoal nin coa maquinaria suficiente para a realización da labor descrita, polo que esta realízase de xeito pouco eficiente, non sendo os resultados todo o óptimos que deberan ser.
Ademais, dada a situación económica municipal, de suma debilidade, o Concello non pode enfrontar os custos derivados da realización dos investimentos necesarios para solucionar esta problemática, razón pola que solicita a cooperación da Deputación de Lugo.

Segundo.- A infraestrutura viaria municipal é materia na que a lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma lles teñen que atribuír competencias aos municipios, en virtude do disposto no artigo 25.2.d) da LRBRL.
Mais é evidente que as entidades locais, como é o caso do Municipio de Samos, carecen en moitos casos de medios económicos e materiais para o exercicio de competencias na dita materia, pois estas constitúen unha pequena parte da totalidade das que lles corresponden.
Por elo, non podemos esquecer a importancia actual do medio rural na nosa provincia, xa que no inmenso territorio que ocupa atópanse a totalidade dos nosos recursos naturais e unha parte significativa do noso patrimonio cultural, así como as novas tendencias observadas na localización da actividade económica e residencial; o que lle confire a este medio, e ao seu desenvolvemento, unha relevancia maior da concedida na nosa historia recente, tal e como se recoñece no preámbulo da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural (no sucesivo, LDSMR), que persegue a mellora da situación socioeconómica da poboación das zonas rurais e o acceso a uns servizos públicos suficientes e de calidade.
Basicamente, entendemos como “desenvolvemento rural” ao proceso de crecemento e revitalización equilibrado, integrado e auto-sustentable, destinado a mellorar as condicións de vida da poboación local a través de catro dimensións: económica, sociocultural, político-administrativa e medioambiental.
Os seus obxectivos son a mellora da calidade de vida dos seus habitantes, a través do incremento dos niveis de renda, a mellora nas condicións de vida e de traballo e a conservación do medio ambiente e o uso sustentable dos recursos naturais para seguir proporcionando servizos de produción, ambientais e culturais.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 134/243 |

No contexto europeo, o proceso de desenvolvemento rural atópase marcado, fundamentalmente, pola política europea de desenvolvemento rural.
Actualmente, enténdese como desenvolvemento rural na Unión Europea ao proceso de revitalización equilibrado e auto-sustentable do mundo rural baseado no seu potencial económico, social e medioambiental, mediante unha política rexional e unha aplicación integrada de medidas con base territorial por parte de organizacións participativas.
Os principais obxectivos do desenvolvemento rural na Unión Europea son:
Conseguir unha cohesión económica e social.
A protección do medio ambiente.
Promover unha actividade económica permanente nas áreas rurais.
A protección do tecido social.
O axuste da agricultura europea.
É dicir, a mellora da calidade de vida dos habitantes do rural e a protección do tecido social constitúense en puntos clave do desenvolvemento rural en toda a Unión Europea.
Por elo, ten que ser obxectivo de tódalas Administracións Públicas, entre outros, lograr que o acceso da poboación rural a uns servizos públicos básicos de calidade sexa unha realidade, o que contribuirá á creación dunha conciencia colectiva de pertenza orgullosa a un rural galego que pode contar con moitas potencialidades, se recibe os coidados e atencións que precisan; todo o que deriva, sen ningunha dúbida, no desenvolvemento económico e social, en xeral, e no desenvolvemento rural, en particular.
Por outra banda, tamén son de relevancia, no caso que nos ocupa, as consideracións que se reflicten no Libro Verde da Cohesión Territorial (COM (2008) 2550), en torno á necesidade de fomentala cooperación entre Administracións; e, así mesmo, hai que ter en conta que as Administracións Públicas actúan de acordo a uns principios, establecidos, entre outros, no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (no sucesivo, LRXSP); destacando entre eles, no caso que nos ocupa, o de cooperación, previsto na letra d) do apartado 1 do dito artigo.
A teor do disposto naquel, o principio de cooperación materialízase cando dúas ou máis Administracións, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común.
Pois ben, para dar cumprimento ao principio de cooperación, as Administracións interesadas estimarán as técnicas que consideren máis axeitadas, como poden ser a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se materializará coa formalización de relacións de cooperación que requiren da aceptación expresa das partes, formulada, entre outros instrumentos, a través de convenios, nos que estarán

previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben (art. 143 e 144 da LRXSP).
Do mesmo xeito se establece na regulación autonómica galega e no ámbito da normativa local, en concreto nos artigos 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (no sucesivo, LALGA), e 57 da LRBRL.
Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada pola representante do Concello de Samos configúrase como un aparello técnico administrativo necesario para a realización das actuacións proxectadas por aquel, que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público na súa actuación e relacións, tal e como quedaron expostos.
Por todo elo, podemos concluír que a adquisición proxectada polo Concello de Samos, e para cuxa realización solicita a cooperación da Deputación Provincial de Lugo, é unha adquisición de interese público, que xustifica a necesidade e oportunidade da formalización da relación de cooperación formulada pola súa representante.

Terceiro.- No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios, consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no seu apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.
Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada teñen plena cabida nos supostos dos citados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA.
Pola súa banda, o Municipio de Samos ostentará competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, en virtude do establecido na letra d) do artigo 25.2 da LRBRL.

Cuarto.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber

de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.
En virtude de todo o sinalado, os representantes das entidades locais citadas subscriben, en nome destas, o presente convenio interadministrativo de cooperación, de conformidade coas seguintes

*Cláusulas*.

Primeira.- Obxecto do convenio
Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos, en exercicio das súas competencias, co obxecto de colaborar na realización conxunta da "Adquisición de maquinaria", para o fin común de mellora da infraestrutura viaria no rural.
Para realizar o dito investimento e acadar o citado fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a contratar e financiar a subministración dos seguintes elementos, cuxo custo estimado, segundo se reflicte na memoria valorada presentada pola representante do Concello de Samos, é o que se reflicte na segue:

| INVESTIMENTO | |
|---|---|
| Subministración | Custo |
| - Tractor John Deere 6330 con elevación frontal (IVE incluido)<br>- Desbrozadora lateral de 4m. con cabezal de 1,20m. nova (IVE incluido)<br>- Cuchilla neve (IVE incluido)<br>- Maquina Hidrol Karcher G.HD 8/23 G EU (IVE incluido)<br>- Mini pala JCB de 1500Kg. con 2 cazos, ano 2018, 1000h. (IVE incluido)<br>- Rampas remolque (2 uds.) (IVE incluido) | 43.560,00 €<br>19.239,00 €<br>2.420,00 €<br>1.406,02 €<br>25.410,00 €<br>1.089,00 € |
| TOTAL CUSTOS | 93.124,02 € |

Ámbalas dúas Administracións obríganse a realizar os trámites xurídico-administrativos que resulten necesarios para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial das actuacións obxecto do convenio
O ámbito territorial de desenvolvemento do investimento que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o termo municipal de Samos.

Terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes
Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes asinantes conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:
A. Da Deputación Provincial de Lugo.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 137/243 |

1) Financiamento dos custos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 93.124,02 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.
2) No caso de producirse baixas na licitación e/ou de que os custos da subministración resulten inferiores aos inicialmente previstos, a Deputación de Lugo terá a facultade de reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude da representante do Concello de Samos, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
B. Do Concello de Samos.
1) Elaborar a correspondente memoria valorada que defina con precisión o investimento a realizar.
2) Licitar a subministración con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.
3) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta realización do investimento.
4) Realizar o investimento que constitúe o obxecto deste convenio na data límite do 30 de setembro de 2024.
5) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
6) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
7) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados
1. Achegas.
A. Da Deputación Provincial de Lugo
A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 93.124,02 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023, para que o Concello de Samos poida afrontar os gastos mencionados na cláusula primeira.
B. Do Concello de Samos.

O Concello de Samos achegará a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta realización do investimento.
2. Titularidade dos resultados
O Concello de Samos será titular do resultado da cooperación: "Adquisición de maquinaria", coa obriga de dedicar o investimento ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Quinta.- Xustificación da achega económica
Unha vez finalicen as actuacións previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo, o 31 de outubro de 2024, a representante do Concello de Samos presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:
Memoria das actuacións realizadas.
Relación clasificada de gastos polo custo total do investimento obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.
Acta de recepción da subministración, expedida polo facultativo designado polo Concello de Samos ou, no caso de que a intervención da comprobación material do investimento non sexa preceptiva, certificación, expedida polo xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibila ou aceptala, na que se expresará terse feito cargo do material adquirido, especificándoo co detalle necesario para a súa identificación, con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con ela, foran previamente establecidas.
Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario municipal:
Indicativa do custo total da actuación desenvolta e dos importes do financiamento.
Acreditativa de que a relación dos gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.
Indicativa de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Fotografías do investimento realizado no marco deste convenio.
Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Samos:
Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións, públicas ou privadas, para a realización da mesma actuación prevista neste convenio.

Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
Na que se faga constar que a actuación realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na súa realización.
Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Duración do convenio.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas nel asumidos.
A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Sétima.- Modificación do convenio.
A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante addenda ao mesmo, poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial e sempre que dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no citado artigo 49 da LRXSP.

Oitava.- Extinción do convenio e os seus efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
O convenio entenderase cumprido cando o seu obxecto se realizara nos termos nel previstos e a satisfacción das partes, de acordo coas súas respectivas competencias, tendo en conta, consonte ao artigo 52.2 da LRXSP, as seguintes regras:


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 140/243 |

a) Se da liquidación resultara que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fora inferior aos fondos que a mesma recibira do resto das partes do convenio para financiar dita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes dende que se aprobara a liquidación.
Transcorrido o prazo máximo dun mes, mencionado no parágrafo anterior, sen que se producira o reintegro, deberase aboar a ditas partes, tamén no prazo dun mes a contar dende ese momento, o xuro de demora aplicable ao citado reintegro, que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico-financeira do sector público.
b) Se fora superior, o resto das partes do convenio, no prazo dun mes dende a aprobación da liquidación, deberá aboar á parte de que se trate a diferencia que corresponda a cada unha delas, co límite máximo das cantidades que cada unha das partes se comprometera a achegar en virtude do convenio. En ningún caso as partes do convenio terán dereito a esixir ao resto contía algunha que supere os citados límites máximos.
Son causas de resolución, consonte ao artigo 51.2 da LRXSP:
a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
b) O acordo unánime de todos os asinantes.
c)O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
(...).
d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en outras leis.
O cumprimento e a resolución do convenio darán lugar á súa liquidación, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.
A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución, efectuarase por resolución da Presidencia da Deputación de Lugo.

Novena.- Comisión de seguimento.
Consonte ao establecido no artigo 49.f) da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio e para o seu seguimento, vixilancia e control, establecerase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades, que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto daquel. Ostentará a condición de presidente da comisión de seguimento quen o sexa do ente provincial.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 141/243 |

Os membros da comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán, así mesmo, asistir á comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na LRXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes que aludan ou informen da actuación, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), o Concello de Samos incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalos. A Deputación, pola súa banda, incorporará os que lle facilite aquel.
Ademais, consonte ao artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo (publicada no BOP nº 212, do 14 de setembro de 2016), o Concello de Samos deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ámbalas Administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir, polos medios ou canles que consideren axeitados, a actuación que é obxecto deste convenio e a súa condición de entidades colaboradoras.
A Deputación e o Concello de Samos comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo primeira.- Carácter do convenio.
O presente convenio ten natureza administrativa e, consonte ao artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta non lle é de aplicación, pois, segundo aquel:
Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 142/243 |

especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico-pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico-privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.
A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…).
Neste caso, cómprense as condicións fixadas ao efecto polo apartado 1 deste artigo 6 (letras a, b e c), xa que: as entidades intervenientes non teñen vocación de mercado; o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común; e o desenvolvemento da cooperación guíase unicamente por consideracións relacionadas co interese público.
Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…).
b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).
Así mesmo, nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, nos que as Administracións intervenientes ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "conveniendi causa"), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, segundo o disposto no artigo 2.4.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Polo tanto, este convenio de natureza administrativa rexerase pola LRBRL e pola LRXSP, así como polas restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

Décimo segunda.- Protección de datos.
As partes comprométense a cumprir as previsións contidas na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/79, do 27 de abril de 2016, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e calquera outra normativa que poida substituír, modificar ou complementar á mencionada en materia de protección de datos de carácter persoal durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal que obteñan as partes para o desenvolvemento e aplicación do convenio serán tratados e utilizados de conformidade coa normativa vixente.
En particular, as partes comprométense a respectar o deber de confidencialidade e as limitacións, no seu caso, marcadas pola normativa de aplicación, sobre calquera información á que se teña acceso na realización das actuacións obxecto deste convenio, salvo aquela información que deba ser pública segundo o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O tratamento dos datos do presente convenio queda sometido á normativa anteriormente citada.

As partes comprométense a resolver, de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Noutro caso, será competente para entender dos litixios que puidesen xurdir a Xurisdición Contencioso – Administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 10 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe."

**2º.-** Aprobación do gasto, por importe de 93.124,02 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Sétimo.-** *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a celebración do "Belén xigante 2023 - 2024". Anualidade 2023.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 144/243 |

(….)
"En relación cos escritos, presentados por dona María Loureiro García con NIF:33.997.309-C, en nome e representación do Concello de Viveiro, con CIF: P-2706700-H, con data 14/12/2023 (RE, nº: 2023RT018857), mediante os que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competencias para o fin común da celebración do "Belén Xigante 2023 - 2024", procede emitir o seguinte Informe:

*Fundamentos Xurídicos.*

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a celebración do "Belén Xigante 2023 - 2024" enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."
Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos ( art. 48. 9 da LRXSP).
O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: "As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao

ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades".

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á potenciar o desenvolvemento económico da zona, a promoción do turismo e a posta en valor do patrimonio cultural.
A Lei de Bases de Réxime Local establece no art. 25:" O municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal" Viveiro enfronta o Nadal cunha ambientación que crece cada ano, impulsada polo Concello. Miles de luces iluminarán as rúas nas que se recrea un belén a tamaño natural. Localizado en pleno casco histórico, na contorna da igrexa de Santa María e fronte ao convento das dominicas, preséntase como un espectacular nacemento de centos de metros nos que se representan as escenas propias do Belén, que se completan con outras que recrean o movemento , a auga... Está composta por preto de 50 figuras a tamaño natural e 40 animais, e recrea con todo luxo de detalles como podería ser a poboación na que naceu Xesús. Ademais dun maxestoso Belén Xigante, o de Viveiro é un paseo por oficios tradicionais como os de taberneiro, pescador, canteiro, pastor, viticultor, agricultor, tintoreiro, lavandeiro, secador de bacallau, florista, pastor, canteiro....
O Belén Xigante móntase dende o 5 de decembro ata o 14 de xaneiro na praza de Santa María,dentro do centro histórico, este ano intentarase ampliar ata a Praza da Fontenova e a rúa Teodoro Quiros.Poderá visitarse ata o próximo 14 de xaneiro, en horario de 09.00 a 23,00 horas de luns a domingo.
Por estimación doutros anos esta exposición e visitada por máis de 25.000 persoas que veñen dende toda a comarca da Mariña supoñendo un impulso ao comercio e a hostalería do concello de Viveiro converténdose no eixo das celebracións do Nadal na Mariña Lucense; son moitas as asociacións, colectivos, colexios e concellos que ao longo destes anos chamaron para interesarse por este belén único en Galicia converténdose nun referencia en Galicia.
Efectivamente, da lectura do Convenio Interadminstrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No

mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".
Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

4. O órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que lle corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, en base ao establecido no artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro do 2020, e tendo en conta o establecido na nova Lei de contratos, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00€, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 40.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Viveiro, de acordo co orzamento previsto, aportará 10.000,00€, e os terreos precisos, permisos e autorizacións da actuacións, para a súa correcta execución e financiará, no seu caso, o importe que reste, e resulte para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na celebración do "Belén Xigante 2023 - 2024". É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito."

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno de Deputación se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o o texto do "Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para levar a cabo o proxecto denominado "Belén Xigante 2023 - 2024" por importe total de 50.000,00 €, co seguinte teor:

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na celebración do "Belén xigante 2023 - 2024". (anualidade 2023).*

*Reunidos***.**

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con CIF P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos, núm. 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra dona María Loureiro García con NIF: 33.997.309-C, que actúa en nome e representación do Concello de Viveiro, con C.I.F. P-2706700-H e domicilio na Praza Maior, 1, Viveiro 27850, na provincia de Lugo, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcaldesa.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 148/243 |

*Expoñen*.

Primeiro.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local (art. 25 letra h) da LBRL) e da promoción da cultura e equipamentos culturais (art.25 letra m) da LBRL).
Esta determinación competencial, das Entidades locais, fixada lexislación básica estatal, compleméntase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais; entre outras normas sectoriais podemos citar a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia.

Segundo.- Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa disposición adicional primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica, antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
Así mesmo, no Art. 3.3 Lei 5/2014, concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997e na letra g) o auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceiro.- A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118.letra d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 149/243 |

peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.
O art. 36.1 LBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguinte:
A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención ( art. 36.1 b)
A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (art. 36.1 d).
A LRALG, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b), "a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión"
En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden".
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.
O artigo 5 a) da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia, en relación coas competencias municipais, sinala que corresponde ao concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, "A protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal".
O artigo 91.2 da lei 7/2011, dispón que as actuacións en materia de promoción e fomento do turismo de Galicia se rexerán polos principios de eficacia e economía de medios, buscándose a máxima coordinación e colaboración entre as administracións públicas con competencias no ámbito turístico e entre as mesmas e o sector privado.
Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso a execución dos fins comúns na celebración do "Belén Xigante 2023 - 2024", que beneficia ao Concello de Viveiro, integrado na comarca da "Mariña Occidental", xunto co territorio provincial.
O propio artigo 57.3 da LBRL da prevalencia á subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación e que os fins perseguidos non se acadan


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 150/243 |

vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Cuarto.- A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público-público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico-administrativo a tomar como referencia, que ten fundamento no dereito comunitario (artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello). Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Quinto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.”
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.
(...)
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”
Neste caso estamos ante un convenio inter-administrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos ( art. 48.9 da LRXSP).


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 151/243 |

Sexto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, o artigo 48 da amentada LRXSP, establece "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)"

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015 (LRXSP) sinala que "deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto nas lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.(...)".

Sétimo.- A maior abastanza do previsto na lexislación de réxime local, a cooperación coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 152/243 |

funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo o art. 3.1.k da citada LRXSP que "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas"; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
As técnicas de cooperación previstas no artigo 144 da LRXSP, aluden entre outros aspectos, a prestación de medio materiais, económicos ou persoais a outras administracións.
Estas técnicas de cooperación formalízanse mediante convenio interadministrativo (Art. 144.2 da LRXSP).

Oitavo.- O Concello de Viveiro, de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, o 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.
O artigo 5 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia, recolle as competencias que lle corresponden en materia de turismo ás entidades locais.

Noveno.- A Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro exercen competencias, consonte ao establecido na normativa de réxime local e na normativa sectorial que lle resulta de aplicación e teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente (artigo 30 do TRLRL, entre outros).
A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, e ademais, encádrase no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- Obxecto.
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo para os fins comúns na celebración do "Belén Xigante 2023 - 2024" que estará instalado dende o 5 de decembro de 2023 ata o 14 de xaneiro de 2024 na praza de Santa María, Praza da Fontenova e a rua Teodoro Quiros.

Os gastos inicialmente previstos son os seguintes:

| | |
|---|---|
| Insatalación Estructuras madeira para o Belén Xigante | 26.000,00€ |
| Decoración Belén Xigante | 12.000,00€ |
| Iluminación | 12.000,00€ |
| TOTAL GASTOS | 50.000.00€ |

Estes gastos poden variar, sen necesidade de modificación do convenio, por cambios acaecidos na programación e na execución da actuación
No caso de que durante a execución da actuación se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre sí os distintos importes.
Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas:

| ACTIVIDADE | ACHEGA DA DEPUTACIÓN | ACHEGADO CONCELLO | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Belén Xigante 2023 - 2024 | 40.000,00 € | 10.000,00 € | 50.000,00 € |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.
Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 154/243 |

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio se refire á provincia de Lugo, e concretamente á comarca da "Mariña Occidental", na que está incluído o termo municipal de Viveiro.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
3.1. Deputación Provincial de Lugo.
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. A financiar a actividade obxecto deste convenio no referente á celebración do "Belén Xigante 2023 - 2024", na anualidade 2023, polo importe máximo indicado na cláusula cuarta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de Viveiro.
No caso de que as baixas na licitación ou execución sexan superiores á cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de Viveiro, segundo o disposto no parágrafo anterior, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido pola Deputación Provincial ou, previa solicitude de aquel, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
A Deputación de Lugo se exime da organización, execución, e materialización da actividade, das condicións técnicas e de seguridade do equipamento instalado, así como das demais responsabilidades derivadas da aplicación da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
3.2. O Concello de Viveiro:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Viveiro comprométese ao seguinte:
1. Financiar a actividade obxecto deste convenio polo importe indicado na cláusula cuarta, debendo aportar para a execución do convenio o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Aportar todos os terreos, permisos e autorizacións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio .
4. Executar a actuación na data límite do 31 de xaneiro de 2024.
5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

6. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no formato máis axeitado, facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
7. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
9. Responsabilizarse da organización, contratación, execución, desenvolvemento da actividade e do cumprimento da normativa de seguridade, aplicando a Lei 10/2017, 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia, de conformidade coas disposicións emitidas polas autoridades sanitarias.
10. Autorizar cantas comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.
3.3.- Ambas administracións comprométense, reciprocamente, a facilitar os soportes de identificación, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), para informar da actividade e funcións conveniadas.
Os representantes de ambas partes, comparecerán, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional de calquera dos eventos ou dos seus resultados.
As partes autorízanse, reciprocamente, coa sinatura deste Convenio a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere adecuados, a colaboración estipulada neste documento, facendo constar a colaboración de ambas administracións públicas.

Cuarta.- Réxime económico.
A) Achegas:
1.- Achega da Deputación
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 40.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023.
1.- Achega do Concello
O Concello de Viveiro financiará inicialmente as actuacións descritas ca cantidade de 10.000,00 €, que poderá disminuirse de haber baixas na licitación ou execución; e, así mesmo, financiará o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

B) Titularidade do resultado da cooperación.
A titularidade dos resultados será compartida posto que os efectos a nivel cultural, turístico e económico ou social son comúns e benefician ao municipio de Viveiro e, aos limítrofes da comarca da "Mariña Occidental" e, en xeral, a toda a provincia.
C) Xustificación da achega económica.
Unha vez finalicen a actuacións previstas e contempladas neste convenio e en todo caso, como máximo o día 31 de marzo de 2024, o Concello de Viveiro, achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa conxunta dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:
Memoria de actuacións das actividades realizadas.
Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:
1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data pagamento.
2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Declaración responsable emitida polo Concello de Viveiro, indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.
Declaración responsable do representante do Concello de Viveiro na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.
Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Viveiro non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 157/243 |

Declaración responsable na que se faga constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións, e soportes, que se utilicen na execución da actividade.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Fotografías dos carteis ou medios dixitais usados na difusión da relación interadministrativa de cooperación.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.
A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro do 2023, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Oitava.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello de Viveiro incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de

setembro de 2016, Concello de Viveiro deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.
A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais,no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de auto organización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(...) b)Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".
Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 160/243 |

ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "conveniendi causa"), non lles é de aplicación a normativa en materia de subvencións.
As partes comprométense a resolver de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretaria dou fe.

**2º.**- Aprobar o gasto de 40.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, a favor do Concello de Viveiro, para sufragar os gastos derivados do "Belén Xigante 2023 - 2024".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Oitavo.-** *Proposta relativa ao convenio de colaboración entre a Federación Galega de Piragüismo e a Excma. Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento do "Programa provincial de piragüismo".*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Visto que o presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e FEGAPI en exercicio das súas respectivas competencias, para acadar un fin común, o desenvolvemento do "Programa provincial de piragüismo", e cuxos obxectivos son:

1. Actividade de promoción nos centros educativos coa finalidade de aumentar a base de usuarios da actividade, vinculándoa cos clubs existentes na provincia de Lugo e a creación de novos clubs, de ser o caso.
2. Desenvolvemento do programa federado, consistente no asesoramento técnico nos procesos de adestramento aos clubs da provincia de Lugo, realización do control e seguimento destes procesos e dos resultados competitivos dos padexeiros/as da provincia a través de visitas aos clubs e concentracións.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 161/243 |

3. Desenvolvemento de xornadas técnicas, cursos de formación e toda a acción docente precisa para formar aos técnicos existentes nos clubs.

Visto que se trata do desenvolvemento dun programa de promoción do piragüismo cos clubs da provincia de Lugo que ambiciona coordinar esforzos tanto económicos como de xestión deportiva, o fin deste proxecto sería divulgar o deporte de piragüismo na provincia e sobre todo naquelas comarcas onde existen clubs realizando a actividade. Preténdese levar o programa a todos os concellos da provincia con condicións para esta modalidade deportiva dirixidos á promoción e tecnificación dos deportistas.

Visto que no presente caso estamos ante un convenio de colaboración, é dicir ante un negocio xurídico bilateral que ten por obxecto a colaboración entre unha administración e unha entidade privada, con achegas de cada parte, en resposta a obxectivos compartidos, coa finalidade de intercambiar recursos públicos e privados, na persecución dos obxectivos comúns que comparten.

Á vista de que ambas partes asinantes manifestan a vontade de instrumentalizar, mediante contribucións conxuntas, os elementos precisos para acadar os obxectivos anteriormente citados e que para tal efecto, estiman oportuno comprometer achegas nas seguintes ordes:

Financiamento de custos en materia de persoal.

Organización de actividades, particularmente no que atinxe á difusión e preparación do programa dentro da provincia, tomando como elemento fundamental a interrelación cos distintos clubs de piragüismo existentes aos que se lles achegará a información e soportes necesarios.

Coordinación de esforzos tanto económicos como de xestión deportiva.

Visto o financiamento previsto por importe total de 96.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.22799 do orzamento da anualidade 2024.

Visto que se tramita como un expediente de gasto anticipado, e que se financiará con cargo a anualidade 2024 e, esta previsto, no proxecto de orzamento aprobado inicialmente polo pleno do 28 de decembro de 2023.

Resultando que no convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación de Lugo e FEGAPI para o desenvolvemento do "Programa provincial de piragüismo", constan entre outros os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes).

Existencia de convenio de colaboración, elaborado dende a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes).

Informe do Servizo de Contratación e Fomento e de Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.** Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e FEGAPI e o seu Anexo en exercicio das súas competencias, para acadar un fin común, o desenvolvemento do "Programa provincial de piragüismo" anualidade 2024, nos termos do convenio que se literalmente se transcribe:

*Convenio de colaboración entre a Federación Galega de Piragüismo e a Excma. Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento do "Programa provincial de piragüismo".*

*Reunidos*

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, no seu nome D. Efrén Castro Caloto, Vicepresidente e deputado Delegado da Area de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, en virtude da Resolución desta Presidencia de data 14 de xullo de 2023.

E doutra don José Alfredo Bea García con NIF. 35456180R na súa condición de Presidente, actúa en nome e representación da Federación Galega de Piragüismo "FEGAPI", con NIF G36040764 e con domicilio en Rúa Gavián S/N Verducido 36151 Pontevedra, con poderes suficientes para a celebración deste acto, en exercicio das facultades atribuídas para o efecto no artigo 32 dos seus estatutos federativos.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente convenio de colaboración aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo,

*Expoñen.*

Primeiro.- Que a Lei 3/2012, de 02 de abril, do Deporte de Galicia no seu artigo 3, apartados a), b), f), h), j) e k) establece como principios reitores da política deportiva da Comunidade Autónoma de Galicia,

a) A consideración do deporte como actividade de interese público, co recoñecemento das especiais funcións que, para o individuo e a sociedade, posúe.

b) O dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha.

f) A consecución dunha práctica deportiva integrada nos valores de preservación do medio ambiente e da sustentabilidade e respectuosa con eles.

h) A garantía da práctica deportiva en condicións de saúde e seguridade, para o que será necesaria a cualificación adecuada dos profesionais que a dirixen.

j) A optimización e complementariedade dos recursos públicos existentes e a necesaria concorrencia da participación privada.

k) A eficacia, eficiencia, descentralización, desconcentración, coordinación, colaboración e participación das entidades públicas e privadas, e a promoción da colaboración entre o sector público e o privado co fin de garantir a máis ampla e mellor oferta deportiva.

En relación ao devandito artigo 29 do citado texto legal establece que as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, e coa colaboración, no seu caso, de outras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán alternativas e medios para a práctica da actividade física que leven a cabo as persoas físicas, individual ou colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de lecer. O que, neste caso concreto, permite xustificar a subscrición do presente convenio.

Segundo.- A Excma. Deputación Provincial de Lugo, dentro das súas funcións contempla a promoción e o desenvolvemento de actividades físicas e deportivas e a creación de hábitos e actividades educativas entre os cidadáns que permitan adquirir valores como o traballo en equipo, compañeirismo, competitividade e deportividade, entendendo o deporte como un patrimonio socio cultural. Da mesma maneira, a Deputación de Lugo considera que todos os cidadáns son potenciais usuarios da práctica deportiva na medida en que todos resultan beneficiados directa ou indirectamente dela. Todo isto conforme ao disposto no artigo 43 da Constitución Española "Los poderes públicos fomentarán la educación sanitaria, la educación física y el deporte. Asimismo facilitarán la adecuada utilización del ocio".


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 164/243 |

Terceiro.- FEGAPI é unha entidade privada, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar sen ánimo de lucro. O seu ámbito territorial abrangue a Comunidade Autónoma de Galicia no desenvolvemento das competencias que lle son propias, de conformidade coa normativa vixente.
FEGAPI, ademais das competencias que lle son propias e segundo o disposto pola Lei do Deporte de Galicia, exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Comunidade Autónoma galega.
FEGAPI ten como obxecto social o de promocionar, dirixir e ordenar exclusivamente dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concorrentes das distintas administracións públicas, as actividades propias da súa modalidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia, rexéndose polos seus Estatutos e os seus Regulamentos, polos da Federación Española de Piragüismo no que lle sexan de aplicación e polas disposicións que dite a Xunta de Galicia e supletoriamente polas que dite a Administración do Estado.
FEGAPI é a única entidade competente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para promocionar, regulamentar, organizar, xestionar e controlar as competicións oficiais de Augas tranquilas, augas bravas, descensos, ascensos, travesías, maratón, turismo náutico, kayak – polo, canoa a vela, rafting, xogos náuticos en piragua, kayak de mar, kayak surf, estilo libre, piragüismo extremo e en xeral, cantas modalidades fixe a Federación Internacional de Canotaxe (F.I.C.).
O artigo 5.1 dos Estatutos de FEGAPI establece que entre as funcións que exercerá como propias se atopa a de colaborar coas administracións públicas e coa Real Federación Española de Piragüismo, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción do piragüismo.
Así mesmo o artigo 56 da Lei 3/2012, de 02 de abril, do Deporte de Galicia indica que as federacións deportivas galegas exercerán as funcións que lles atribúan os seus estatutos, así como aquelas de carácter público que se deleguen nesta lei. Entre as funcións que exercerán as federacións deportivas galegas como propias atopase “b) Colaborar coas administracións públicas e coa federación española correspondente, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades”.

Cuarto.- Que a Deputación de Lugo e FEGAPI, están interesados en colaborar no “Programa provincial de piragüismo”, deseñado co obxectivo de promover a práctica do piragüismo na provincia de Lugo, coa posta en común de medios e persoal cualificado e adaptándose ás necesidades presentes e futuras. Trátase de achegar o piragüismo á poboación escolar e adulta da provincia de Lugo, mediante o desenvolvemento de actividades específicas adaptadas ás necesidades que se formulen.

Trátase de dinamizar e divulgar o deporte de piragüismo na provincia, dando cumprimento ao establecido na Lei 3/2012, de 02 de abril, do deporte de Galicia, tendo en conta a importancia que ten o deporte na sociedade ao afectar nas persoas en aspectos tales como a súa educación e máis alá no seu equilibrio físico e psicolóxico, ademais trátase dunha actividade de carácter voluntario que contribúe á interrelación do suxeito co grupo e dos grupos entre si.
No ámbito desta colaboración a Deputación de Lugo, como administración pública que ademais dispón de instalacións utilizadas no ámbito deportivo do piragüismo, estima que a colaboración entre as partes permitirá asegurar que o interese público deste deporte quede garantido e salvagardado, considerando ademais que é necesaria a colaboración con FEGAPI, xa que se trata da entidade que ostenta en réxime de exclusividade a función de promocionar, dirixir e ordenar as actividades propias da súa modalidade deportiva en Galicia (artigo 56 da Lei Xeral do Deporte de Galicia).
En virtude do anterior e de mutuo acordo a Deputación Provincial e FEGAPI, que teñen como obxecto común o desenvolvemento do "Programa provincial de piragüismo" co que se pretende promocionar esta modalidade deportiva, estiman necesario establecer un instrumento de colaboración para o seu impulso na provincia de Lugo, de acordo co disposto no artigo 47, apartado c) da Lei 40/2015, de 01 de outubro, LRXSP e así ambas partes acordan a formalización do presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- Obxecto.
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e FEGAPI en exercicio das súas competencias, para acadar un fin común, o desenvolvemento do "Programa provincial de piragüismo", que tería como obxectivos:
Actividade de promoción nos centros educativos coa finalidade de aumentar a base de usuarios da actividade, vinculándoa cos clubs existentes na provincia de Lugo e a creación de novos clubs, de ser o caso.
Desenvolvemento do programa federado, consistente no asesoramento técnico nos procesos de adestramento aos clubs da provincia de Lugo, realización do control e seguimento destes procesos e dos resultados competitivos dos padexeiros/as da provincia a través de visitas aos clubs e concentracións.
Desenvolvemento de xornadas técnicas, cursos de formación e toda a acción docente precisa para formar aos técnicos existentes nos clubs.

No presente caso estamos ante un convenio de colaboración, é dicir ante un negocio xurídico bilateral que ten por obxecto a colaboración entre unha administración e unha entidade privada, con achegas de cada parte, en resposta a obxectivos compartidos, coa finalidade de intercambiar recursos públicos e privados, na persecución dos obxectivos comúns que comparten.
As institucións asinantes manifestan a vontade de instrumentalizar, mediante contribucións conxuntas, os elementos precisos para acadar os obxectivos anteriormente citados.

Segunda.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento das actuacións que son obxecto do presente convenio refírese á provincia de Lugo, tendo en conta que os resultados obtidos poden ter un alcance ilimitado segundo o que permita a actividade deportiva desenvolvida.

Terceira.- Finalidade.
Trátase do desenvolvemento dun programa de promoción do piragüismo cos clubs da provincia de Lugo que ambiciona coordinar esforzos tanto económicos como de xestión deportiva. O fin deste proxecto sería divulgar o deporte de piragüismo na provincia e nomeadamente naquelas comarcas onde xa existen clubs realizando a actividade. Preténdese levar o programa a todos os concellos da provincia con condicións para esta modalidade deportiva dirixidos á promoción e tecnificación dos deportistas.

Cuarta.- Achegas e compromisos das partes.
4.1. A Deputación Provincial de Lugo, comprométese ao seguinte:
A) Ao financiamento dos gastos correntes, da anualidade do 2024, previstos no “Programa provincial de piragüismo”, polo importe total de 96.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.22799 do orzamento da anualidade 2024.
B) Tramítase como un expediente de gasto anticipado, e financiarase con cargo a anualidade 2024 e, esta previsto, no proxecto de orzamento aprobado inicialmente polo pleno do 28 de decembro de 2023.
C) A Deputación comprométese a poñer a disposición deste proxecto a Escola de Piragüismo Provincial, para que cumpra a función de plataforma de divulgación e promoción da práctica do piragüismo na provincia e contribúa na captación de futuros padexeiros/as e na consolidación dos clubs da provincia.
4.2 FEGAPI, comprométese ao seguinte:
A) A realizar como contribución ao fin común, o proxecto de acción e actividade do Programa provincial de piragüismo formulado, indicando a xustificación da

necesidade, a finalidade da actuación obxecto de colaboración, e un orzamento estimativo de gastos.
B) Tendo en conta que o artigo 56 da Lei 3/2012, de 02 de abril, do Deporte de Galicia atribúe a FEGAPI en réxime de exclusividade, a función de promocionar, dirixir e ordenar as actividades propias da súa modalidade deportiva en Galicia, FEGAPI comprométese a aportar a súa experiencia, para a organización, control, seguimento e desenvolvemento das actuacións precisas para o "Programa provincial de piragüismo".
C) A asumir a responsabilidade da execución da actividade, así como de cantas medidas de seguridade resulten necesarias para dar cumprimento legal ao fin común perseguido nas actuacións do presente convenio, eximíndose a Deputación de calquera responsabilidade derivada do desenvolvemento e materialización da actividade.
D) A facilitar os medios humanos, materiais e técnicos, así como a loxística necesaria para o desenvolvemento das accións obxecto deste convenio. Consecuentemente, o persoal da federación que realice as accións derivadas deste convenio, non terán ningunha relación de carácter laboral ou administrativa coa Deputación provincial de Lugo.
E) A executar as actuacións obxecto deste convenio, na data límite do 31 de decembro de 2024.
F) A cumprir o obxecto, realizar a acción ou adoptar o comportamento que fundamenta o presente convenio, acreditando ante a Deputación de Lugo a súa realización, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determina a concesión do cofinanciamento.
G) A Axudar aos clubs á promoción, divulgación e expansión do piragüismo na provincia de Lugo. Ademais asume a función e iniciativa en materia de promoción e divulgación entre os clubs da provincia, así como a difusión en medios de comunicación das xornadas celebradas nos meses estivais, cumprindo os requisitos de publicidade establecidos neste convenio.
O "Programa provincial de piragüismo" divulgarase entre os centros, os concellos e os clubs implicados, que colaborarán nas actividades desenvolvidas. As inscricións terán lugar nos clubs colaboradores do proxecto, que son os seguintes, ou calquera outro que no período de vixencia de convenio se puidese crear na provincia de Lugo:

| SEDES | CLUBS COLABORADORES |
|---|---|
| Lugo | Club Fluvial de Lugo |
| Lugo | Club Piragüismo Cidade de Lugo |
| Foz | Club Kayak de Foz |
| Viveiro | Club Piragüismo de Viveiro |


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 168/243 |

| | |
|---|---|
| San Ciprián | Club Deportivo San Ciprián |
| Ribadeo | Club Piragüismo Altruan |
| Monforte | Club de Montaña Quixos |

H) A someterse ás actuacións de comprobación por parte da Deputación, ás actuacións de control financeiro da Intervención, así como ás demais actuacións de control previstas na vixente lexislación e específicas deste Convenio.
I) A dar cumprimento ao establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a través da inclusión da información na web federativa, no caso de que esta federación deportiva estea suxeita ao establecido no articulo 3 b) da devandita Lei.
J) Así mesmo, tendo en conta que o artigo 56 da Lei 3/2012, de 02 de abril, do Deporte de Galicia recoñece como unha competencia propia de FEGAPI a colaboración coa Deputación na promoción do piragüismo na provincia de Lugo, FEGAPI comprométese a facerse cargo do funcionamento da Escola de Piragüismo que é de titularidade da Deputación de Lugo, esta actividade desenvolverase no período comprendido dende o 01 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.
A Escola de Piragüismo de Lugo, da que é titular a Deputación, debera ser xestionada de tal xeito que garanta o seu máximo rendemento deportivo, a través da aplicación de acertados programas técnico – deportivos que abrangan desde a base ao alto rendemento, garantindo un contexto idóneo para o crecemento e desenvolvemento dos deportistas lucenses nos ámbitos deportivo, pedagóxico e social, optimizando o centro na liña de favorecer melloras en todas aquelas modalidades deportivas que puideran beneficiarse do usos destas instalacións.
Durante o período de vixencia deste convenio, a Escola Lucense de Piragüismo FEGAPI será a sede da Delegación Provincial de Lugo da FEGAPI.
A FEGAPI deberá subscribir unha póliza de seguro que cubra os danos que poida sufrir a instalación e todo o material de que dispoña, así como unha póliza de responsabilidade civil que cubra todos aqueles danos derivados e producidos polo desenvolvemento da actividade.

Quinta.- Réxime económico.
Achegas:
1.- Achega da Deputación:
1.a) Financiamento dos gastos correntes, da anualidade do 2024, previstos no “Programa provincial de piragüismo”, polo importe total de 96.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.22799 do orzamento da anualidade 2024.

1.b) Tramítase como un expediente de gasto anticipado, e financiarase con cargo a anualidade 2024 e, esta previsto, no proxecto de orzamento aprobado inicialmente polo pleno do 28 de decembro de 2023.
2.-Achega de FEGAPI.
2.a) Realizar como contribución ao fin común, a organización, control, seguimento e desenvolvemento das actuacións precisa para a execución do proxecto de acción e actividade do Programa provincial de piragüismo formulado, facilitando os medios humanos, materiais e técnicos, así como a loxística necesaria para o desenvolvemento das accións obxecto deste convenio, e asumir o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
B) Titularidade do resultado da cooperación.
FEGAPI será titular do resultado da cooperación, coa obriga de dedicar a mesma ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.
C) Xustificación.
Os gastos correntes financiables serán os que se realicen na anualidade 2024, e de acordo ás accións previstas e co orzamento presentado pola FEGAPI, serán os seguintes:
Persoal da FEGAPI para o desenvolvemento e coordinación do programa de promoción provincial do piragüismo.
1. Gastos correntes de persoal (combustible, roupa, etc)
2. Programa de promoción provincial do piragüismo.
3. Gastos derivados da formación de técnicos
4. Gastos alugueiro do material necesario do ximnasio e outros gastos correntes de xestión da escola de piragüismo
Non serán cofinanciables aqueles custos relativos a investimentos ou compra de material inventariable.
O prazo inicialmente previsto para que FEGAPI aporte conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro dente convenio abarca ata o 31 de marzo de 2025. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á FEGAPI a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
A conta xustificativa terá o seguinte contido:
FEGAPI deberá emitir factura de acordo aos gastos previstos no apartado anterior e como máximo polo importe indicado no apartado 4.1.A deste Convenio. A devandita factura será conformada polo persoal da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes), acompañando un informe favorable sobre a actividade desenvolta.
Memoria de actividades.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 170/243 |

Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago.
No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.
Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
Declaración responsable na que se faga constar que, o beneficiario non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
Co obxecto de xustificar o establecido no apartado 4.2, subapartado B) FEGAPI deberá achegar documentación que acredite que ten subscrita unha póliza de seguro que cubra os danos que poida sufrir a instalación e o material de que dispoña, así como unha póliza de responsabilidade civil que cubra os danos producidos polo desenvolvemento da actividade.
Declaración responsable de que o beneficiario asumiu ou non, o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por ter ou non a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social. Ou de ser o caso, autorización expresa á Deputación para solicitar estes certificados en nome de FEGAPI.
A Deputación de Lugo reservarase o dereito a solicitar de FEGAPI toda a documentación que se considere precisa en relación co desenvolvemento do presente convenio, da realización das actividades previstas no programa de promoción, coa xustificación do obxecto do presente convenio e con calquer outro ámbito de execución do convenio.

Séxta.- Vixencia do convenio de colaboración.
A vixencia do presente convenio terá efecto a partir da data da súa sinatura aínda que con efectos económicos dende o 01 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento do mesmo e unha vez terminaran o conxunto de actuacións dos compromisos adquiridos polas partes, coas limitacións temporais fixadas na cláusula cuarta e o establecido no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, LRXSP.

En todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación de Lugo se proceda á aprobación da conta xustificativa achegada por FEGAPI e o pagamento da respectiva factura, que salvo prorroga expresa antes da sua finalización, será o 31 de xaneiro de 2026, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data limite do 31 de decembro de 2025.
De acordo co previsto no artigo 49, apartado h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, LRXSP, en calquera momento antes da finalización do prazo previsto no paragrafo anterior, a Deputación e FEGAPI poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Sétima.- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).
A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por Resolución Presidencial.

Oitava.- Modificación do convenio.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio estea vixente.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Comisión de seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 172/243 |

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade, FEGAPI incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, FEGAPI deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.) nas que dalgún xeito colabore esta Deputación Provincial.
FEGAPI autoriza, coa sinatura do presente convenio á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de colaboradora.
A Deputación de Lugo comprométese a dar publicidade a través dos seus propios medios (páxina web, portal de transparencia, etc.) do presente convenio e das accións financiadas a través do mesmo. Así como a comunicar a través do rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación a celebración deste convenio nos termos establecidos legalmente.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 173/243 |

FEGAPI e a Deputación Provincial de Lugo comprométense a cumprir coas determinacións dos artigos 53 e 144 da nomeada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Undécima.- Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Duodécima.- Carácter do convenio de colaboración.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: " Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de cooperación administrativa con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 15 páxinas (incluído Anexo), en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario que dou fe.

*Anexo ao convenio de colaboración entre a Federación Galega de Piragüismo e a Excma. Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento do "Programa provincial de piragüismo".*

En relación ao convenio de referencia asínase o presente anexo explicativo:

A Escola Provincial de Piragüismo é de titularidade da Deputación de Lugo, incluíndo todos os elementos que a integran de xeito estable así como todas aquelas incorporacións ou reformas das instalacións ou equipamentos fixos que puidera realizar voluntariamente e de xeito desinteresado FEGAPI, durante a vixencia do presente convenio.

Calquera modificación das instalacións ou a adquisición de novos elementos requirirá da previa autorización da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes).

Respecto do equipamento móbil que estea accesible para os distintos usuarios será titular e responsable FEGAPI.

En ningún caso FEGAPI poderá ceder a terceiros a utilización da Escola Provincial de Piragüismo nos termos fixados neste Convenio. Esta limitación afectará tanto á

imposibilidade de outra entidade (pública ou privada) de asumir tales dereitos (puntual ou regulamentariamente), como tamén á imposibilidade de que FEGAPI poda establecer o arrendo a terceiros de todo ou parte do espazo. No caso de darse esta circunstancia, este Convenio podería ser resolto pola Deputación, sen que esta circunstancia xere dereito ningún de indemnización a favor de FEGAPI, por ningún concepto.

A Deputación resérvase a potestade de organización, imposición, recadación e xestión de taxas e prezos públicos aos usuarios, potestades sancionadoras e disciplinarias e cantas deriven da condición pública da dita instalación deportiva.

A Deputación de Lugo, en virtude deste Convenio, autoriza a FEGAPI á utilización da Escola Provincial de Piragüismo para o seu uso técnico, administrativo e deportivo, debendo destinarse ás súas propias actividades deportivas e aos obxectivos e funcións establecidas no presente convenio.

A. As obrigas de FEGAPI con respecto á Escola Provincial de Piragüismo, son as que se detallan a continuación:

1. Acceso á Escola Provincial de Piragüismo:
FEGAPI comprométese a respectar os horarios de apertura e peche establecidos e autorizados pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Deputación de Lugo, así como, o control de acceso das persoas á Escola Provincial de Piragüismo.

Deberá destinar o espazo ás finalidades propias de FEGAPI e aos obxectivos e funcións establecidas no presente convenio, realizando a súa actividade nas horas establecidas ao efecto.
Non causar molestias á veciñanza nin perturbar a tranquilidade da zona durante os horarios de utilización.
A non ceder a terceiros, nin total nin parcialmente, o uso da Escola Provincial de Piragüismo.
A non impedir a entrada dentro do horario de funcionamento, a ningunha persoa por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
A permitir á Deputación de Lugo a utilización do inmoble, naqueles supostos en que resulten necesarios para a celebración de actos do Ente Provincial ou para a prestación de servizos ou obrigas impostas legalmente, a cuxos efectos notificarase a FEGAPI coa debida antelación.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 176/243 |

Imponse a FEGAPI a prohibición de cobro de prezo por uso, non podendo recibir cantidade ou prezo ningún de eventuais usuarios/as pola utilización da Escola Provincial de Piragüismo e das súas instalacións.
FEGAPI disporá dunha copia das chaves da Escola Provincial de Piragüismo, quedando o orixinal en poder da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Deputación de Lugo, quen poderá utilizalas para levar a cabo cantas inspeccións considere oportunas, así como para acceder á Escola para o uso institucional das instalacións.

2. Formulario para o uso autorizado das instalacións por terceiros.
A Deputación de Lugo reservase o dereito de uso das instalacións da Escola Provincial de Piragüismo, polo que calquera outro uso deberá contar coa súa previa autorización.
FEGAPI está obrigada a facer un modelo estandarizado de formulario de solicitude, que deberá contar co visto e prace do representante da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Deputación de Lugo, co obxecto de que calquera Club que non exerza a disciplina de piragüismo poida usar as instalacións da Escola Provincial de Piragüismo, sempre baixo a supervisión da Deputación que será quen tome a decisión final de autorización.
FEGAPI deberá comunicar na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Deputación de Lugo as solicitudes que reciba, que serán atendidas seguindo un rigoroso orden da súa entrada na Deputación.

A Deputación resérvase o dereito a xestionar directamente o uso dos espazos da Escola Provincial de Piragüismo entre os Clubs que o soliciten, no suposto que se detecte a falla de comunicación dalgunha das solicitudes entregadas á FEGAPI.

3. Limpeza, mantemento, vixilancia e seguridade:
FEGAPI deberá controlar, supervisar e asegurar o cumprimento das normas de utilización da Escola Provincial de Piragüismo.
A limpeza das instalacións correrá a cargo da Deputación, sempre e cando se realice un uso razoable, cívico e moderado das mesmas. En caso contrario, FEGAPI farase cargo de repoñer ou emendar os danos, se os houber, que se deriven do mal uso e funcionamento das dependencias utilizadas.
Acometer limpezas extraordinarias específicas cando FEGAPI realice eventos deportivos propios da entidade.
FEGAPI deberá conservar os espazos asignados para o seu uso en óptimas condicións de salubridade e hixiene.

FEGAPI está obrigada a manter os locais e instalacións asignadas en perfectas condicións de uso, obrigándose a devolvelos á finalización deste Convenio no mesmo estado no que foron entregados. Para iso, se así o estima conveniente, poderá subscribir un contrato de mantemento cunha empresa cualificada, que deberá ser aprobado previamente pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes).
FEGAPI está obrigada á conservación dilixente dos espazos de uso exclusivo e de uso común e en xeral de todo o inmoble, como tamén do mobiliario, respondendo dos danos que podan ocasionar os seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, efectuando de xeito inmediato e ao seu cargo, previa autorización da Deputación, as reparacións necesarias. Este apartado non será aplicado no caso de que os danos sobreveñan ao local polo só efecto do uso e sen culpa de FEGAPI ou polo acaecemento dun caso fortuíto.
FEGAPI será a encargada de optimizar os espazos e adecualos ao desenvolvemento do "Programa provincial de piragüismo" que é obxecto deste Convenio.
Queda prohibida calquera obra e reforma na Escola Provincial de Piragüismo, así como calquera elemento de modificación engadido, sen a autorización expresa da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes).
A Deputación de Lugo resérvarase o dereito a solicitar de FEGAPI toda a documentación que se considere precisa en relación co desenvolvemento do presente convenio, da realización das actividades previstas no programa de promoción, coa xustificación do obxecto do presente convenio e con calquer outro ámbito de execución do convenio.

FEGAPI deberá formalizar unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil e tamén os posibles danos ocasionados no inmoble derivados da execución do presente convenio.
A Deputación de Lugo non se fará responsable das perdas, subtraccións ou deterioracións ocasionados nos bens propiedade de FEGAPI que se atopen no interior da Escola Provincial de Piragüismo.

4. Horario de apertura e peche
O horario de apertura e peche das instalacións será o establecido pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Deputación de Lugo.
A Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Deputación de Lugo resérvase o dereito a modificar os días e horarios concedidos no seu momento, si con motivo dun acontecemento de interese para a provincia de Lugo ou por outras causas debidamente xustificadas fora necesario o uso da Escola Provincial de Piragüismo.

A Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Deputación de Lugo poderá ampliar os horarios de utilización da Escola Provincial de Piragüismo cando a dispoñibilidade da mesma o permitira.

5. Actividades non permitidas
No interior da Escola Provincial de Piragüismo e sempre dentro do respecto á autonomía de FEGAPI, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohibe a realización de calquera acto de carácter violento ou que atente contra a dignidade persoal ou discrimine a individuos ou grupos por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
Queda prohibida a utilización da Escola Provincial de Piragüismo para a realización de actividades económicas que non se contemplen nos Estatutos da Federación, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.

6. Contratación laboral de persoal para prestar servizo na Escola Provincial de Piragüismo
FEGAPI realizará estas funcións preferentemente con persoal da súa entidade, no caso de que contratase persoal para as actividades ou servizos anexos á actividade, a contratación e os gastos de seguridade social e análogos serán por conta de FEGAPI. Este persoal non terá relación xurídica ningunha coa Deputación de Lugo, polo que os seus problemas de índole laboral deberá tratalos con FEGAPI.

En ningún caso, se vinculará á Deputación nas relacións laborais que poda ter FEGAPI con terceiros, estando FEGAPI obrigado ao cumprimento das obrigas legais esixibles para a contratación de dito persoal.
Entre a Deputación de Lugo e o persoal ao servizo de FEGAPI non existe nin existirá ningunha relación de carácter laboral, directa ou indirecta.
Os procedementos de contratación de persoal seguidos por FEGAPI deben fundamentarse no respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade e non discriminación, asumindo plenamente o estipulado no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

7. Inventario de material non utilizable.
FEGAPI está obrigada a levantar un Acta na que se detallen os activos depreciados, esgotados ou amortizados existentes na Escola Provincial de Piragüismo, especificando o material susceptible de ser descartado ou no seu caso doado, sendo FEGAPI a que asuma o custo de calquera destas operacións coa supervisión previa da

Deputación. A devandita deberá ser asinada polo representante da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Deputación de Lugo, a fin de formalizar a autorización para a cesión destes materiais a terceiros.

8. Actividades desenvolvidas por FEGAPI

FEGAPI deberá presentar un programa de actividades de "Programa provincial de piragüismo" no que obrigatoriamente deberá estar prevista e deseñada a participación dos 7 Clubs de piragüismo existentes na provincia de Lugo, ou calquera outro que se puidese crear durante o período de vixencia do presente convenio:

| SEDES | CLUBS COLABORADORES |
|---|---|
| Lugo | Club Fluvial de Lugo |
| Lugo | Club Piragüismo Cidade de Lugo |
| Foz | Club Kayak de Foz |
| Viveiro | Club Piragüismo de Viveiro |
| San Ciprián | Club Deportivo San Ciprián |
| Ribadeo | Club Piragüismo Altruán |
| Monforte | Club de Montaña Quixós |

As actividades a desenvolver, detalladas no programa que presente FEGAPI deberán ser executadas polos 7 Clubs, sendo FEGAPI quen se encargue de aboarlles a cantidade que corresponda en concepto de actividades desenvoltas, para o que disporá da partida económica rotulada "Programa provincial de piragüismo" que se indica no orzamento inicial achegado por FEGAPI nesta Deputación.

9. Técnico da FEGAPI para o desenvolvemento e coordinación do "Programa provincial de piragüismo"
O técnico/a asignado pola FEGAPI para o desenvolvemento do "Programa provincial de piragüismo", deberá obrigatoriamente rotar entre os 7 Clubs da provincia, será obrigatorio presentar un informe semestral das actividades desenvoltas e referidas a execución do presente convenio ante a Deputación, debidamente asinado polo representante da FEGAPI e conformado polo representante do Club no que o técnico prestara os seus servizos.
A Deputación resérvase o dereito de ser mediadora para asignar o técnico entre os Clubs, baixo petición dos Clubs e no caso de existir conflitos ou controversias nesta función.
B. Os Dereitos e potestades da Deputación de Lugo con respecto á Escola Provincial de Piragüismo, son as que se detallan a continuación.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 180/243 |

A Escola Provincial de Piragüismo é en todo caso de titularidade da Deputación de Lugo.
A Deputación poderá ordenar discrecionalmente as modificacións que o interese público e a normativa vixente esixa.
A Deputación encargarase de fiscalizar a xestión de FEGAPI, para o que a Deputación, como titular da Escola Provincial de Piragüismo, poderá exercitar, en todo momento, as súas facultades de control, xestión e inspección das instalacións, obras, locais e servizos, conservando, en todo caso, os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha da actividade que se realice na Escola e velar polo cumprimento do acordado neste Convenio.
A Deputación poderá extinguir o Convenio por calquera das causas previstas no ordenamento, en casos de grave incumprimento e desatención dos requirimentos do Organismo Provincial.
A Deputación poderá utilizar a Escola Provincial de Piragüismo para a realización de actividades deportivas, culturais, educativas ou sociais, de carácter puntual no tempo, compatible co calendario de actividades de FEGAPI, cunha antelación mínima dun mes, ou ben sen ningún tipo de antelación cando queden afectadas por algún Plan de Emerxencia.
A cesión da Escola Provincial de Piragüismo para o seu uso, para actividades deportivas ou de outro orden, tanto por persoas físicas como xurídicas ou asociativas, non obriga á Deputación a ningún tipo de seguro cara aos usuarios, debendo estes mutualizarse ou contratar algún outro tipo de seguro, sendo a responsabilidade extracontractual que poda derivarse dos actos ou actividades organizados pola entidade ou club autorizado da súa conta.
A Deputación de Lugo comprométese a indicar á persoa designada por FEGAPI as instrucións básicas, fundamentais e imprescindibles para a utilización da Escola Provincial de Piragüismo.

**2º.-** Aprobar o gasto anticipado polo importe total de 96.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.22799 e que se financiará con cargo á anualidade 2024, e está previsto no proxecto de orzamento aprobado polo pleno do 28 de novembro de 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Noveno.-** *Proposta relativa á modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputacón Provincial de Lugo á Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común Farelo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 181/243 |

*derivados da execución da actuación "Mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla (Lugo)", na anualidade 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

*"En relación á modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputacón Provincial de Lugo á Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común Farelo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla (Lugo)", na anualidade 2023, EXP. 2023/PES_03/026458) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:*

*Antecedentes de Feito:*

*Primeiro.- Por resolución presidencial, de data 26 de maio de 2023, aprobouse -por avocación- a concesión dunha subvención excepcional, por importe de 21.000,00 €, a favor da Comunidad Vecinal del monte en Mano Común Farelo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla (Lugo)" na anualidade 2023,*

*Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común Farelo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla (Lugo)" na anualidade 2023, formalizouse o 26 de maio de 2023.*

*Terceiro.- O representante da Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común Farelo remitiu, o 11 de decembro de 2023 escrito no que literalmente se establece o seguinte:*

*" (...) Que ao amparo da cláusula sétima do convenio e debido á imposibilidade de poder realizar os investimentos por parte desta Comunidade no prazo establecido derivado da situación excepcional de chuvias continuadas que imposibilita a execución dos traballos programados:*

*Solicita que se teña por presentado este escrito acordando a concesión dunha prórroga para a execución dos traballos subvencionados "*

*Polo tanto pretendese a modificación da cláusula terceira (Achegas e compromisos das partes) e da cláusula cuarta (Xustificación) do amentado convenio canalizador da subvención.*

*Consideracións xurídico-administrativas:*

*Primeira.- No convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común Farelo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla (Lugo)" na anualidade 2023, formalizado o 26 de maio de 2023 establecese:*
*- Na cláusula Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.*
*"(...)*
*O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2024.*
*Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.*
*(...)*
*Gastos subvencionables.*
*Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2023.*
*Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.*
*(...)".*

**-** *Na cláusula Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación.*
*"A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa*

*finalización- será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*
*(...)".*

**-** *Na cláusula Décimo quinta.- Modificación do convenio*
*"O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.*
*A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".*

*Segunda.-En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común Farelo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla (Lugo)" na anualidade 2023, formalizado o 26 de maio de 2023 é a Xunta de Goberno.*

*Conclusións:*
*:*
*Tendo en conta que o convenio está vixente infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde modificar a cláusula sétima do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común Farelo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla (Lugo)" na anualidade 2023, formalizado o 26 de maio de 2023 nos termos da addenda que se incorpora ao expediente."*

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta que consta informe favorable de Intervención, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Modificar a cláusula sétima do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común Farelo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla (Lugo)" na anualidade 2023, formalizado o 26 de maio de 2023 nos termos da addenda cuxo contido é o seguinte:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 184/243 |

Addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Comunidad Vecial del Monte en Mano Común Farelo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla (Lugo)" na anualidade 2023 (aprobado por acordó da Xunta de Goberno de data.)

Interveñen:

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
E doutra parte, don José Angel Rico Álvarez con DNI XX812XXXX na súa condición de representante, actúa en nome e representación da entidade COMUNIDAD VECINAL DEL MONTE EN MANO COMÚN FARELO, en adiante beneficiario, con NIF V27111798 e con sede social en Lugar Castro de Amarante, s/n, 27579 - Antas de Ulla (Lugo), con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.
Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

*Ambas partes:*

*Manifestan:*

Primeiro.- Por resolución presidencial, de data 26 de maio de 2023, aprobouse -por avocación- a concesión dunha subvención excepcional, por importe de 21.000,00 €, a favor da Comunidad Vecinal del monte en Mano Común Farelo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla (Lugo)" na anualidade 2023,
Segundo.-O convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común Farelo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla (Lugo)" na anualidade 2023, formalizouse o 26 de maio de 2023.



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 185/243 |

Terceiro.- O representante da Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común Farelo remitiu, o 11 de decembro de 2023 escrito no que literalmente se establece o seguinte:

*" (...) Que ao amparo da cláusula sétima do convenio e debido á imposibilidade de poder realizar os investimentos por parte desta Comunidade no prazo establecido derivado da situación excepcional de chuvias continuadas que imposibilita a execución dos traballos programados:*
*SOLICITA que se teña por presentado este escrito acordando a concesión dunha prórroga para a execución dos traballos subvencionados "*

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, esta addenda ao convenio con arranxo ás seguintes:

*Cláusulas:*

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula sétima do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Comunidad Vecinal del Monte en Mano Común Farelo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla (Lugo)" na anualidade 2023, formalizado o 26 de maio de 2023 que quedaría redactada no seguinte senso:
- *"Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.*
*Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.*
*O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 30 de setembro de 2024.*
*Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.*
*De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.*


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 186/243 |

*Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.*

*Gastos subvencionables.*

*Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2023 e ata o 30 de xuño de 2024*

*Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.*

*Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.*

*O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.*

*Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.*

*Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.*

*A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (Os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):*



| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 187/243 |

- *ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.*
- *ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.*

*No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.*
- *ANEXO III. Declaración conxunta*

*Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.*

*Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.*

*Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.*

*Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.*
- *Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.*
- *Cando se trate da xustificación de subvencións en investimentos propios de obras, que polo seu importe non sexan considerados contratos menores de obras (importe igual ou superior a 40.000,00 € sen IVE), achegarase certificacións de obra e acta de recepción da mesma. Non obstante, cando os investimentos, polo seu importe, sexan considerados contratos menores de obras (importe inferior a 40.000,00 € sen IVE) , esta documentación poderá ser substituída, previa comunicación á Deputación polo*

*beneficiario, por un informe favorable emitido por un técnico competente desta entidade trala súa comprobación "in situ".*

- *Dúas fotografías do investimento realizado.*
- *Documentación que acredite que conta coa autorización para a execución da actuación por parte do Concello de Antas de Ulla, na súa condición de titular da propiedade das pistas nas que se pretende executar a actuación.*
- *Documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridos para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.*
- *ANEXO IV. Compromiso do beneficiario de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.*
- *Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.*

*A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.*

*Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión "Recibín en efectivo na data _________", asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).*

*Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.*

*Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).*

- *Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que*

*contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.*
*A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00€ -sen IVE- en servizos e subministros e 40.000,00€ -sen IVE- en obras)).*

- *Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.*

*O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.*
*O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.*
*O incumprimento da obriga de xustificar o a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS."*

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda, permanecerán invariables.
Ambas partes, acordan incorporar ao convenio subscrito con data 26 de maio de 2023, esta addenda, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como Secretario dou fe".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Décimo.-** *Aprobación, se procede, da addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Via Láctea Filmes S.L. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Preparación longametraxe A Volta" nas anualidades 2021, 2022 e 2023.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto a solicitude de ampliación dos prazos de execución e de xustificación da subvención excepcional instrumentada a través de Convenio regulador subscrito entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e Via Láctea Filmes S.L. para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto denominado “Preparación Longametraxe A Volta” nas anualidades 2021, 2022 e 2023.

Vista a subvención excepcional concedida a favor da entidade Via Láctea Filmes S.L., por importe 100.000,00 €, en virtude de acordo da Xunta de Goberno de 24 de setembro de 2021 e, formalizado en documento administrativo, de data 7 de outubro de 2021.

Visto que con data 28.03.2022 aprobouse a conta xustificativa correspondente á anualidade 2021 e con data 13.04.2023 a referida á anualidade 2022.

Visto o informe favorable do Servizo de Turismo á modificación da cláusula sétima contemplada no referido convenio, por considerar que o convenio está vixente e que se cumpren os requisitos legais.

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento favorable ao texto da addenda ao convenio que canaliza a devandita subvención e a conformidade do Servizo de Intervención.

A deputada que subscribe, propón que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a Addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Vía Láctea Filmes S.L. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Preparación longametraxe a Volta” nas anualidades 2021, 2022 e 2023, polo que se modifica a cláusula sétima do convenio, co seguinte teor:

*“Addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Via Láctea Filmes S.L. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Preparación longametraxe A Volta” nas anualidades 2021, 2022 e 2023.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, don José Ignacio Vilar Díaz con DNI ***9178**, na súa condición de representante legal, actúa en nome e representación da entidade Vía Láctea Filmes S.L, en adiante beneficiario, con NIF B15616121, e con sede social en Avenida de Carballal, 17 - Petín de Valdeorras (Ourense), con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

*Manifestan*.

Primeiro.- Con data 24 de setembro do 2021, aprobouse pola Xunta de Goberno o texto do Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Vía Láctea Filmes S.L. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Preparación longametraxe a Volta" nas anualidades 2021, 2022 e 2023. Con data 7 de outubro de 2021 formalizouse o referido convenio entre as partes.
Con data 28.03.2022 aprobouse a conta xustificativa correspondente á anualidade 2021 e con data 13.04.2023 a referida á anualidade 2022.

Segundo.- O beneficiario presentou un escrito con data 19 de decembro de 2023 no que manifesta que: "Debido ao retraso na derradeira fase do proxecto comprendido no citado convenio, mudou a previsión de rodaxe da longametraxe A Volta, estando esta prevista para o segundo trimestre de 2024, xa que en datas recentes produciuse un avance notable no proceso de completar o financiamento a partir da sinatura do contrato coa Televisión de Galicia".
En consecuencia, solicita fixar como prazo de execución a data máxima do 30 de xuño de 2024, e como prazo de xustificación a data máxima do 30 de setembro de 2024.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 192/243 |

Terceiro.- O citado convenio contempla por unha banda, a posibilidade da súa modificación mediante addenda, na cláusula décimo cuarta, co seguinte tenor: "Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva".

E, por outra banda, na cláusula sétima sinala que:

(...) "O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 31 de marzo de 2022, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2021; o día 31 de marzo de 2023, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2022; e o día 31 de marzo de 2024, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2023".

(...) "Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidata, respondan á natureza da actividade subvencionada, e serán os que resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do 1 de xaneiro e o 31 decembro de 2021 para a anualidade 2021, do 1 de xaneiro e o 31 decembro de 2022 para a anualidade 2022, e do 1 de xaneiro e o 31 decembro de 2023 para a anualidade 2023". (...)

De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- Na Cláusula Sétima, relativa á "Xustificación e aboamento da subvención", modifícanse os prazos de execución e de xustificación da anualidade 2023 do seguinte xeito:

(...) "O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 31 de marzo de 2022, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2021; o día 31 de marzo de 2023, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2022; e o día 30 de setembro de 2024, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2023".

(...) Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidata, respondan á natureza da actividade subvencionada, e serán os que resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do 1 de xaneiro e o 31 decembro de 2021 para a anualidade 2021, do 1 de xaneiro e o 31 decembro de 2022 para a anualidade 2022, e do 1 de xaneiro e o 30 xuño de 2024 para a anualidade 2023". (...)

Segunda.- As demais cláusulas do convenio de colaboración subscrito con data data 7 de outubro de 2021 en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.
E para que así conste, en proba de conformidade, asinan as partes en triplicado exemplar a presente addenda no lugar e data expresados e que consta de 2 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe."

**2º.-** As demais cláusulas do convenio subscrito con data 7 de outubro de 2021, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Décimo primeiro.-** *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a realización conxunta das obras de instalación de xogos xuvenís en parque de San Cosme de Barreiros.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 14 de abril de 2023, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado polas partes o día 18 do mesmo mes.

O 13 de decembro de 2023, ao abeiro do disposto na cláusula sétima do citado convenio, a representante do Concello de Barreiros presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo escrito no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, para ampliar o prazo de execución das actuacións que constitúen o seu obxecto ata o 31 de xaneiro de 2024
En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitiuse informe favorable ás citadas modificacións.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 194/243 |

mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

**1º.-** A modificación da cláusula terceira.B.6) do convenio de referencia, no que ao prazo de execución se refire, e a aprobación do texto da addenda do seguinte teor:

"*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta das obras de "Instalación de xogos xuvenís en parque de San Cosme de Barreiros", para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don Xosé Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

E doutra, dona Ana Belén Ermida Igrexas, con DNI nº: ***9977**, alcaldesa do concello de Barreiros, con NIF: P2700500H, e sede social na rúa Vila, 63, de Barreiros, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

*Expoñen.*

Primeiro.- O 18 de abril de 2023 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 195/243 |

realización conxunta das obras de “Instalación de xogos xuvenís en parque de San Cosme de Barreiros”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

Segundo.- A súa cláusula terceira (Obrigas, compromisos e facultades das partes) establece o seguinte:
Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:
(...).
B. Do Concello de Barreiros
(...).
6) Executar as obras relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 31 de decembro de 2023.
(...).

Terceiro.- O 13 de decembro de 2023, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº: 2023RT018840) escrito da representante legal do Concello de Barreiros, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, para ampliar o prazo de execución das actuacións que constitúen o seu obxecto ata o 31 de xaneiro de 2024.

Cuarto.- En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a dita modificación, que se levaría a cabo a través da correspondente addenda, por considerar xustificado o motivo da solicitude, e acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.
De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio de cooperación de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes

*Estipulacións.*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 196/243 |

Primeira.- A Cláusula terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes, queda redactada como segue:
Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:
A. Da Deputación Provincial de Lugo
1) Financiamento dos gastos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 72.539,57 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.
2) No caso de producirse baixas na licitación e/ou de que os custos de execución das obras resulten inferiores aos inicialmente previstos, a Deputación de Lugo terá a facultade de reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude do Concello de Barreiros, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
B. Do Concello de Barreiros
1) Elaborar, supervisar, aprobar e reformular o correspondente proxecto que defina con precisión as obras a executar.
2) Asumir a dirección de obra e a dirección da súa execución, así como a coordinación de seguridade e saúde das obras que o requiran legalmente.
3) Obter os permisos e autorizacións que resulten preceptivas, de ser o caso, para a realización das obras, incluíndo o seu aseguramento.
4) Licitar a execución das obras con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.
5) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, no caso de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das obras.
6) Executar as obras relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 31 de xaneiro de 2024.
7) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
8) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
9) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Segunda.- As partes acordan a incorporación desta addenda ao texto do convenio interadministrativo de referencia, rexéndose aquela polas condicións estipuladas neste e formando parte del integrante.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 3 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Décimo segundo.-** *Proposta de aprobación da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros co obxecto de colaborar na "Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros".*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se indica:

En relación ao asunto de referencia emítese o seguinte informe:

Primeiro.- O 10 de marzo de 2023 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes na "Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros", aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 03 de marzo de 2023.
No referido convenio establécense as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a actuación "Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros" cun custe total de 139.050,21 €.

Así mesmo, o convenio establece na súa cláusula Cuarta.- Xustificación da achega económica, a documentación que deberá achegar a entidade local para os efectos de trámite e aprobación da respectiva conta xustificativa.
O Concello de Barreiros en data 30/10/2023 14:55:43 formulou conta xustificativa do referido convenio interadministrativo de cooperación para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento das "Substitución de chapa de


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 198/243 |

cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros" en expediente número 2023/PES_03/022671 e número de rexistro (2023RT016248), indicando na memoria xustificativa que:
(...) As actuacións levadas a cabo foron as de substitución da chapa de cuberta do pavillón de San Cosme de Barreiros, o cal determinou a necesidade de abrir un oco na fachada para poder empregar a maquinaria necesaria para poder realizar as obras e tamén a sustitución de luminarias para adaptalas á nova cuberta.

Segundo.- Con posterioridade, o representante legal do Concello de Barreiros remitiu escrito con data 06/11/2023 10:38:25 (2023/PES_03/023080) e número de rexistro 2023RT016464 no que literalmente se recolle o seguinte:
"(...) No momento da sinatura da acta de replanteo advirtese que a maquinaria necesaria para poder cumprir coas medidas de seguridade non cabe polas portas e pasillos das instalacións e non existe ningún outro sistema para colocar a rede de seguridade que garanta a seguridade dos traballadores durante as obras en altura. Polo tanto, necesitase abrir un oco na fachada para poder acceder ás instalacións con esa maquinaria, servindo dito oco como entrada de luz dende a propia fachada do pavillón e eliminando o material traslúcido da cuberta, evitando así unión de materiais que sempre dan máis problemas. Tamen se deberá reforzar a iluminación existente que se vé afectada pola execución destas obras na cuberta. (...)
Á vista do indicado e da documentación formulada polo Concello de Barreiros, e tendo en conta as emendas realizadas en data 01/12/2023 e número de rexistro (2023RT018427), a administración local tería realizado co importe dos remanentes da diferencia entre o importe sinalado no convenio para o financiamento das obras (139.050,21 €) e o importe da adxudicación 93.700,00 €, as obras necesarias xurdidas durante a execución do proxecto non contempladas naquel e cuxo importe ascende a 21.584,18 €.
Para os efectos de trámite da presente addenda para autorización de remanentes prevista no convenio, ha de terse en conta que o custo das actuacións non previstas no proxecto inicial ascendería a 21.584,18 €.
E así mesmo, que de acordo á documentación formulada polo Concello de Barreiros na solicitude de addenda, o custo da substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros ascendería a 117.291,24 €.
De aí que o cadro de financiamento final reflectiría ambos os dous importes, e ascendería a 138.875,42€.
Ha de terse en conta que o Concello da Barreiros no expediente de conta xustificativa que formula inclúe tanto a xustificación das obras derivadas das "Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros", como daquelas referidas á


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 199/243 |

actuación “Apertura porta acceso exterior e colocación de iluminación”, estas últimas ás que destinou, como se indicaba, os remanentes producidos na adxudicación.
En consecuencia, o Concello de Barreiros, -e ao abeiro do convenio asinado-, solicita a aprobación da autorización respecto da aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución nas actuacións indicadas na solicitude e respecto da que se achega memoria valorada das actuacións pretendidas e que á vista da documentación formulada han de considerarse que terían a mesma finalidade que as previstas e recollidas no convenio aprobado.

Terceiro.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
Na cláusula terceira. Obrigas e compromisos das partes.
3.1. Deputación Provincial de Lugo.
(...)
“3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, previa solicitude do Concello de Barreiros, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e deberá achegarse memoria das actuacións pretendidas ou reducir o financiamento comprometido pola Deputación.
Na cláusula sexta. Modificación.
“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio estevixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Cuarto.- Á vista da memoria valorada de actuación achegada, considérase que a nova actuación “Apertura porta acceso exterior e colocación de iluminación” tería a mesma finalidade e que por tanto se cumpriría o previsto na cláusula 3.1.3 para a autorización procedente da aplicación dos remanentes producidos. En consecuencia, o obxecto do convenio deberá recoller a actuación agora solicitada.
Por todo o exposto, á vista da documentación e solicitude formulada polo Concello de Barreiros e do expediente de conta xustificativa e as circunstancias nel expostas, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a autorización prevista na cláusula 3.1.3 e a consecuente modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes nas “Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros”,


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 200/243 |

formalizado o 10 de marzo de 2023, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Secretaría Xeral

Á vista do informe de Intervención

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes nas “Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros”, formalizado o 10 de marzo de 2023, nos termos da addenda que literalmente se transcribe:

*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros co obxecto de colaborar na “Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros”.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e, no seu nome, don Efrén Castro Caloto, en virtude da resolución presidencial de data 14 de xullo de 2023.

E doutra, dona Ana Belén Ermida Igrexas, con DNI nº ***9977**, alcaldesa do Concello de Barreiros, con NIF: P2700500H, e sede social na Rúa Vila 63, Barreiros, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da LRBRL.

Actuando don José Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

*Expoñen*.

Primeiro.- O 10 de marzo de 2023 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes na "Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros", aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 03 de marzo de 2023.

Segundo.- O representante legal do Concello de Barreiros remitiu escrito, o 06/11/2023 (2023/PES_03/023080) e número de rexistro 2023RT016464, e tendo en conta as emendas realizadas en data 01/12/2023 e número de rexistro (2023RT018427) nas que literalmente se recolle o seguinte:
(...)
para a execución das obras, era preciso o acceso con maquinaria á pista deportiva, pero dita maquinaria non cabía por ningunha das entradas existentes, polo que foi precisa a apertura dun oco nunha das paredes.
E engade que:
(...)
Esta situación puxo de manifesto a necesidade de contar con este acceso de xeito permanente, para os casos nos que, como agora, tivese que accederse con algún tipo de maquinaria ao pavillón, como para que puidese chegar un vehículo de emerxencias ata a pista deportiva, de ser necesario.
Así, determinouse pola Dirección Técnica o aproveitamento o oco aperturado para a instalación dunha porta metálica de acceso e do resto do peche en vidro, de xeito que ademais de permitir a entrada segura de calquera vehículo mellorase a entrada de iluminación ao inmoble.
A maiores, unha vez executada a substitución da cuberta, na que se retiraron os paneis translúcidos para mellorar a súa uniformidade e estanquidade, advertiuse a necesidade de incrementar a iluminación da pista de xogo, para o cal considerouse necesaria a colocación de 8 luminarias industriais tipo campá.
Todas estas obras e instalacións descritas, cuxo importe ascendería a 21.584,18 euros, se ben son supletorias respecto do proxecto inicial obxecto do convenio, son necesarias para a súa total execución e para a consecución dunha obra rematada completa.

(...) Solicita, A autorización, mediante a sinatura dunha addenda ao convenio citado, para a aplicación dos remanentes resultantes da diferencia entre o importe sinalado no convenio para o financiamento das obras (139.050,21) e o importe de adxudicación, ás obras necesarias xurdidas durante a execución do proxecto non contempladas naquel e que se describen na memoria anexa cuxo importe ascende a 21.584,18 euros, tendo en conta que o custo final da obra de cuberta foi de 117.291,24 euros.

En base ao anteriormente exposto, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- A Cláusula primeira.- O obxecto do amentado convenio queda redactada do seguinte xeito:
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

| Investimento | CUSTE |
|---|---|
| Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros | 117.291,24 €(IVE incluído) |
| Apertura porta acceso exterior e colocación de iluminación | 21.584,18€(IVE incluído) |
| TOTAL | 138.875,42€(IVE incluído) |

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 138.875,42 € | 0,00 € |
| TOTAL: 138.875,42€ | |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- a Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1) Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (138.875,42 €).
2) Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3) En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, previa solicitude do Concello de Barreiros, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e deberá achegarse memoria das actuacións pretendidas ou reducir o financiamento comprometido pola Deputación.

Terceira.- a Cláusula cuarta.- Réxime económico.
Achegas:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 138.875,42 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da exe-cución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.
2.-Achega do Concello:
O Concello de Barreiros achegará para a execución do convenio o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
a) Titularidade do resultado da cooperación:
O Concello de Barreiros será titular do resultado da cooperación, coa obriga de dedicar a mesma ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.
b) Xustificación da achega económica.
O Concello de Barreiros, achegará, como data límite do 31 de marzo de 2024 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:
1) Memoria de actuacións das actividades realizadas.
2) Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:
1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade se atopa executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 204/243 |

3. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Acta de recepción das obras.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello de Barreiros, indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo
Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Barreiros non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Barreiros, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Fotografías dos carteis/ pegatinas ou medios dixitais usados na difusión da relación interadministrativa de cooperación.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Cuarta.- O resto das cláusulas do convenio asinado permanecen inalteradas en tanto non se ven afectadas por esta addenda.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 4 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento, do que como secretario dou fe."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Décimo terceiro.-** *Proposta de aprobación da corrección do erro material detectado no texto da proposta de aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento da "Mellora de abastecemento en San Pedro de Riocereixa; mellora da seguridade vial de accesos ao mercado de Pedrafita do Cebreiro; adquisición de parcela urbana sita na Avenida de Castela número 38 en Pedrafita do Cebreiro e infraestrutura para bombeo de auga en Liñares." ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se estable-ce o seguinte:

"Asunto: Informe Xurídico favorable.

En relación ao asunto de referencia (expediente 2023/PES_03/026752) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese o seguinte informe:

*Antecedentes de feito.*

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 26 de maio de 2023 acordou, por unanimidade dos asistentes prestar aprobación ao texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento da "mellora de abastecemento en San Pedro de Riocereixa; mellora da seguridade vial de accesos ao mercado de Pedrafita do Cebreiro; adquisición de parcela urbana sita na avenida de Castela número 38 en Pedrafita do Cebreiro e infraestrutura para bombeo de auga en Liñares." ano 2023, por importe total de 101.446,72 €, e ao gasto, en concepto de achega económica, por parte da deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contem-pladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no

financiamento da "mellora de abastecemento en San Pedro de Riocereixa; mellora da seguridade vial de accesos ao mercado de Pedrafita do Cebreiro; adquisición de parcela urbana sita na avenida de Castela número 38 en Pedrafita do Cebreiro e infraestrutura para bombeo de auga en Liñares." ano 2023 formalizouse o 26 de maio de 2023.

Terceiro: O centro xestor detectou un erro material na proposta que serviu de base para a aprobación do citado convenio e o gasto correspondente. Concretamente o erro afecta ao contido da cláusula terceira do borrador do texto do convenio.

*Consideracións xurídico- administrativas.*

Primeira: De acordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento ad-ministrativo común das Administracións públicas: "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Segunda: Tendo en conta que a competencia para decidir acerca da nulidade ou anulación se atribúe unica-mente ao órgano superior da Entidade, a competencia para rectificar un erro material corresponde ao mesmo órgano que ditou o acto (neste caso a Xunta de Goberno) argumentación neste senso da STS do 30 de setembro de 1986.

*Conclusións.*

Por todo o exposto, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a aprobación da corrección do erro material detectado na cláusula terceira do convenio convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento da "mellora de abastecemento en San Pedro de Riocereixa; mellora da seguridade vial de accesos ao mercado de Pedrafita do Cebreiro; adquisición de parcela urbana sita na avenida de Castela número 38 en Pedrafita do Cebreiro e infraestrutura para bombeo de auga en Liñares." ano 2023, no senso que:

Onde consta:

"3.2. O Concello de Pedrafita do Cebreiro:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Pedrafita do Cebreiro, comprométese ao seguinte:
(...)
6. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2023. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
(...)"

Debe Constar:

"3.2. O Concello de Pedrafita do Cebreiro:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Pedrafita do Cebreiro, comprométese ao seguinte:
(...)
6. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
(...)".

Polo anteriormente exposto propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobación da corrección do erro material detectado na cláusula terceira do convenio convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento da "mellora de abastecemento en San Pedro de Riocereixa; mellora da seguridade vial de accesos ao mercado de Pedrafita do Cebreiro; adquisición de parcela urbana sita na avenida de Castela número 38 en Pedrafita do Cebreiro e infraestrutura para bombeo de auga en Liñares." ano 2023, no senso que:

Onde consta:

"3.2. O Concello de Pedrafita do Cebreiro:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Pedrafita do Cebreiro, comprométese ao seguinte:


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 208/243 |

(...)
6. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2023. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
(...)"

Debe Constar:

"3.2. O Concello de Pedrafita do Cebreiro:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Pedrafita do Cebreiro, comprométese ao seguinte:
(...)
6. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
(...)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Décimo cuarto.-** *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional a outorgar pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Fundación Educativa Torre de Lemos, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Reforma de cubierta de edificación para colegio", na anualidade 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Fundación Educativa Torre de Lemos, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Reforma de cubierta de edificación para colegio" polo importe de 120.000€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Declaración do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2023.
4. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.
5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.
6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa no Anexo I sobre as liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2023 - 2025 (PES), aprobado por acordo da Xunta de Goberno o 20.01.2023, na liña 1.1.c): Xeración de Riqueza, da Área de Presidencia, xa que na mesma se recolle o obxectivo especifico de favorecer aquelas actividades que inflúen de forma positiva na procura do benestar comunitario, na fixación de poboación no territorio, tratando de evitar o abandono do rural.
O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2023, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.
No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación "Reforma de cubierta de edificación para colegio". Esta actuación consiste na reforma da cuberta na parte antiga do edificio onde a Fundación desenvolve a actividade educativa, a reforma basease na reposición do material da cuberta mediante pranchas de fibrocemento e tella cerámica curva, para iso realízase o desmonte do antigo material e realízase un nivelado dos faldóns


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 210/243 |

existentes, observando posibles danos na estrutura e realizando reposición de vigas ou pontóns danados de existir, así como colocación de caleiro e baixantes de zinc.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte Acordo:

.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención de carácter excepcional, por importe de 120.000€, a favor da entidade "Fundación Educativa Torre de Lemos" para sufragar gastos derivados da actuación "Reforma de cubierta de edificación para colegio", subvención incluída na liña 1.1.c que leva por título Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.
.- Aprobar o gasto de 120.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente Orzamento Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2023, a favor do "Fundación Educativa Torre de Lemos", para sufragar os gastos derivados da actuación "Reforma de cubierta de edificación para colegio".
.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se recolle a continuación:

Convenio canalizador da subvencíon directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Educativa Torre de Lemos, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Reforma de cubierta de edificación para colegio" na anualidade 2023 (aprobado por acordó da Xunta de Goberno de data..)

*En*
*Interveñen:*
*Dunha parte, José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*
*E doutra parte, María Esther Rodríguez Camino con DNI ***6244**, na súa condición de Presidenta, actúa en nome e representación da entidade Fundación Educativa Torre de Lemos, en adiante beneficiario, con NIF G27377126, e con sede social en rúa Santo Domingo, S/N, 27400 Monforte de Lemos, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.*
*Actúa José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*
*Ambas partes:*


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 211/243 |

*Manifestan*

*Primeiro: Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, aprobado pola Xunta de Goberno o 20 de xaneiro de 2023, así como no apartado c) de actuacións específicas previsibles para este exercicio económico 2023 do vixente ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2023, aprobado nesa mesma data, prevese na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, da Área funcional de Presidencia, a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).*

*Dentro desta mesma liña, prevese, entre outros, os obxectivo específico de favorecer aquelas actividades que inflúen de forma positiva na procura do benestar comunitario, na fixación de poboación no territorio, tratando de evitar o abandono do rural.*

*Segundo: Que por acordo da Xunta de Goberno, de data de de , aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 120.000€, a favor do beneficiario, Fundación Educativa Torre de Lemos, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Reforma de cubierta de edificación para colegio", na anualidade do 2023.*

*Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe 120.000€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.*

*Cuarto: O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións*

*Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.*

*Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:*

*Cláusulas:*

*Primeira.- Obxecto do convenio.*


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 212/243 |

*Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Fundación Educativa Torre de Lemos para financiar os gastos derivados da execución da actuación "Reforma de cubierta de edificación para colegio", na anualidade 2023. Esta actuación consiste na reforma da cuberta na parte antiga do edificio onde a Fundación desenvolve a actividade educativa, a reforma basease na reposición do material da cuberta mediante pranchas de fibrocemento e tella cerámica curva, para iso realízase o desmonte do antigo material e realízase un nivelado dos faldóns existentes, observando posibles danos na estrutura e realizando reposición de vigas ou pontóns danados de existir, así como colocación de caleiro e baixantes de zinc.*
*O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende á cantidade total de 166.488,40€, incluídos honorarios técnicos e licenzas.*

*Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.*
*O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 166.488,40€.*
*A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.*

*Terceira.- Achegas e compromisos das partes.*
*Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.*

*Da Deputación:*

- *Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 120.000€, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.*
- *O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.*
- *En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.*

- *A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.*

*Do Beneficiario:*

- *Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.*
- *Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.*
- *Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.*
- *Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.*
- *Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.*
- *Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.*
- *Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.*
- *Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.*

*Cuarta.- Subcontratación.*

*A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións.*

*O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.*

*En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.*

*No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:*


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 214/243 |

- *Que o contrato se celebre por escrito.*
- *Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.*

*Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.*

*Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.*

*O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.*

*O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:*

1. *Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.*
2. *Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.*
3. *Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.*
4. *Que estean vinculadas co beneficiario.*
5. *Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.*

*No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:*

a. *Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.*
b. *Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.*

*De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.*

*Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.*

*O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de*

*Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.*

*Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.*
*O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.*
*De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.*

*Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.*
*Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.*
*O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 15 de novembro de 2024.*
*Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.*
*De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.*
*Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.*

*Gastos subvencionables.*

*Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen durante o ano 2023 e ata o 30 de outubro de 2024.*

*Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.*

*Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.*

*O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.*

*Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.*

*Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.*

*A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (Os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):*

- *ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.*
- *ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.*

  *No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.*
- *ANEXO III. Declaración conxunta*

*Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.*
*Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.*
*Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.*
*Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*
*Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.*

- *Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.*
- *Cando se trate da xustificación de subvencións en investimentos propios de obras, que polo seu importe non sexan considerados contratos menores de obras (importe igual ou superior a 40.000,00 € sen IVE), achegarase certificacións de obra e acta de recepción da mesma. Non obstante, cando os investimentos, polo seu importe, sexan considerados contratos menores de obras (importe inferior a 40.000,00 € sen IVE) , esta documentación poderá ser substituída, previa comunicación á Deputación polo beneficiario, por un informe favorable emitido por un técnico competente desta entidade trala súa comprobación "in situ".*
- *Dúas fotografías do investimento realizado.*
- *No suposto de non tramitarse o anticipo contemplado neste convenio, a entidade beneficiaria deberá aportar documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridos para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.*
- *ANEXO IV. Compromiso do beneficiario de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 218/243 |

- *Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.*
  *A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.*
  *Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión "Recibín en efectivo na data ________", asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).*
  *Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.*
  *Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).*
- *Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.*
  *A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (candoo importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público para o contrato menor (15.000 € -sen IVE- en servizos e subministros, e 40.000,00 € -sen IVE- en obras)*

- *Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.*
- *No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.*

*Antes de aprobarse a conta xustificativa, a administración concedente efectuará a comprobación "in situ", debendo incorporarse acta favorable sobre o mesmo.*

*O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.*

*O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.*

*O incumprimento da obriga de xustificar o a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.*

*Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.*

*Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:*

a. *Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.*
b. *Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.*


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 220/243 |

c. *Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.*
d. *Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.*
e. *Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
f. *Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.*
g. *Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
h. *A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.*
i. *Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.*

*Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.*
*Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.*

*O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.*
*As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.*

*Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.*
*Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.*

*Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.*
*Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.*

*De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.*

*Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

*Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:*

| *EPÍGRAFE* | *CÓDIGO* | *DESCRICIÓN* |
|---|---|---|
| *SECTOR ECONÓMICO* | *85.6* | *Actividades auxiliares á educación* |
| *FINALIDADE* | *4* | *Outras prestacións económicas* |
| *IMPACTO DE XÉNERO* | *2* | *Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevea modificación algunha desta situación.* |
| *INSTRUMENTO DE AXUDA* | *SUBV* | *Subvención e entrega dineraria sen contraprestación* |

*Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: http://www.deputacionlugo.gal/subvencions.*

*Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.*
*A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.*

*Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.*
*O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.*
*Son causas de resolución do Convenio:*

a) *O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.*
b) *O acordo unánime dos asinantes.*
c) *O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.*
d) *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.*
e) *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.*

*Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das citadas actuacións, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 223/243 |

*Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.*
*Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

*Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación.*
*A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*
*Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.*
*O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.*

*Décimo quinta.- Modificación do convenios*
*O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.*
*A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.*

*Décimo sexta.- Carácter do convenio.*
*O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.*

*Décimo sétima.- Plan de auditoría.*
*A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 224/243 |

*que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:*

1. *Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.*
2. *Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.*
3. *Verificar a data de pago dos devanditos documentos.*

*Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.*

*Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.*

*As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdicional contencioso-administrativa.*

*Cláusulas adicionales*

*Primeira.- Anticipo.*

*A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 60.000€, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.*

*A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.*

*De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguales a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.*

*En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.*

*Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:*

1. *Solicitude do anticipo.*

2. *Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.*
3. *Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.*
4. *O beneficiario achegará a documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridas para realizar as actuacións proxectadas e que son obxecto desta subvención*

*O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.*

*O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.*

*Segunda.- Bens inventariables.*

*De conformidade co establecido no artigo 31 da LXS, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables non inscribibles nun rexistro público, seguiranse as seguintes regras:*

- *O beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.*
- *O incumprimento da obriga de destino referida anteriormente, que se producirá, en todo caso, co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da LXS, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral.*

*Non se considerará incumprida a obriga de destino referida no parágrafo anterior cando, os bens foran substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ao fin para o que se concedeu a subvención, e este uso se manteña ata completar o período establecido, sempre que a substitución fora autorizada pola Deputación de Lugo.*

*E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 12 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe".*

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Décimo quinto.-** *Proposta para a aprobación do convenio interadministgrativo de colaboración entre a Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a execución dos fins común consistentes en colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Adquisición de acción da sociedade unirisco Galicia S.C.R.S.A." para a anualidade 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Que o artigo 44.2 da Constitución establece que os poderes públicos promoverán a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral.
Que o artigo 44.2 da Constitución establece que os poderes públicos promoverán a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral.
Que a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos Campus de Santiago e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo cos seus Estatutos e o marco de lexislación vixente.
De acordo co artigo 146 dos seus Estatutos, a USC establecerá e manterá servizos básicos de apoio á docencia e á investigación e servizos de apoio e asistencia á comunidade universitaria, no marco dos artigo13 e seguintes da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universidades; en concreto respecto da investigación e transferencia de coñecementos a sociedade, como un dos seus obxectivos esenciais.
Que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) participa no accionariado da Sociedade Unirisco Galicia S.C.R S.A cuxa misión é contribuír a incrementar a transferencia de coñecementos da Universidade e centros de investigación ao mundo empresarial, achegando financiamento a proxectos emprendedores baseados en ciencia e tecnoloxía.
Que segundo o establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as

competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
A Deputación Provincial de Lugo, no seu papel de organismo prestador de servizos públicos de carácter supramunicipal, así como na súa condición de institución próxima á cidadanía promove o desenvolvemento de actividades que teñen por finalidade o fomento da formación da cidadanía, dos investigadores, do persoal formador e de todas aquelas persoas que podan contribuír a potenciar a riqueza que a cultura aporta á sociedade, tendo en conta a repercusión que ten na nosa economía ao afectar directamente aos factores de produción, tanto no que se refire aos recursos humanos, como á mellora e innovación dos medios de produción. Polo tanto, a Deputación está interesada en formalizar unha relación de cooperación e colaboración interinstitucional coa finalidade de contribuír á promoción e apoio da docencia, a investigación, a difusión da cultura, a promoción da economía do coñecemento con aproveitamento das sinerxías nos distintos sectores económicos e socias da provincia.
Entre os principios xerais que rexen as actuacións das administracións públicas, o art. 3.1, letra K, da Lei 40/2015, do 01 de outubro, cita a cooperación, colaboración e coordinación entre as administracións públicas, os artigos 141 e 142 ocúpanse do deber de colaboración entre as Administracións Públicas e as técnicas de colaboración.
A estes efectos a USC, conceptúase segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como institución pública vinculada a Comunidade Autónoma de Galicia.
A propia Lei 14/2011, do 1 de xuño de Ciencia, tecnoloxía e innovación alude no artigo 34 aos “convenios de colaboración” entre axentes públicos para realizar actividades de investigación científica e técnica para a realización conxunta de actividades, entre outras, proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.
A Sociedade Unirisco Galicia S.C.R S.A tramitou unha ampliación do seu capital, na que USC adquiriu 610 acción, coa finalidade de reforzar a súa política de investimento e impulsar empresas tractoras que promovan modelos de innovación aberta e busquen estar en contacto con novas tecnoloxías que consoliden os seus modelos de negocio.
Que actuación conta cun orzamento de 360.510€, achega da Excma. Deputación Provincial de Lugo de 100.000€, cofinanciamento da USC de 260.510€
As partes asinantes conveñen que a actuación recollida no convenio que se achega a esta proposta servira como instrumento de valorización e transferencia dos resultados da investigación e do coñecemento xerados na universidade para fomentar na provincia a creación e o desenvolvemento de novas empresas cunha importante base tecnolóxica.
Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 228/243 |

**1º.-** Aprobar o texto do Convenio interadministrativo para a anualidade 2023, entre a Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela por importe de 360.510,00€ , dos cales 100.000€ se financiaran con cargo a Deputación de Lugo e 260.510€ con cargo a USC.

"Convenio interadministrativo de colaboración entre a Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a execución dos fins comúns consistentes en colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Adquisición de accións da Sociedade Unirisco Galicia S.C.R. SA, para a anualidade 2023 (aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data..).

En Lugo, a
*Reunidos:*
Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en rúa San Marcos 8, 27001 Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.
E doutra parte, don Antonio López Díaz con DNI ***6557**, na súa condición de Reitor, actúa en nome e representación da entidade Universidade de Santiago de Compostela, en adiante beneficiario, con NIF Q1518001A e con sede social en Praza do Obradoiro S/N, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña) con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.
Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.
Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan:*
Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: *"as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".*
Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

"*Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.*
*Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".*
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"*Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:*
1.*a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."*

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "*1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As achegas financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".*

Cuarto.- Ademais, os artigos 141 e 142 ocúpanse do deber de colaboración entre as Administracións Públicas e as técnicas de colaboración. A estes efectos a USC, conceptúase segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como institución pública vinculada a Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: "*a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito*".

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: *"é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia",* subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Sexto.- Sinalar que o convenio se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico.

Sétimo.- No artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Oitavo.-A propia Lei 14/2011, do 1 de xuño de Ciencia, tecnoloxía e innovación alude no artigo 34 aos "convenios de colaboración" entre axentes públicos para realizar actividades: Divulgación científica e tecnolóxica de investigación científica e técnica para a realización conxunta de actividades, entre outras, proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

Noveno.- A estes efectos a USC, conceptúase segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, c) Las Universidades públicas, que rexistrase por a súa normativa específica e suplementariamente por as previsións de esta Lei.
Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos Campus de Santiago e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo cos seus Estatutos e o marco de lexislación vixente. Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, en concreto respecto da investigación e transferencia de coñecementos a sociedade, como un dos seus obxectivos esenciais.

Décimo.- A Universidade de Santiago de Compostela (USC) participa no accionariado Sociedade Unirisco Galicia S.C.R S.A, sendo esta, unha entidade de capital de risco privada, creada en 2001 como instrumento de valorización e transferencia dos resultados da investigación e do coñecemento xerados na universidade.
A Sociedade Unirisco Galicia S.C.R S.A, está tramitando unha ampliación do seu capital, coa finalidade de reforzar a súa política de investimento e impulsar empresas tractoras que promovan modelos de innovación aberta e busquen estar en contacto con novas tecnoloxías que consoliden os seus modelos de negocio.
En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio de colaboración, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas:
*Primeira.- Obxecto*
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación de Lugo, e a Universidade de Santiago de Compostela, en exercicio das súas competencias, para sufragar gastos derivados da actuación "Adquisición de 610 accións da Sociedade Unirisco Galicia S.C.R S.A .

Coa misión de contribuír a incrementar a transferencia de coñecementos da Universidade e centros de investigación ao mundo empresarial, achegando financiamento a proxectos emprendedores baseados en ciencia e tecnoloxía.
Para acadar este obxectivo compartido, estas comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| | |
|---|---|
| ACHEGA DEPUTACIÓN DE LUGO | 100.000€ |
| ACHEGA USC | 260.510€ |
| TOTAL: 360.510€ | |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.
Estas comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a colaboración requirida.

Segunda.- Ámbito territorial

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio de colaboración, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

- Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (100.000,00 €) para colaborar unicamente na adquisición de 610 accións da SOCIEDADE UNIRISCO GALICIA S.C.R S.A, sen posibilidade de imputar ningún outro gasto relacionado ca compra tales como de escritura, rexistro ou similares.
- Difundir a cooperación no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3.2. A Universidade de Santiago de Compostela

En cumprimento do presente convenio de colaboración, o Universidade de Santiago de Compostela: comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (260.510,00€), para completar a cantidade resultante da compra dos 610 títulos, asi como calquera outro custe que puidera resultar desta actividade para dar cumprimento o fin común perseguido e a súa correcta execución.
2. Asumirá os gastos financeiros, os de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización da actuación.
3. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e do Real Decreto Lexislativo 4/2015, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Mercados de Valores.
4. O prazo previsto de execución vai dende o 1 de xaneiro de 2022 ata 31 de decembro de 2023.
5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
6. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
7. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirida a USC, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 233/243 |

8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de colaboración, o seu obxecto e fin.
9. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.
1. ACHEGAS:
1.- Achega da Deputación de Lugo:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 100.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3261.789 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira..
2.-Achega da Universidade de Santiago de Compostela:
O Universidade de Santiago de Compostela, para a execución do convenio o financiamento 260.510€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. TITULARIDADE DO RESULTADO DA COLABORACIÓN:
O resultado da colaboración será da Universidade de Santiago de Compostela
3. XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.
O prazo inicialmente previsto para que dende Universidade de Santiago de Compostela se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de marzo de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables a USC a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

- Memoria de actuacións e das actividades realizadas.
- Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:
  - Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
  - Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario ou órgano que teña atribuídas as citadas funcións na USC do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

- Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario ou órgano que teña atribuídas as citadas funcións na USC de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

- Escritura de compra das accións.
- Declaración responsable emitida indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo
- Declaración responsable na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
- Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
- Declaración responsable na que se faga constar que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- Declaración responsable, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2022 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima .- Extinción e efectos

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Oitava.- Comisión de Seguimento

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

1. Velar polo cumprimento deste convenio.
2. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
3. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

4. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
5. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, a USC deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas entidades autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.
A Deputación e USC comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD
Décimo Primeira.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 237/243 |

xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: *"Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)".* Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

*"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:*
*(...) b) Mediante sistemas de cooperación entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".*

As partes comprométense a resolver de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de colaboración entre entidades Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio que consta de 7 páxinas numeradas do que como secretario dou fe.


| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 238/243 |

- Aprobar o gasto en concepto de achega económica por parte da Deputación, para o financiamento da actuación contemplada no convenio, que ascende a contía máxima de 100.000€ con cargo aplicación 3261.789".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO PLAN ÚNICO DE CULTURA 2023 DO CONCELLO DE SAMOS.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de decembro de 2022, acordou, por unanimidade, prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Así mesmo, o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de marzo de 2023, acordou, por unanimidade, aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia.

Logo de ver a petición do Concello de Samos, de data 4 de decembro de 2023, no que solicita autorización para a modificación no obxecto da achega do Plan Único 2023 relativa ao Programa de Actividades Culturais, substituíndo "Viaxes culturais, Actuación de maxia na Festa de Fin de Curso e Festa dos Maiores de Samos" por "Feira de productos artesanais de Samos, Viaxes culturais, Xogos tradicionais, obradoiros e inchables para a Festa Fin de Curso, Festa dos maiores de Samos, Detalles para a festa de Nadal dos usuarios das vivendas comunitarias, Xogos tradicionais polo 40 aniversario do CEIP de Samos".

Considerando o informe favorable do Servizo de Cultura sobre a modificación do Programa de Actividades Culturais do Concello de Samos, e tendo en conta que coa modificación e incorporación das actividades propostas non se altera a súa natureza de carácter sociocultural, nin se incrementa o importe da achega provincial de 8.400,00€ prevista no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 239/243 |

Contando coa conformidade do Servizo de Intervención.

A Deputada que subscribe propón que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación solicitada polo Concello de Samos, por considerar que a súa solicitude cumpre cos requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, procedendo deste xeito á modificación de "Viaxes culturais, Actuación de maxia na Festa de Fin de Curso e Festa dos Maiores de Samos" por "Feira de productos artesanais de Samos, Viaxes culturais, Xogos tradicionais, obradoiros e inchables para a Festa Fin de Curso, Festa dos maiores de Samos, Detalles para a festa de Nadal dos usuarios das vivendas comunitarias, Xogos tradicionais polo 40 aniversario do CEIP de Samos"

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BOLSAS DE ESTUDOS CURSO 2022/2023.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Por acordo da Xunta de Goberno de 3 de novembro de 2023, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de Bolsas de Estudos, correspondente ao curso 2022-2023, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 254 de data 6 de novembro de 2023, para os empregados públicos da Deputación Provincial, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base décima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 12 de decembro de 2023, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laboral fixo, laboral temporal, xubilado, e orfos, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas para bolsas de estudos correspondentes ao curso 2022-2023, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 240/243 |

| | |
|---|---|
| Propios Funcionarios | 2.807,46 € |
| Propios Funcionarios Interinos | 6.602,70 € |
| Total Propios Funcionarios | 9.410,16 € |
| Propios Laboral Fixo | 1.050,58 |
| Total Propios Persoal Laboral | 1.050,58 € |
| Beneficiarios Funcionarios | 59.333,00 € |
| Beneficiarios Funcionarios Interinos | 12.691,71 € |
| Total Beneficiarios Funcionarios | 72.024,71 € |
| Beneficiarios Persoal Laboral Fixo | 13.952,63 € |
| Beneficiarios Persoal Laboral Temporal | 1.785,57 € |
| Total Beneficiarios Persoal Laboral | 15.738,20 € |
| Total Beneficiarios Orfos | 2.291,64 € |
| Total Beneficiarios Xubilados | 4.822,14 € |
| TOTAL | 105.337,43 € |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS AXUDAS DOS GASTOS DE GARDERÍA DENDE O 1 DE SETEMBRO DE 2022 ATA O 31 DE AGOSTO DE 2023.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 3 de novembro de 2023, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de axudas de Garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de setembro do 2022 e o 31 de agosto do 2023, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 254 de data 6 de novembro de 2023, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Deputación provincial de Lugo.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 241/243 |

De acordo co establecido na Base sétima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 12 de decembro de 2023, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laborais temporais e xubilados, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas de Garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de setembro do 2022 e o 31 de agosto do 2023, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

| | |
|---|---|
| Funcionarios | 118,00 € |
| Total Funcionarios | 118,00 € |
| | |
| TOTAL | 118,00 €” |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA, ANO 2022.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 3 de novembro de 2023, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de axudas na adquisición ou rehabilitación da Vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período 2022, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 254 de data 6 de novembro de 2023, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base sétima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 12 de decembro de 2023, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laborais e xubilados, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 242/243 |

relación en concepto de axudas na adquisición ou rehabilitación da Vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao 2022, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

| | |
|---|---|
| Funcionarios | 6.147,46 € |
| Funcionarios Interinos | 3.979,80 € |
| Total Funcionarios | 10.127,26 € |
| | |
| Persoal Laboral Fixo | 3.057,14 € |
| Total Persoal Laboral | 3.057,14 € |
| | |
| Total Xubilados | 29,90 € |
| | |
| TOTAL | 13.214,30 €” |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.-COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Fecha y Hora | 28/12/2023 10:07:33 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSLS7H3XPV76LA4NM6VCBIE | Página | 243/243 |